Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 29/12/2023 12:53:14
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 140

Sesión plenaria
27 de setembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Interpelacións

5.1 57741 (11/INT-002694)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis
Sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

5.2 58829 (11/INT-002741)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Ojea Arias, Eduardo
Sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

5.3 59054 (11/INT-002747)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo
Sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 59967 (11/POPX-000117)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego para axudar as familias a lles faceren fronte ás súas necesidades
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

6.2 59970 (11/POPX-000118)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as solucións que prevé o Goberno galego contra a crise de prezos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 56349 (11/POP-008659)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis
Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar as poboacións de xabaril en zonas urbanas e periurbanas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 08.08.2023

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.2 59003 (11/POP-009297)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes da mina de San Fins, en Lousame
Publicación da iniciativa, BOPG nº 561, do 13.09.2023

7.3 56721 (11/POP-008783)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao cumprimento pola empresa concesionaria de autobuses da liña Vigo-Baiona dos horarios estipulados
Publicación da iniciativa, BOPG nº 543, do 11.08.2023

7.4 59968 (11/PUP-000362)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a información actualizada de que dispón a Xunta de Galicia respecto dos prazos para o funcionamento dos trens AVRIL en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

7.5 57702 (11/POP-009165)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis
Sobre o estudo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no que se constata que non rebaixar o IVE dos produtos do mar está a impactar negativamente no seu consumo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 553, do 31.08.2023

7.6 59954 (11/PUP-000361)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da congruencia da defensa da cultura galega co rexeitamento do uso no Congreso dos Deputados do idioma galego
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

7.7 58480 (11/POP-009259)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e dous deputados/as máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer a emancipación da mocidade galega
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.8 59254 (11/POP-009325)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezaoito deputados/as máis
Sobre as actuacións que prevé pór en marcha a Xunta e Galicia para garantir a actividade e o emprego na empresa Celsa Atlántic Laracha ante o proceso de reestruturación do grupo do que forma parte
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 561, do 13.09.2023

7.9 59941 (11/PUP-000360)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen
Sobre os resultados das medidas de seguimento e control que está a tomar a Xunta de Galicia para lle facer fronte ao problema da avespa velutina
Publicación da iniciativa, BOPG nº 565, do 20.09.2023

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Retómase a sesións ás dez e dous minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego para axudar as familias a lles faceren fronte ás súas necesidades. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 9.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 11.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 13.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as solucións que prevé o Goberno galego contra a crise de prezos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día. (Páx. 22.)

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da congruencia da defensa da cultura galega co rexeitamento do uso no Congreso dos Deputados do idioma galego. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 22.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 23.)
Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 24.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rodríguez González).* (Páx. 25.)

Interpelación de Dª Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 26.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 30.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 33.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. .35)

Interpelación de Dª Patricia Otero Rodríguez e de D. Eduardo Ojea Arias, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 36.)
Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 40.)
Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 42.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 44.)

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 46.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 49.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 52.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 54.)

Alteración da orde do día

A señora presidenta (Candia López) comunica que hai unha alteración na orde das preguntas e que se pasa a debater a 7.2. (Páx. 56.)

Pregunta de Dª Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes da mina de San Fins, en Lousame. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 56.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 57.)
Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 58.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 59.)

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao cumprimento pola empresa concesionaria. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 60.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 61.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 62.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 63.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a información actualizada de que dispón a Xunta de Galicia respecto dos prazos para o funcionamento dos trens AVRIL en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 64.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 65.)
Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 66.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 67.)

Pregunta de Dª Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estudo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no que se constata que non rebaixar o IVE dos produtos do mar está a impactar negativamente no seu consumo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 68.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 70.)
Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 71.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 71.)

Pregunta de Dª María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar as poboacións de xabaril en zonas urbanas e periurbanas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 72.)
Contestación da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 74.)
Réplica da autora: *Sra. Freire Vázquez (P).* (Páx. 75.)
Réplica da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 75.)

Pregunta de Dª Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer a emancipación da mocidade galega. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 77.)
Contestación da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 78.)
Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 79.)
Réplica da Xunta: *Sra. vicepresidenta segunda e conselleira Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto).* (Páx. 80.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia para garantir a actividade e o emprego na empresa Celsa Atlantic Laracha, ante o proceso de reestruturación do grupo do que forma parte. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 81.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 82.)
Réplica do autor: *Sr. Pérez López (BNG).* (Páx. 83.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía, Industria e Innovación (Lorenzana Somoza).* (Páx. 84.)

Pregunta de Dª María del Carmen Aira Díaz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados das medidas de seguimento e control que está a tomar a Xunta de Galicia para lle facer fronte ao problema da avespa velutina. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 85.)
Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 87.)
Réplica da autora: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 88.)
Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 89.)

Remata a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Retómase a sesións ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión, co punto 6º da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

E comezamos coa pregunta de don Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que pensa adoptar o Goberno galego para axudar as familias a lles faceren fronte ás súas necesidades

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señor Rueda, non é a primeira vez nin a segunda, nin a terceira, que este grupo parlamentario trae en forma de pregunta a situación das familias galegas, preocupante situación. Temos preguntado sobre políticas en materia de emprego, temos preguntado sobre políticas en materia de vivenda que beneficiarían as familias, e, evidentemente, a semana pasada tamén preguntamos polas políticas en materia de libros de texto, cos gastos asociados ao inicio do curso escolar.

Pero, como é costume no Partido Popular, como é costume no Goberno galego e como é costume en vostede, señor Rueda, as súas respostas foron exclusivamente titulares de propaganda electoralista. E, mentres tanto, as familias galegas continúan a afrontar situacións dificilmente sostibles, sen que a Xunta de Galicia, sen que o Partido Popular, sen que vostede, señor Rueda, tome medidas para axudalas.

Os últimos datos do Instituto Galego de Estatística —non do Partido Socialista de Galicia— indican que no segundo trimestre do ano 2023, deste ano, máis da metade dos fogares galegos tiveron dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes, ou que a terceira parte dos fogares galegos tiveron que diminuír os gastos básicos como roupa, gas, electricidade etcétera. E imaxine —engádalle a iso— este mes de setembro os custos asociados ao inicio do curso escolar, con entre 300 e 600 euros por escolar, para dotar os seus fillos e fillas do material necesario. E a realidade é que o Partido Popular non está preocupado polos fogares nin polas necesidades das galegas e dos galegos.

E digo isto porque non lles importa votar en contra de medidas como topar o prezo do gas, a limitación á subida dos alugueiros, a subida das pensións mínimas ou a subida do salario mínimo interprofesional. Votan en contra de todas estas medidas, que beneficiarían, evidentemente, as familias galegas, pero, alternativamente, non propoñen ningunha medida.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ou mellor dito, si que o fan: retirar medidas que tiñan posto que beneficiaban as familias galegas; (*Aplausos.*) retirar medidas como a Tarxeta Básica, que beneficiou, segundo datos do propio Goberno galego, 55.000 galegas e galegos de forma directa; ou seguimos tendo 700.000 galegas e galegos en risco de exclusión social, que están esperando polas súas respostas; ou seguimos tendo centos de familias que non atopan unha praza nunha residencia pública e gratuíta para as súas persoas maiores dependentes e que teñen que facer fronte ao custo total dunha praza, porque nin teñen concerto nin teñen gratuidade, nin teñen prazas suficientes, nin tan sequera teñen persoal suficiente para valorar a situación desas persoas.

En definitiva, suprimiron medidas que funcionaban, como suprimiron tamén o programa de gratuidade de libros de texto, substituíndoo por outro que é moito máis caro, moito máis ineficiente economicamente, socialmente inxusto e ideolóxico. E sábeno vostedes perfectamente.

O certo é que hai unha triste coincidencia —veremos a ver que fan este ano cos orzamentos, se é que se tramitan— con respecto ao custo da Tarxeta Básica e a redución de ingresos da Comunidade Autónoma polo imposto do patrimonio, arredor de 35 millóns de euros que deixaron vostedes de ingresar por unha decisión ideolóxica que ninguén lles pediu, pero que á vez deixaron de beneficiar milleiros de galegas e galegos.

E os seus anuncios agora, na última semana, son de campaña electoral do señor Rueda. Saca vostede da chisteira un bono para material deportivo que ninguén lle pediu, e que vai custar —utilizando os seus propios datos— arredor de 16 millóns de euros, cando o custo dun programa de gratuidade de libros de texto para todos os alumnos de primaria e secundaria da Comunidade Autónoma custaría ao redor de 18 millóns de euros. (*Aplausos.*) Esa é a súa forma de concibir a equidade, esa é a súa forma de xestionar a Comunidade Autónoma.

Por certo, señor Rueda, pode aproveitar esta intervención para dicirlles ás familias galegas cando van recibir ese bono para material deportivo, porque ao mellor cando o reciban, con respecto ao material que xa compraron, a talla de humanos, que tenden a medrar nesas idades...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...xa non lles vale o chándal que compraron; pode pasar, pode pasar.

Así que, señor Rueda, en definitiva, eu pregúntolle, con moi poucas expectativas de que me dea unha resposta adecuada: ¿cales son as medidas que pensa adoptar vostede para axudar as familias galegas?

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Pero, entón, señor Álvarez, ¿en que quedamos? ¿O Bono deportivo non o pediu ninguén, ninguén o quere ou todo o mundo vai ir collelo inmediatamente e, polo tanto, hai que dicirlles que esperen a que estea en vigor? ¿En que quedamos, señor Álvarez? Ese é o desnorte que teñen vostedes.

Igual que, mire, catorce anos dicindo que a ver se somos capaces de aprobar os orzamentos, e dicía que a ver se somos capaces de tramitalos. Pois mire, xa verá, un ano máis, que catorce anos non só tramitándoos, senón tamén aprobándoos e, sobre todo, executándoos, que é o que a xente quere (*Aplausos.*) nun goberno responsable.

Pregunta vostede pola situación das familias. Efectivamente, noraboa, creo que é un problema importante, que a nós nos ocupa moito. Onte, vendo o debate de investidura, ao único que o preocupaba era ao candidato á investidura. Falou de moitas medidas. Por suposto, a vostedes, despois, co replicante que puxeron alí, todo isto lles daba exactamente igual. E, á parte, se todo vai moi ben, segundo o señor Sánchez, se os problemas son outros, son os pinganillos, o independentismo, a amnistía, o que lles imos dar a outros a cambio de quitarlles aos galegos. Non, non, pero as familias teñen problemas, señor Álvarez, por suposto, e ocúpanos e preocúpanos. Benvido á realidade, benvido á realidade vostede como portavoz. O seu partido eu creo que está bastante fóra da realidade.

Pero nós levamos moito tempo ocupándonos dos problemas das familias. Por certo, esa organización na que cando falamos das familias vemos moita risiñas nas bancadas de esquerda. As familias vertebran Galicia, as familias constrúen Galicia. Polo tanto, señor Álvarez, benvido á realidade de Galicia, que son os problemas das familias. (*Aplausos.*)

Agradézolle moito a oportunidade de poder falar, que é polo que vostede me pregunta, de todo o que estamos facendo. Vai haber un debate do estado da Autonomía e falaremos de todo o que queremos seguir facendo polas familias, que é tanto como dicir o que queremos seguir facendo por Galicia.

Di vostede que o único que facemos son declaracións electoralistas. Ben, mire, benvidas esas declaracións, despois plásmanse ano tras ano, e xa van catorce ocasións a través dos orzamentos —como lle dicía—, en apoios e axudas ás persoas que o demandan e que o necesitan, para construír Galicia.

Mire, son medidas en vigor. Vostedes queren descoñecelas, porque non lles convén recoñecer que son realidades; algunhas directamente pois cren que non son interesantes; afortunadamente, para a xente si. E a proba é que cada vez que a Xunta de Galicia anuncia unha medida empézase a falar dela, porque son medidas cribles. Poderán ser discutibles, axustables. Eu non pretendo que vostede teña a mesma opinión que nós, entre outras cousas porque nós temos que gobernar e vostedes teñen polo menos que intentar facer oposición; e, polo tanto,

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ao mellor non están de acordo, pero nós temos que deseñalas e executalas, e é o que estamos facendo.

Mire, 200 millóns de euros cada ano aforrados ás familias cada vez que empeza un curso escolar, as axudas máis altas de todas as comunidades autónomas cada vez que empeza un curso escolar, 100 euros máis de media que o resto das comunidades autónomas. (*Aplausos.*) Educación infantil absolutamente gratuíta; 55 millóns de euros de axudas ás familias; calendario de vacinación infantil; tamén son aforros, millóns de euros, para moitas familias, o máis avanzado xa non de España, xa non de Europa, do mundo, dicíao o periódico *The Guardian* hai poucos días; vostedes, por suposto, nunca se van facer eco diso, ao mellor tamén é propaganda para vostede.

Primeira comunidade en equiparar as familias de dous fillos ás familias numerosas, 250 euros de aforro, como mínimo, para cada familia que teña dous fillos, e moitos máis se teñen máis fillos. Catro veces rebaixado o imposto sobre a renda, 500 euros mínimo de aforro cada familia respecto do que tiñan con vostedes fiscalmente, cando estaba o Bipartito.

¿Quere máis políticas de realidades? Conxelación de peaxes; supoño que pensará que as familias tamén van polas autoestradas cuxas peaxes están conxeladas pola Xunta de Galicia. ¿Que pasa coa AP-9? ¿Que pasa coa autovía Santiago-Dozón, a máis cara de España?

Mire, axudas á inclusión, 25 por cento máis de orzamentos para axudar as familias que realmente o necesitan. Vostede fala dunha medida concreta, e eu falo do conxunto, 25 por cento máis para axudar as familias que máis o necesitan cando máis falta fai. Axudas a autónomos, 100 millóns de euros no último ano.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Supoño que vostede estará de acordo, ao mellor di que non, que é propaganda, pero os autónomos tamén teñen familia.

Vivenda, hai moitas medidas; se me dá tempo, que espero que si, direillo na réplica.

Pero, en definitiva, señor Álvarez volveremos aprobar os orzamentos, a pesar de que non nos dan os datos, a pesar de que nos furtan cuestións fundamentais. Cada vez está máis claro por que: porque nos están quitando de aquí para dárllelos aos que van pagar a súa investidura.

Máis nada e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, supoño que é unha mala interpretación miña: ¿non se referiría vostede como replicante a ningún deputado que interveu onte no debate? Supoño que é unha falta de respecto nunha persoa tan institucional coma vostede falar dun replicante. En todo caso, se de replicantes falamos, podo asegurarlle que, con respecto ao debate celebrado onte, *he visto cosas que no creeríais,* e non son precisamente os raios C. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Mire, señor Rueda, de substituto a substituto, despois de escoitalo, (*Risos.*) xa vexo que lle está afectando seriamente ser un fiel seguidor dun rei non entronizado, como foi constatar vostede no día de onte a Madrid. Pasa vostede máis tempo en Madrid que en Galicia, pasa vostede máis tempo pendente das necesidades de Madrid que das necesidades de Galicia. E iso, señor Rueda, estalles a pasar factura ás familias galegas.

E un fiel reflexo de todo isto é o que fixo o señor Feijóo cando na campaña das municipais era «Galicia, Galicia, Galicia» e, por cuarta vez, «Galicia», e cando houbo que votar no Congreso dos Deputados o uso da lingua galega, Galicia desapareceu. (*Aplausos.*) Vostede, señor Rueda, primeiro riuse do tema dos pinganillos e despois dixo que se acababa de recoñecer un dereito. ¿A que señor Rueda cremos: ao dos pinganillos e as risas ou ao do dereito a usar a lingua galega no Congreso dos Deputados, a consecución, en definitiva, dun dereito máis para as galegas e os galegos?

Pero o colmo da desfachatez foi que onte o candidato *in pectore* non tivo nin unha soa palabra para dicir cal era o seu proxecto para as necesidades que ten Galicia. Describiu todas as comunidades autónomas e o seu plan para todas elas menos para Galicia, porque dixo que xa as coñecía (*Aplausos.*) e, como xa as coñece el, ao resto do Estado impórtalle nada cal é o plan para Galicia.

¿Sabe que pasa, señor Rueda? Que están vostedes en pánico. E está vostede en pánico porque saben..., *(Murmurios.)* si, si, moitas risas, pero manexan vostedes datos que lles din que as cousas pintan mal, pintan mal. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, a risa é un mecanismo de defensa fartamente estudado como estratexia; cando non teño nada que dicir, ríome, como se superara o debate desta maneira.

Pero ben, (*Murmurios.*) en todo caso, o seu pánico a perder o Goberno da Comunidade Autónoma está levando a unha situación de colapso na súa acción de goberno. Así que, unha de dúas, señor Rueda: mentres estea de presidente, tome o control da Xunta de Galicia, impulse medidas decididas para que saiamos da situación na que estamos, porque, pese a esta constelación de medidas que non lle deu tempo a acabar, a ver se agora somos capaces de escribir a outra parte...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—si, señor presidente, remato— da constelación. O Instituto Galego de Estatística di outra cousa. Por tanto, as medidas non están a dar os resultados suficientes.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E dicía —e remato—: mentres sexa presidente da Xunta de Galicia, tome o control e, se non, permita que o pobo galego manifeste se quere seguir cun presidente pendente de Madrid ou quere un presidente pendente de Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señor Álvarez, se a risa é un mecanismo, unha cara que un pon cando non se sabe que cara poñer escoitando certas cousas, vostede, con todo o respecto —é que está de espaldas—, debería ver as caras que poñen algún dos seus cando vostede di unha serie de cousas, sinceramente. *(Aplausos.)*

Mire, vostede vén do mundo da educación, e non llo vou discutir, pero replicante dise daquel que fai as réplica; digo eu. E onte as réplicas, nunha evidentísima falta de respecto no debate máis importante que pode ter calquera cámara, deullas un señor que non era nin portavoz polo seu partido. Polo tanto, absoluta falta de respecto, *(Aplausos.)* non ao señor Feijóo, aos españois e aos galegos.

En todo caso, mire, ¡que pouco lle duran os disimulos, señor Álvarez! Nunha pregunta sobre as familias na segunda parte, na réplica, non mencionou xa as familias en ningún momento; *(Murmurios.)* falou de pinganillos. Pero mire, ás familias galegas impórtanlles moito máis as preocupacións do día a día que os pinganillos, sinceramente. Onte falouse de moitas das preocupacións que teñen as familias galegas. ¿Como que o señor Feijóo non falou de compromisos concretos para Galicia? Foi mencionando un de cada comunidade autónoma e ao chegar a Galicia son tantos que *(Risos.)* todo o mundo coñece e dixo textualmente: «Están igual de incumpridos desde hai cinco anos que xa os dou por ditos.». *(Murmurios.)* E fixo ben, porque eu repito aquí sempre, sempre, e quérolle dicir que, fronte á súa desidia, fronte ao seu pasotismo, fronte á súa convicción de que hai que defender a Pedro Sánchez contra Galicia, eses compromisos coñécenos os galegos perfectamente e serán executados tarde ou cedo. *(Aplausos.)* Xa verá como si.

¿Quere vostede medidas directas? Hai moitísimas. Eu vou falar de familias na miña primeira intervención e na segunda, perdoe, porque é a miña responsabilidade; vostede non ten por que facelo e polo tanto fixo o de sempre, na súa segunda réplica: intentar defender o indefendible, e o indefendible é que hai, como dicía, moitos compromisos que están sen cumprir, e nós temos que seguir cumprindo, e non falando nin de amnistías nin de autodeterminacións nin de que uns leven moito para que outros leven pouco.

Mire, dixen moitas veces que as miñas reivindicacións van seguir, en nome de Galicia, sendo sempre as mesmas, goberne quen gobernen, porque están sen cumprir. Había unha oportunidade moi boa; aínda a hai; supoño que ao final non vai poder ser desta volta, pero eu terei que seguir reclamando moitísimas cousas.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Onte falouse de fondos europeos e pediu a cogobernanza para que as comunidades autónomas poidamos executar todos eses fondos que vostedes teñen embalsados, inutilizados, e que aquí están agardando para crear miles de postos de traballo. Nin pinganillos, nin amnistías, nin independencia, fondos europeos para crear traballo en Galicia. *(Aplausos.)* Iso é o que nos importa e iso é o que lles importa ás familias.

Onte falouse de infraestruturas, ese colapso que teñen vostedes nos trens que collen moitas familias galegas. Dálles igual, iso non foi unha preocupación. Para nós é unha preocupación. Estamos facendo todo o que podemos, todo o que está nas nosas mans, todo o que son as nosas competencias. O que lles corresponde a vostedes non é ningunha preocupación.

Falouse de dependencia, esa débeda que segue medrando, que o Estado non paga con Galicia. Agora, novas obrigas económicas sen ningún recurso. Todo iso preocupa ás familias, señor Álvarez; a vostede, non, e ao seu Goberno, tampouco.

Falouse de medicina primaria, do que ten que facer —e dicímolo moitísimas veces— o Ministerio de Sanidade para que poidamos contratar médicos en Galicia, que non o fai. Iso preocupa ás familias.

Falouse de ingreso mínimo vital, desa paralización cada vez máis evidente, desa negativa a que poidamos xestionar algunhas comunidades autónomas, que somos moi eficaces xestionando esas prestacións e que vostedes non nos pasan, a custa das familias.

Falouse da capacidade normativa das comunidades autónomas. ¡Como que non! Agora acabamos de ver como, para todas esas familias que estaban esperando legalizar mediante unha norma absolutamente axeitada ao ordenamento xurídico que se fixo en Galicia esas construcións no litoral, agora vostedes miran para outro lado absolutamente en cousas tan graves como o que queren facer coa amnistía, con Galicia, outra vez covardemente se poñen estupendos e nos queren levar ao Constitucional...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...por unha lei que é absolutamente normal. Iso tamén afecta as familias, señor Álvarez.

Falouse de moitísimas cousas. Nós imos seguir traballando.

Claro que hai que estar pendentes de Madrid agora mesmo, señor Álvarez. A vostedes non lles interesa, e estou seguro de que os avergoña o que escoitaron onte do seu portavoz substituto; ese si que era un portavoz substituto. Supoño que estarán avergoñados. E ¿sabe por que? Non só polos disparates que dixo, non só polas burradas, non só polas faltas de respecto, senón, sobre todo, porque todo o que dixo non ten conexión co que importa en Galicia.

A nós impórtannos as familias e faremos un orzamento e seguiremos mirando por elas, a pesar de vostedes e a pesar da súa covardía defendendo o indefendible.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as solucións que prevé o Goberno galego contra a crise de prezos

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señor Rueda, un goberno debe estar para axudar e para protexer as persoas cando teñen dificultades, e se hai un momento que require un goberno así é desde logo a actual situación que estamos vivindo.

O último mes, unha vez máis, os prezos subiron en Galiza por riba da media estatal, a pesar de que aquí temos salarios e pensións máis baixas. E ante esta situación ¿que fai o señor Rueda? Arrastra os pés ante a crise e —iso si— pasea por Madrid. Vímolo o domingo de figurante no mitin do Partido Popular e onte outra vez en Madrid aplaudindo o señor Feijóo no Congreso.

Por certo, señor Rueda, vostede tamén aplaudiu cando o señor Feijóo se comprometeu con todas as comunidades do Estado mentres desprezaba Galiza. Polo que lle acabo de escoitar, xa vexo que non só aplaudiu ese desprezo, senón que vén a Galiza xustificalo. *(Aplausos.)* Ese é o respecto que ten o Partido Popular polos galegos e polas galegas e esa, señor Rueda, tamén é unha medida de cal é o seu peso político.

É vostede un presidente accidental, polo que vemos irrelevante desde o punto de vista político, e ata para os seus, para o señor Feijóo, e ademais é un presidente submiso a Madrid. Chegou ao extremo de votar en contra do galego porque lle manda o Partido Popular de Madrid. *(Aplausos.)* Isto é unha vergoña, señor Rueda, que o vai perseguir sempre.

Pero é que, ademais, son un goberno insensible ante a situación de angustia que están vivindo miles de familias neste país por causa desta crise de prezos. Vostedes non poñen ningunha medida de calado fronte á inflación, pero —iso si— vota en contra de todas e cada unha das propostas que trouxo o BNG.

Vota en contra dunha axuda extraordinaria no inicio de curso escolar máis caro da historia. Vota en contra de axudar as familias coas hipotecas. E —iso si— vostede moita axuda ás familias, pero ¿saben cal é a súa responsabilidade? Retirar a Tarxeta Básica para comprar alimentos e medicinas. *(Aplausos.)*

Son un goberno insensible, que lle quita a quen menos ten para darlle a quen máis ten, aos ricos. Porque mire, ao mesmo tempo que retiraba a Tarxeta Básica, o que fixo o seu Goberno foi aprobar uns orzamentos cun agasallo fiscal de 34 millóns de euros para os que non teñen problemas para chegar a fin de mes, porque son as persoas con máis patrimonio de Galiza. Así é como goberna o Partido Popular. É unha medida moi clara, señor Rueda.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, no BNG estamos do lado da xente. Por iso xa lle anuncio que imos traer unha batería de medidas para poñernos do lado das persoas que máis o necesitan, e quero avanzarlle tres propostas moi concretas: a primeira, recuperar a Tarxeta Básica para comprar alimentos e medicinas; a segunda, compatibilizar o ingreso mínimo vital coa Risga, unha posibilidade que o Partido Popular veta a pesar de que o prometeu hai tres anos en campaña electoral; *(Aplausos.)* e, en terceiro lugar —xa remato, presidente—, un fondo de rescate hipotecario que debe de pagar maioritariamente a banca, porque é o mínimo que hai que exixirlle, é o mínimo que lle deben á sociedade despois dun rescate multimillonario que non devolveron.

Isto, señor Rueda, son propostas realizables, que o único que necesitan é vontade política de axudar as familias. Por iso lle pregunto se realmente está disposto a tomar algunha medida de calado ou vai seguir arrastrando os pés ante esta crise.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Pontón.

Aquí estou, aquí estou, dígoo porque estaba onte vostede moi nerviosa, botoume moito de menos, ata puxo un tuit dicindo onde estaba; iso si, púxoo dende fóra do escano, *(Risos.)* porque no escano onte creo que vostede non estivo moito. *(Aplausos.)* E iso, tendo en conta que leva vostede vinte anos coa única obriga de ser deputada da oposición, si que é especialmente grave, señora Pontón.

É vostede bastante pouco crible, sinceramente. Fala de medidas. Vostede votou en contra do orzamento que incluía a Tarxeta Social Básica cando estaba en vigor; polo tanto, ¿que nos vén contar agora? Votou en contra da súa inclusión, agora vén reclamando unha serie de medidas. ¿Sabe que lle digo? Podemos falar de moitas cousas, pero para iso fai falta que vostede non vote a favor de algo do que vai votar seguro, que é que lle dean 450.000 millóns de euros a Cataluña para que llos quiten a Galicia. *(Aplausos.)* Aí si que imos ter un problema moi grande. Sexa coherente niso, para empezar a ser crible, señora Pontón.

E, se non, todo o demais son propostas de quen sabe que está na oposición, e quen vai estar na oposición, como siga con este tipo de propostas. Nós, dende logo, faremos todo o posible para seguir gobernando con coherencia e facer propostas que se aplican de verdade.

É unha mágoa non poder escoitar o seu único deputado decisivo, do 25 a 1, que creo que está falando agora mesmo. Sinceramente, non sei que vai dicir, porque, diga o que diga, xa dixo que, con tal de que non estea Alberto Núñez Feijóo presidindo o Goberno de España, el xa ofreceu o seu apoio sen que ninguén llo pedira, señora Pontón. Agora vostede intenta rec-

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tificar e colar e dicir que non foi así e dicir que van ser decisivos, pero isto é o que hai, señora Pontón, esta é a dura realidade.

Quere falar de inflación. Por suposto. Nós levamos moito tempo non falando, actuando con medidas concretas, como goberno responsable que somos. É un problema, si, si, por suposto, para todo o mundo, un problema complexo. Ademais, ¿vostede quere falar de inflación, para botarlle a culpa da inflación ao Partido Popular, este goberno?; estou seguro; dáme igual; pero polo menos fala de inflación e non fala doutras cousas que neste momento sinceramente estou seguro de que a inmensa maioría dos galegos consideran menos importantes.

É un problema moi complexo, como lle dicía, e deriva de moitísimas cousas, empezando por esa guerra de Ucraína, que vostedes seguen sen condenar *(Murmurios.)* e que ten moito que ver en todo iso e que require solucións. E, mentres vostedes fan consignas, proclamas e demagoxia e manexan as cifras como sempre as manexa vostede, sen ningún rigor e con moita parcialidade, nós temos que intentar tomar medidas, e algunhas —perdoe que me repita, pero son as que hai e vostedes xa sei que non queren que as digamos, non queren que se saiban— son medidas directas que as familias agradecen.

¡Oia!, vólvolle dicir: primeira, a única comunidade no día de hoxe que lles aforra ás familias galegas 55 millóns de euros, que serven para loitar contra a inflación; virá moi ben en educación infantil. Transporte gratuíto para os menores de 21 anos, case 9,6 millóns de euros aforrados ás familias que terían que pagar ese transporte se non, e, polo tanto, loitarán moi ben contra a inflación.

Taxas universitarias conxeladas xa dende hai moitos anos, as máis baixas de España. Supoño que estará de acordo en que é unha boa medida para loitar contra a inflación.

O calendario de vacinación máis completo do mundo, como lles dicía antes. Vostedes diso non queren presumir; é máis, non queren que se saiba. *(Aplausos.)*

1.300 euros de aforro por familia para loitar contra a inflación.

Modelo fiscal que combina a blindaxe dos servizos públicos con cargar fiscalmente a quen menos pode pagar. As rendas máis baixas protexelas especialmente, iso é o que facemos, señora Pontón.

E mire, ¿quere unha medida concreta das moitas que lle podo dicir, das moitas que vai haber? Falaremos no debate do estado da Autonomía seguro de todo iso, polo menos eu virei con esa intención, vostede saberá dos temas que quere falar. Pero mire, imos aplicar un ano máis —e é unha boa medida para loitar contra a inflación— o Bono Comercio; 2,5 millóns de euros para que cada galego que o queira descargar poida aforrar directamente dende xa 30 euros en cada compra. Estará de acordo vostede en que iso é unha boa medida para loitar contra a inflación. *(Aplausos.)*

Pouco que ver co medio billón de euros que vostedes lle queren perdoar a Cataluña, pero estou seguro de que os galegos...

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...agradecen que o seu Goberno estea neste tipo de cousas e non nos grandes deseños dos estados doutros nos que vostedes están.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, señor Rueda, eu onte estaba neste parlamento cumprindo coas miñas obrigas como deputada. *(Murmurios.)* ¿Sabe que estaba facendo vostede, señor Rueda? Aplaudindo o desprezo de Feijóo en Madrid, *(Aplausos.)* que, unha vez máis, diante de vostede, lle volveu demostrar a súa falta de peso político.

Pero mire, ¿sabe cal é o máis relevante? É que eu hoxe aquí, en nome do BNG, veño falarlle sobre a crise de prezos e vostede do que me fala é de Cataluña. Eu fálolle de como a axudar as familias que teñen un problema coas hipotecas e vostede vén e fálame de Feijóo, ¡de Feijóo! Vostede, en vez de dicirnos que vai facer para axudar as familias neste inicio de curso escolar, o que nos vén dicir é, unha vez máis, que está obsesionado con Madrid. Porque, si, vostede está traballando para o Partido Popular de Madrid e non para defender os intereses dos galegos e das galegas. *(Aplausos.)*

E, de verdade, señor Rueda, é que o que nos faltaba por oír é que vostedes son os adaís de reforzar os servizos públicos, aos que levan recortado máis de 2.000 millóns de euros na atención primaria, ou os que levan recortado 1.000 profesores e profesoras e cerrado un 10 por cento das escolas públicas. Pero, señores e señoras do Partido Popular, ¿a quen pretenden enganar?, ¿a quen pretenden enganar? *(Aplausos.)*

Porque mire, no fondo, señor Rueda, vostede vén aquí intentar esconder o que é unha obviedade; e é que fan moitos anuncios de cousas que teñen unha relevancia moi pequena e non son capaces de poñer medidas de choque real fronte a unha crise de prezos, que lles recordo que está afectando máis Galiza que a media do Estado. Temos a inflación máis alta a pesar de que temos salarios por debaixo da media.

E a min gustaríame hoxe lerlle unha cita do *Diario de Sesións*: «A Xunta pode e debe loitar contra a inflación. Temos os soldos máis baixos de España e a inflación máis alta de Europa. Cómpre, pois, artellar de xeito urxente un plan de loita contra o diferencial da inflación en Galiza. É necesario artellar este plan». ¿Sabe quen dicía isto, señor Rueda? Dicíao o señor Feijóo nesta cámara no ano 2008. Hoxe segue existindo un diferencial, pero é que a inflación é un 36,1 por cento máis alta que cando o Partido Popular pedía ese plan de loita contra a inflación. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O que temos, señor Rueda, é un goberno —como acaba de demostrarnos vostede hoxe aquí— que segue obsesionado con ser útil a Feijóo, pero que lamentablemente deixou de mirar os galegos e as galegas, que sabe que está no seu tempo de desconto e que está desesperadamente intentando tapar o que vai pasar en canto convoque as eleccións, nas que este país vai apostar por un cambio, non o dubide.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, digo sempre que é dificilísimo, de verdade. Cando vostede retorce as cifras, ter un debate serio é moi difícil.

Mire, fala como paradigma dos servizos públicos; di que vostedes os blindan e nós os derrubamos. Mire, falou de peche de centros escolares. Vostedes pecharon en catro anos dez veces máis centros escolares que os que tivo que pechar este goberno en catorce, 103 a 9. *(Aplausos.)* ¿Sabe cando se deu este dato?, ¿sabe cando se deu este dato unha vez máis? Onte, na comparecencia do conselleiro de Educación. Pero vostede non estaba no escano, señora Pontón, ¡non estaba no escano! *(Aplausos.)* Porque estes temas non lle importan. *(Murmurios.)* Non, non, eu estaba en Madrid escoitando o candidato que gañou as eleccións, vostede estaba sabe Deus onde, poñendo un tuit dicindo que eu non estaba no escano, señora Pontón. *(Risos.)* É a diferenza, que eu se sabe onde estaba; vostede, dende logo, escoitando cifras que tiña que escoitar para despois non retorcelas, non estaba.

Di que falo de Feijóo, que veño aquí falar de Feijóo. Pero ¡se vostede falou de Feijóo as tres cuartas partes da pregunta que se supón que era para a inflación!

Mire, onte o seu único deputado de 25 a 1 dicía —contraditoriamente, para variar— que, por unha banda, Feijóo non era crible, e, por outra banda, que os compromisos que dixera para Galicia non se ían cumprir. Pero ¿en que quedamos? ¿Houbo compromisos ou non houbo compromisos? ¿Son cribles ou non son cribles, señora Feijóo? *(Risos.)* Señora Pontón, *(Risos.)* perdón, señora Pontón. É que vostede fala tanto de Feijóo que nos acaba obsesionando a todos, señora Pontón, *(Risos.)* acábanos obsesionando a todos, efectivamente. *(Aplausos.)* ¿Dáse conta? *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Transmítenos a súa obsesión, pero imos intentar rectificar para que non se volva producir e falar en serio.

Mire, imos falar de verdade. Se quere falar de inflación, imos falar, pero falar en serio. ¿Sabe cal é o seu verdadeiro problema? Porque vostede di que non hai que estar en Madrid —e dicíao tamén o señor Álvarez— nestes momentos; si, si, hai que estar máis que nunca. Mire, vostedes o problema xa non é que sexan irrelevantes —que o son, ninguén fala de vostedes máis que vostedes para dicir o que ninguén cre, que son decisivos—, pero esa irrelevancia o

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

malo é que os conduce a unha situación moito peor, que é á dependencia dos que de verdade importan, dos que de verdade son relevantes, señora Pontón. E iso é moi importante para poder facer moitas cousas, para loitar contra a inflación.

Non lle vou repetir todas as medidas que xa lle dixen na miña primeira parte da intervención, primeiro, porque danlle exactamente igual, vostede aquí non vén falar diso. Non a preocupa a inflación das familias galegas, non a preocupa absolutamente nada. E cando ve que son cifras reais, terxivérsaas, ten as súas, que nunca son certas, que sempre están interpretadas sesgadamente.

Non vou perder o tempo, sinceramente, porque falar con vostede de cifras reais e medidas é perder o tempo. Vou intentar aproveitalo, señor presidente, para dicir algo que agora mesmo é moi importante, porque nos xogamos moito.

Dicíalle que vostedes son irrelevantes e, polo tanto, son dependentes. Non son os socios de Bildu e de Esquerra —xa lles gustaría—, o que son é os seus cómplices, os que lles serven de coartada, señora Pontón. Mire, aos independentistas e aos nacionalistas cataláns e vascos non lles importa absolutamente nada Galicia, estase vendo. Se non os teñen en conta para nada, se os están observando; a vostedes dixéronlles que ían ter un grupo propio e que ían ser absolutamente decisivos e xa viron outra vez o resultado. Pero véñenlles moi ben como coartada para que ninguén diga que só están pedindo para eles, que é o que están facendo. Se lles están dicindo descaradamente que 450.000 millóns de euros —medio billón de euros, nada máis e nada menos— ten que ir para pagar unha investidura e vostedes aplauden coas orellas, vostedes son cómplices e son unha coartada para quitarlle a Galicia o que a Galicia lle corresponde, señora Pontón. *(Aplausos.)* E isto é así, ¡isto é así!

Mire!, alá vostedes! *(Aplausos.)* A min, señora Pontón, non me van calar, a este grupo parlamentario... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, ríase, ríase moito, nestes momentos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...en que había que rirse moi pouco e estar moi seriamente atendendo ao que nos estamos xogando, señora Pontón.

Agora mesmo había que rebelarse, vostedes mesmos —se é que tanto lle queren a Galicia—, contra o que nos queren facer. Había que rebelarse fronte a todos eses cartos que había que repartir en condicións de igualdade e en condicións de equidade entre todas as comunidades autónomas de España e van ir a unha soa para pagar unha investidura. E vostedes, señora Pontón, ¡aplauden coas orellas! *(Aplausos.)* E isto é o que está pasando.

E, polo tanto, mire, os galegos observan, señora Pontón. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Os galegos observan, obsérvana a vostede, sempre facendo propostas que sabe que non vai cumprir, sempre terxi-

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

versando cifras, sempre intentando esconder a vergoña de que apoian un partido que vai facer o que vai facer con Galicia para beneficiar outros. Todo iso xa o saben os galegos. Polo tanto, cando cheguen esas eleccións que a vostede a poñen tan nerviosa, das que sempre fala, señora Pontón, está falando todo o día, claro...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...eu teño a obrigación de seguir gobernando, de estar atento a solucionar problemas de verdade, e tamén a inflación.

Vostede ten a obrigación de estar no escano —que non o cumpre— *(Risos.)* e de intentar facer propostas dende a oposición —que tampouco o fai—. Os galegos seguro que tomarán nota de todo isto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): ...e verán cal é un partido —remato xa, señor presidente— que día a día se ocupa da estabilidade dos galegos, que día a día loita contra a inflación, e cal é un partido comparsa dos que lle queren roubar a Galicia o que a Galicia lle corresponde.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos coa orde do día, na que hai unha alteración.

Alteración da orde do día

Pregunta de Dª Noa Susana Díaz Varela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia respecto da congruencia da defensa da cultura galega co rexeitamento do uso no Congreso dos Deputados do idioma galego

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora DÍAZ VARELA: Ben, saben ben que o debate sobre o uso dos idiomas oficiais no Congreso non ten absolutamente nada que ver co entendemento, cunha mera ferramenta de comunicación entre persoas, senón co respecto pola liberdade, diversidade lingüística e cultural do Estado, coa constatación das distintas identidades que nel existe. E iso é o que precisamente os molesta a vostedes: a reivindicación moderna, xa en pleno século XXI, da multiculturalidade do Estado, da súa diversidade cultural e identitaria. Iso é o que os molesta.

Pode ser tamén, efectivamente, que os molestase que fose o galego, da man dun deputado socialista, o primeiro idioma que soou con normalidade no Congreso, e que debera ser para vos-

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tedes motivo de orgullo —como o foi para nós— e non de vergoña, como pareceu. Pese ao seu Goberno, señor conselleiro, o galego soou con naturalidade no Congreso, con rotundidade, con normalidade, co orgullo de sermos galegas e galegos e demostrarmos a maior riqueza patrimonial. Iso, que para vostedes é «facer o canelo», é para nós avanzar en dereitos.

Porque é certamente triste que teñamos que lembrarlle ao Goberno galego o que di o primeiro artigo do Estatuto, no seu apartado segundo; e di así: «A Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia». ¿Como é posible entón que o Goberno galego, e o propio grupo tamén parlamentario que está aquí que o apoia, estea en contra da promoción da nosa lingua, símbolo da nosa identidade —repito—, fóra do noso territorio? ¿Que problema teñen vostedes co galego, señor conselleiro? ¿Cal é a razón de avergonzarse del?

E está ben tamén lembrar aquí que quedaron sós na votación; ben, sós non, votaron coa ultradereita de Vox, e, mal que lles pese, votaron tamén contra a maioría da sociedade española; novamente, da man de Vox, e a sabendas de que non prosperaría.

¿Realmente queren deixar esa impronta para os anais da historia, señor conselleiro? ¿En serio queren que a sociedade do futuro —tamén a sociedade conservadora— entenda o seu Goberno como quen negou a utilización do noso propio idioma na Cámara de representación do pobo, tamén do pobo galego?

Mire, din que aman a nosa lingua —escoitabamos iso á secretaria xeral do Partido Popular—, pero o primeiro que fixeron ao chegar ao poder foi prohibir aprender nas escolas en galego. Din que aman a nosa lingua, pero permiten que se deturpen os nomes das nosas vilas, claro, se iso axuda a que veñan máis turistas. Din que aman a nosa lingua, pero votan en contra de poder empregala sen obrigas e con liberdade —esa palabra que tanto lles gusta amentar pero que logo non practican—.

Por iso, nós hoxe aquí queremos preguntarlle ao Goberno galego, a vostede, que o representa, se considera que opoñerse á utilización do idioma galego no Congreso das Deputadas e dos Deputados é defender Galicia e a súa cultura, como debera ser a súa obriga.

Nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que con certa perplexidade política vexo esta pregunta por parte do Partido Socialista. A verdade é que vostedes —hai que recoñecérllelo— son como unha especie do gran

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Houdini. Sacan un tema, un tema moi simbólico, un tema moi emocional, e durante un tempo pois os problemas de España —os problemas tamén de Galicia— pois parecía que non existían.

Non se falaba de amnistía, non se falaba de malversación, non se falaba de indultos, non se falaba deses 450.000 millóns de euros que parece ser que o Partido Socialista lle vai pagar para poder investir presidente ao señor Sánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tampouco se falou de onde vai saír ese diñeiro. Tampouco se vai falar, por suposto, ou non se quere falar de onde sae ou que parte da tarta lle toca pagar a Galicia dese diñeiro. E a verdade é que é unha forma baseada no engano, no despiste. E durante moitos días a verdade é que foi o debate central do conxunto de España, algo realmente sorprendente.

A verdade é que é unha pena. A min, como galegofalante, dáme moita pena o uso ou o mercadeo con algo tan íntimo para as persoas como é a lingua, que plantexou o Partido Socialista neste debate. Creo que hai un certo fariseísmo coa nosa lingua e —se se me permite a expresión, aínda que é unha expresión moi popular— un postureo por parte do Partido Socialista moi grande. Non podemos pensar que son vostedes sinceros neste ámbito, non son nada sinceros. E ¿por que? Eu creo que estamos ante un exemplo disto de «*yo no miento, yo cambio de opinión.*» ¿Por que digo isto? Porque o Partido Socialista, que parece que se rasga as vestiduras aquí nesta cámara respecto ao uso do galego, non hai un ano, hai menos dun ano, votou rotundamente «non» a unha proposta idéntica. Co cal quedan absolutamente en evidencia, porque hai un ano votaron xusto o contrario do que agora presumen. E ¿agora por que o fan? A pregunta é por que hai este cambio de criterio. Eu creo que é obvio, non nos colle a ninguén por sorpresa. Esa é principal pregunta.

Pero é que, ademais, saíulle o tiro pola culata, porque aos poucos días de presumir tanto de que por suposto todo o que ten que ver coa diversidade e a multiculturalidade o imos poñer en marcha, xa van vostedes a Europa —porque lles mandaron, obviamente— dicir que hai que falar as linguas cooficiais, e aí toparon cunha sorpresa e deixaron quedar moi mal o galego, denigraron o galego, e pensaron que o galego é unha lingua de segunda. E o galego non é unha lingua de segunda. *(Aplausos.)* A vostedes só lles importou o catalán. Co cal, entre o marrón que tiveron que aguantar na Unión Europea e o marrón que lles supón hai un mes votar o contrario, entenderá que non os tomemos en serio.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Señor conselleiro de Cultura e Educación, por favor, respóndanos á pregunta que lle formulamos.

Mire, escribía onte no diario *El País* o poeta andaluz Luis García Montero, do que vostede sabe ben que a súa única lingua é o español, e dicía: «*Estamos acompañados de palabras que*

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

nos abrazan, nos reciben e nos despiden, palabras que conviven ahora en libertad y que nos acercan a la verdad histórica de nuestra Tierra. Hay que ser muy soberbios para despreciar una lengua materna.». E é que, efectivamente, sobra soberbia e falta respecto. Porque dígame vostede como explica que quen foi presidente dun país con lingua propia, o señor Feijóo, nin tan sequera empregase os auriculares xa non digo co catalán, que seguramente tamén o fala na intimidade, como o señor Aznar, pero co éuscaro, como non puxo nin os auriculares, unha falta absoluta de respecto para coa diversidade lingüística de quen esta semana pretendía ser presidente —ou pretendeu nalgún momento— e que na súa investidura aquí hai catorce anos dicía: «o galego defendémolo falando.». *(Aplausos.)* Iso dicía o señor Feijóo.

Deféndese falando, por suposto que si, aquí e en Madrid, señor Balseiro, tamén en Madrid. Porque escoitar a lingua galega no Congreso sen dúbida daríalle maior prestixio e un maior coñecemento do idioma, do noso idioma, como lingua propia, e tamén interese polo resto de España por comprender a nosa cultura e mesmo o noso país. Vostede isto non o entende, entendo que non.

E dígolle máis, señor conselleiro: deixen os complexos a un lado, unha posición acomplexada a súa na que van dando pasos adiante e pasos para atrás. Votan en contra no Congreso pero defenden ese voto empregando o éuscaro, votan en contra no Congreso pero logo o señor Rueda dá liberdade aos deputados para que o falen. Mire, demasiados titubeos pensamos nós. ¿Non será, señor conselleiro, que eses titubeos responden a que viron que, logo da aprobación desa modificación, non só España non rompeu, senón que a sociedade na súa maioría o entendeu e valorou positivamente?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES (Rodríguez González): Señorías, hai moitas formas, moi diversas, de defender e respectar a diversidade cultural e a multiculturalidade. Nós somos unha comunidade autónoma histórica con lingua propia e temos cero problemas e cero complexos. Outra cousa é que caiamos na súa trampa, temos un mínimo de intelixencia política para non caer na súa trampa. E mire, nós non nos avergonzamos da nosa lingua nunca, nunca.

E mire, que diga que desprezamos o galego, que Galicia despreza o galego, cando as estatísticas oficiais nos din que somos a comunidade autónoma que máis usa, que máis entende e que máis escribe a nosa lingua cooficial, comparativamente co catalán ou co vasco, mostra que realmente os seus argumentos non teñen moito sentido.

Pero mire, pode ser simbólico o que vostede plantexa, vostede non, perdón, o Partido Socialista, que isto o vexo como unha postura de partido, pero toda España e por suposto todos os galegos vimos que isto era un mercadeo, que era un chalaneo, e é unha pena que algo tan

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

íntimo para as persoas como é a lingua que usamos, que algo tan propio noso, se use cunha manipulación política tan simple e tan obvia.

E fala vostede de que un socialista foi o primeiro que utilizou a lingua galega no Congreso dos Deputados, o señor Besteiro, citou vostede. Pois mire, estaba tan preocupado pola lingua galega este señor —con todo o respecto— que falou doce minutos e non o chegou a falar dous minutos seguidos. É un día tan histórico para a nosa lingua, para a nosa cultura, para o Partido Socialista, que a persoa que pode falar doce minutos non chega a falar dous completos. A verdade é que é moi difícil tomalos en serio.

E incluso vostedes intentan trasladarnos unha mensaxe que non é certa. Están deturpando certas mensaxes políticas, que foron moi importantes no seu momento. Chegouse a dicir que había que facer normal no Congreso o que é normal na rúa, emulando unha frase de Adolfo Suárez, que veu dicir que había que elevar a categoría política de normal o que era normal na rúa, unha frase moi importante da transición, que vostedes dixeron para intentar xustificar o que estaban facendo.

Pois mire, o que é normal na rúa é que eu ou vostede vaiamos a Soria e non nos faga falta tradutor nin pinganillo; que un señor de Soria vaia a Tarragona ou un de Tarragona vaia a Cantabria ou un de San Sebastián vaia a Huelva e non levemos tradutor nin pinganillo. O seu interese é claro, o seu mercadeo é claro, e o que non é normal na rúa é o que vostedes defenden e intentan colarnos ao conxunto dos españois e por suposto aos galegos como normal. *(Aplausos.)*

Resúmese todo nunha frase, que, á parte, a min me dá pena, pero estou seguro de que, unha vez que pase isto, vanse olvidar absolutamente e van enganar outra vez máis os partidos nacionalistas, vanos enganar. Ao final, para vostedes todo isto se resume en que Moncloa ben lle vale un pinganillo.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto quinto da orde do día, interpelacións.

Interpelación de Dª Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto da evolución actual da inflación na economía galega

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Benvido de novo a esta cámara, señor Corgos.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos na recta final do ano 2023 e a crise de prezos, que institucións e organismos, incluso a propia Xunta de Galiza, prevían que se ía moderar progresivamente, que ía ser unha cuestión temporal, pois vemos que non só foi algo alongado no tempo, senón que permanece connosco e que temos tamén indicadores de que as perspectivas non son todo o positivas que cabería prever hai, por exemplo, un ano.

Vemos como o aumento de prezos e as súas consecuencias continúan instaladas na nosa sociedade e tamén na nosa economía. E a verdade é que temos que traelo a vostede unha vez máis a esta sesión do Parlamento galego, interpelalo de novo sobre esta cuestión, que é un dos problemas centrais que teñen os galegos e galegas neste momento, porque, ante un problema de tal complexidade, de tal envergadura, que nós nunca negamos, o problema é a actitude na que permanece o Goberno do Partido Popular.

Continuamos vendo un goberno que é insolidario, que é inxusto e que se está demostrando, ademais, señor Corgos, absolutamente incapaz. Un goberno conformista que ten capacidade de estímulo económico, que ten capacidade de aplicar medidas directas, que desbota directamente, porque está cada día máis absorbido polas ordes de Xénova e polo único empeño político en facer seguidismo do Partido Popular a nivel estatal, mentres non emprega as súas competencias propias, a súa capacidade de autogoberno para intervir nesta situación que cada vez é máis preocupante.

E, mentres, vemos como a realidade barre por diante coas previsións da Xunta e tamén coas expectativas de mellora dos galegos e galegas, e vemos como vostedes non articulan unha resposta. Vemos nos últimos datos, que xa saían no debate anterior respecto do aumento dos prezos en agosto, que coñecemos, como sabe vostede, hai uns días, que seguen subindo os prezos en Galiza, no conxunto do Estado tamén, pero novamente vemos ese diferencial galego, que en Galiza soben con máis intensidade do que no conxunto do Estado. Co último mes con datos firmes, vemos como en Galiza incrementaron un 0,8 por cento sobre o mes anterior, no Estado español só un 0,5 por cento, e se vemos a evolución interanual, vemos como en Galiza subiron un 2,7 por cento mentres no Estado un 2,6 por cento.

Preocupa tamén, unha vez máis, a evolución da inflación subxacente, que exclúe os alimentos frescos, que, como sabemos, son máis susceptibles ás inclemencias do tempo e, polo tanto, á volatilidade, e tamén no mesmo sentido os prezos enerxéticos, pero tamén vemos como se no conxunto estatal é dun 6,1 por cento novamente en Galicia é superior e chega a un 6,3 por cento e segue ademais manténdose nunha estela bastante alta que preocupa as persoas expertas. E vemos tamén como habería que engadir o efecto que ten a acumulación no tempo destes factores.

Polo tanto, vemos que xa desde 2021 hai unha senda alcista e vemos que isto se cronifica e que, polo tanto, se cronifican as dificultades dos galegos e galegas, que, como xa diciamos no debate anterior, por riba temos salarios e pensións máis baixas e, polo tanto, a nosa capacidade de resistencia é peor.

Vemos que a situación se complica tamén coas perspectivas de futuro. Podemos falar, en primeiro lugar, de que recentemente se teñan rebaixado as perspectivas de crecemento, que

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

se prevén novas subas de prezo. A mediados de setembro Bruxelas rebaixaba as expectativas de crecemento do Estado español, algo que inevitablemente nos arrastrará en 2024. Avanzábanse tamén consecuencias negativas das posibilidades negativas da evolución alemá e o seu efecto dominó. Tamén hai poucos días o propio Banco de España mudaba as súas previsións e estimacións para o 2024 e para o 2025 no conxunto do Estado, do 2,2 por cento ao 1,8 por cento de crecemento e do 2,1 por cento ao 2 por cento, debido fundamentalmente a factores como o encarecemento da enerxía ou tamén ás condicións financeiras, e prevía tamén un aumento nas previsións da inflación, nada máis e nada menos que de 4 décimas para o que prevía para o 2023 e 7 para o 2024.

Polo tanto, podemos ver que hai tamén unha volta á incerteza coa tendencia á alza dos prezos do petróleo, unido ao fortalecemento do dólar e ás dúbidas que están xerando as políticas monetarias por parte do Banco Central Europeo, que acaba de subir novamente os xuros.

Tamén o aumento do prezo dos combustibles e o seu efecto dominó noutros produtos e na súa distribución comercial fan que esa incerteza regrese e fan que tamén o propio Banco de España veña de anunciar no seu último informe indicadores preocupantes respecto da evolución do prezo dos alimentos, por exemplo, que, aínda que prevé un inicio de descenso desa inflación, alerta de que os cambios nas colleitas por mor do clima poden afectar novamente novas subas, e, ademais, alerta tamén dunha previsión de incremento dos prezos enerxéticos.

Todo isto nun conxunto de tormenta perfecta no que sabemos que, ademais, as institucións europeas e o propio Estado español prevén unha volta á senda do déficit, que tanto lle gusta á Xunta de Galiza, e volveremos a ese marco de repartición inxusta polo cal o Estado acapara máis capacidade de endebedamento, máis capacidade de gasto, mentres comunidades autónomas e concellos, que asumimos ademais o custo dos servizos sociais, temos menos capacidade para iso cun modelo irracional e centralista que vostedes nunca contestaron, senón que patrocinaron.

E, fronte a isto, pois temos que preguntarnos que pode facer a Xunta de Galiza. Temos debatido disto noutras ocasións. Evidentemente, hai elementos que non están ao noso alcance, hai outros que poderían estar se tivésemos un goberno que reclamase competencias e o exercicio do seu autogoberno, aínda que fose só o financeiro, pero hai moitas outras cuestións que a Xunta de Galiza, cun orzamento de máis de 11.000 millóns de euros, pode e debe priorizar e debe activar.

E o problema é que vostedes non o están facendo, porque temos un goberno que é insolidario, que é inxusto e que está sendo incapaz, ademais, de anticiparse aos problemas e de darlles resposta. Están centrados única e exclusivamente en buscar responsabilidades noutros axentes e en buscar responsabilidades que os exoneren a vostedes pola súa incapacidade de impulso político.

E vemos, efectivamente, señor Corgos, un goberno insolidario, instalado na propaganda, que primeiro suprime medidas nas que hai consenso político e social, como esa Tarxeta Básica, e despois o que fai é vetar directamente outras alternativas que se formulan neste Par-

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lamento. E agora xa, aínda por riba, están vostedes tan instalados na propaganda que se dedican a facer anuncios en diferido. E voume referir a esa cuestión que saía xa no debate de primeira hora do Bono deportivo.

Vostedes anunciaron esa medida nun acto moi pomposo na Cidade da Cultura, cuns grandes rótulos que puñan: «Feitos, obxectivos e futuro». Mire, señor Corgos, se o máximo que un goberno que se está xa anticipando a presentarse a unha renovación nos pode ofrecer é un bono deportivo, que, no mellor dos casos, vai empezar a funcionar dentro de catro meses, cando hoxe a urxencia, a volta ao colexio máis cara da historia, é agora, neste momento, en setembro de 2023, señor Corgos, é que están vostedes aínda peor do que parecía, máis desnortados e máis centrados só en salvar os seus propios mobles. (*Aplausos*.)

E mire, veremos as condicións concretas dese bono. Nós non poñemos en cuestión que pode ser unha iniciativa positiva para fomentar hábitos saudables nas idades máis temperás, para animar ao deporte etcétera, pero non poden vostedes —como fixo o señor Rueda na súa comparecencia pública— xustificar que esa é a gran medida de apoio á crise económica e a como están sufrindo as familias neste momento, cando é algo que, ademais, no mellor dos casos —e sábeo vostede perfectamente— comezaría no mes de xaneiro, se aproban vostedes os orzamentos, se os remiten a esta Cámara e cumpren con ese trámite. Polo tanto, iso, señor Corgos, simplemente é fume de cara á galería; unha manobra de distracción en canto non toman outras medidas, como esa proposta de cheque de inicio escolar que se facía neste Parlamento e que poderían vostedes perfectamente aprobar desde o Consello da Xunta, xa que poderían vostedes perfectamente facer unha modificación orzamentaria ou usar ese Fondo de Continxencia, que despois usan para gastos ordinarios, para atender unha cuestión cuxa emerxencia é agora.

E nós volvemos insistir: unha situación excepcional require de medidas excepcionais. Polo tanto, non entendemos esta falta de dilixencia do seu goberno, que non ten nin rigor nin capacidade de solidariedade, porque habería que preguntarse por que seguir vetando esa recuperación da Tarxeta Básica. Con apenas 31 millóns de euros poderían axudar a máis de 70.000 familias, pero prefiren vostedes non facelo por unha decisión unicamente política, por unha decisión unicamente de aplicar políticas neoliberais e de non dar o brazo a torcer. ¿Ou por que seguir vetando a capacidade de actuar ante a suba das hipotecas, de habilitar algún tipo de mecanismo de soporte para as máis de 175.000 mil familias deste país que se ven afectadas por esta decisión que é allea aos nosos intereses e ante a que vostedes poderían exercer o seu autogoberno e reaccionar?

Vemos tamén, señor Corgos, un goberno inxusto, e hai que dicilo con todas as palabras, porque aprobaron vostedes —hai que recordalo— ese pelotazo fiscal para ricos para favorecer a 7.000 rendas das máis privilexiadas deste país, en canto desatendían medidas para as rendas máis baixas. E mentres o que temos é un país no que hai 34.879 persoas que declaran que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou peixe polo menos cada dous días, ou temos máis de 400.000 persoas que non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada, vostedes simplemente se conforman con completar minimamente as axudas estatais, cando saben que o problema é que non chegan a un número suficiente de fogares galegos e que habería que arbitrar un mecanismo propio.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vemos carencias materiais severas que se cronifican, vemos carencias materiais severas que afectan a maioría da sociedade galega nalgún momento e vemos como tamén, cos últimos datos da enquisa estrutural a fogares, máis da metade dos fogares galegos chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes e como aumentaron os datos do último trimestre do que temos rexistro, como aumentaron en termos interanuais, E, fronte a isto, temos un goberno incapaz. Neste mes de setembro, no que se está complicando aínda máis a cuestión da alimentación e da carestía da vida, tiveron vostedes tres consellos da Xunta xa, que puideron aproveitar para aplicar medidas extraordinarias, pero rexeitaron facelo, porque prefiren vivir instalados na propaganda preelectoral.

Polo tanto, hoxe interpelámolo novamente sobre esta cuestión. Entendemos que estamos de novo nunha tormenta perfecta, que a suba de prezos, especialmente na alimentación e nos combustibles, e tamén os indicadores de ralentización económica, dos que advirte o Foro Económico de Galiza, o CES e tamén o Idega, van afectar a medio prazo a nosa economía.

Polo tanto, señor Corgos, ¿que van facer? Hoxe ten unha oportunidade, á porta dos próximos orzamentos da Xunta, de iniciar unha rectificación.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Señor presidente.

Señoría, pregúntame vostede polo impacto que está a ter a evolución actual da inflación. O primeiro que quererría sinalar é que entendo e comparto esta preocupación, porque a inflación segue a ser un dos principais problemas da economía, non só da galega, nin tan sequera da española, senón da economía global. E, ademais, é un problema que se está prolongar, pois xa comezou —como ben sabe— a mediados do ano 2021, agravouse no 2022 e a pesar da baixada desta primavera, na que chegamos a taxas interanuais na contorna do 2 por cento, de novo semella que está a repuntar lixeiramente, ou polo menos amosa unha forte resistencia á baixa, fundamentalmente polo aumento do prezo dos combustibles, dos alimentos e dos servizos, en parte debido a unha moi boa tempada turística —tamén é certo—.

Xa tivemos ocasión de abordar este asunto tanto en pleno como en comisión en varias ocasións, e tentarei actualizarlle a información da que dispoñemos e as medidas que estamos a pór en marcha dende o Goberno galego para aliviar a alza de prezos e os seus efectos, pero tamén teño que sinalarlle que a situación do índice xeral no día de hoxe é moito máis favorable que a prevista no pasado mes de outubro, cando se presentaron os orzamentos para este ano, como tamén ben sabe vostede mesma.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Como xa teño dito en anteriores intervencións, perante esta situación prolongada, o Goberno galego non só está preocupado, senón que tamén estamos ocupados no seguimento continuado da evolución dos prezos da nosa Comunidade Autónoma; en axudar, protexer e acompañar as familias, en especial aquelas que máis o precisan nesta difícil conxuntura.

E así o estamos a facer cos orzamentos en vigor que, como seguro que lembrará vostede, priorizan cinco liñas de actuación para actuar basicamente en dous eixos: un primeiro, para tratar de mitigar os efectos da alza de prezos; e, un segundo, para tomar medidas para impulsar a competitividade e favorecer a dinamización económica da Comunidade Autónoma neste intre de incerteza.

Nas contas que estamos a executar, contamos con 500 millóns de euros adicionais para reforzar ou implantar programas novos en cinco liñas prioritarias e de actuación, que estamos a executar de xeito acelerado. De feito, no día de hoxe estamos a executar 1.000 millóns máis —en termos comparativos— que o ano pasado o orzamento da Comunidade Autónoma. Son: apoio e protección ás familias e ás persoas máis vulnerables; aforro e eficiencia enerxética; dinamización económica; protección do medio ambiente; loita contra a seca e o cambio climático; e fortalecemento dos servizos públicos autonómicos.

Ao mesmo tempo, xa tomamos medidas tamén no eido fiscal, rebaixando o tipo do primeiro tramo do IRPF, como é ben sabido, e deflactando os tres primeiros tramos do imposto sobre a renda das persoas físicas. Esa é a cuarta vez que rebaixamos este imposto nos últimos nove anos, logo de facelo nos anos 2014, 2016 e 2022, e ademais adoptamos unha serie de medidas xa con efectos do 1 de xaneiro do 2022, para que impacten na renda a dispor das familias galegas este mesmo ano, rebaixando de novo o tipo aplicable —como dicía— no tramo máis baixo do 9,4 por cento ao 9 por cento, para beneficiar en especial as rendas máis baixas, e deflactando ao 4,3 por cento a tarifa aplicable aos tres primeiros tramos da escala autonómica, aos menores de 35.000 euros e os mínimos persoal e familiar. Con estas rebaixas do IRPF, un contribuínte galego aforrou de media na declaración da renda realizada este ano 476 euros fronte ao que pagaba no ano 2009. Por certo, medidas todas elas que contaron co voto en contra do seu partido, tanto os reforzos de carácter social como as rebaixas fiscais.

Dito isto, tamén quero indicar que aínda que a inflación segue a ser alta, tamén é certo que se moderou moito en relación coas cifras de dous díxitos ás que chegou a mediados do ano pasado. E outro aspecto positivo —tal e como tiña avanzado na miña última intervención a respecto deste mesmo foro— é que o IPC de Galicia xa está en liña coa media de España, mesmo algún mes por baixo, como reflectiu vostede mesma na súa interpelación; de feito, nos oito meses dos que temos información, estivemos catro meses por debaixo, na interanual, da media nacional e catro meses lixeiramente por enriba.

Os últimos datos oficiais correspondentes ao mes de agosto sitúan un IPC interanual para a media do país do 2,6 por cento e, en Galicia, do 2,7 por cento. Por tanto, quixera salientar que no día de hoxe, cando estamos a piques de pechar o mes de setembro, a inflación está por debaixo do escenario que previamos para os orzamentos deste ano. E isto acredita que as medidas implantadas nas contas en vigor manteñen plenamente a súa vixencia, posto

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que foron pensadas para todo o ano e cun nivel de prezos bastante superior. Aínda así, temos que estar vixiantes e analizar as posibles melloras para o futuro.

Así e todo, as previsións do Banco de España deste mesmo mes —como tamén indicou vostede mesmo— de setembro revisan a previsión de IPC para o no ano 2023 ata acadar un 3,6 por cento de incremento anual, fronte a unha previsión anual do 5,6 por cento, cando se presentaron os orzamentos en vigor, mais sometida ás incertezas vencelladas á especial evolución do prezo dos carburantes.

Obviamente, outro motivo de preocupación é o impacto que ten sobre as familias a suba de tipos do Banco Central Europeo, precisamente para contar a inflación en máximos de hai quince anos, pero é que semella que están a piques de tocar teito.

Neste contexto de endurecemento das condicións de financiamento, as familias están nunha mellor posición para facer fronte a este incremento de cargas financeiras que en situacións anteriores, como na gran crise do ano 2008-2009. O propio Goberno do Estado así o recoñece na xustificación que se recolle no decreto polo que se establece o Código de boas prácticas bancarias, que fala dunha mellora estrutural da posición financeira das familias, con máis aforro e menos endebedamentos. Os datos oficiais do IGE, incluídos na enquisa estrutural a fogares, relativa ás situacións de finais do 2021, sinala que o 16,35 por cento dos fogares galegos teñen gasto de hipoteca en vivenda habitual. En termos comparativos coa media de España, na estatística rexistral inmobiliaria elaborada polo Colexio de Rexistradores para o segundo trimestre do ano 2023, a cota hipotecaria media en Galicia é de 582,46 euros, sendo a media de España de 709,9 euros. E o esforzo medido sobre os ingresos totais para pagar a cota acada en Galicia o 30,5 por cento de media, sendo a media de España un 32,8 por cento.

Polo tanto, a suba do euríbor pode ter un importante impacto na situación dalgunhas familias que teñan hipotecas a tipos variables e menos recursos, ao que se engade o incremento xeneralizado doutros gastos, moitos deles básicos, como se sinalou aquí anteriormente, en especial a enerxía ou os alimentos. Por iso, dende a Xunta de Galicia adoptáronse tanto no ano 2022 como no 2023 importantes medidas cuxo obxectivo, precisamente, é mitigar os efectos da inflación na renda das familias máis modestas.

Entre as medidas que están en vigor nestes orzamentos priorizamos o reforzo á atención das familias e das persoas en situación de vulnerabilidade, ante a actual situación de inestabilidade económica e suba de prezos xeneralizada. Por iso, a área de inclusión social dos orzamentos aumenta nun 25 por cento con respecto ao ano pasado, ata acadar os 148,5 millóns de euros. Estes fondos están a permitir reforzar o paquete de medidas do que dispón a Xunta para apoiar os fogares que peor o están a pasar.

Aumentamos un 50 por cento o complemento autonómico para o Bono social térmico, que o pasado ano chegou a 66.400 familias, e que para este ano sobe ata os 150 euros. Incrementamos un 5 por cento o complemento autonómico para as pensións contributivas, que benefician a 37.000 galegos. E, ademais, incrementamos un 8 por cento a renda de inclusión social de Galicia, que cobran cada mes máis de 6.000 persoas, para saír desta situación, e as axudas de inclusión social, que permiten atender as situacións de emerxencia.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén incluímos outras medidas de apoio ás familias, como a gratuidade das escolas infantís para todos os fillos, da que xa se benefician 31.000 familias —Galicia é a primeira comunidade autónoma en dispoñer desta medida—, ou manter a Tarxeta Benvida, conxelar peaxes, duplicar achegas para as actuacións de aforro enerxético en familias e pemes etcétera.

Xa para rematar, quixera subliñar que, pese a esta adversa conxuntura de prezos, non só as estimacións da inflación están dentro do escenario previsto, senón tamén as previsións de crecemento que sinalamos cando comparecemos na presentación dos pasados orzamentos. Así, logo de que no ano 2022 Galicia tivese un forte crecemento económico do 3,8 por cento, superando as previsións incluídas nos orzamentos en dúas décimas, para este ano tamén podo confirmar que no día de hoxe, e á espera de actualizar o noso cadro económico cando aprobemos o teito de gasto non financeiro para o vindeiro ano, tamén melloraremos as nosas previsións, tanto de crecemento do PIB como de redución da taxa de paro; estimacións, por certo, que o BNG criticaba por ser excesivamente optimistas e que agora a realidade amosa como prudentes e realistas.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Para a réplica, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

En fin, señor Corgos, creo que seguimos sen convencernos o un ao outro, porque a verdade é que eu lle dicía, na miña primeira intervención, que eran un Goberno insolidario, inxusto e incapaz; dicíalle que eran conformistas, pero vexo que, efectivamente, seguen ancorados nese conformismo, ou sexa, non se comprometeu vostede con aplicar nin unha soa medida nova nin a máis mínima corrección por parte do Goberno galego. Máis aínda, están vostedes conformes coa situación; nós, desde logo, discrepamos; discrepamos dun Goberno que o máximo que nos pode ofrecer é que está executando con máis celeridade os orzamentos, e quixera deixar algunha reflexión aquí e tamén algunha proposta.

Nós continuamos insistindo nesta cuestión porque —entendemos—condiciona o conxunto da economía galega, xa que, ademais, xa temos visto este debate cunha perspectiva máis ampla noutras ocasións. Hai que ter en conta os efectos da pandemia, aínda que fosen menores no noso país; hai que ter en conta tamén o efecto, no tecido económico e tamén no tecido social, das consecuencia da crise do ano 2008 e as decisións que se tomaron neste país; e hai que ter en conta tamén a dinámica do noso sector produtivo e a cronificación da desigualdade social. Non nos podemos conformar con que máis da metade dos galegos e das galegas teñan dificultades permanentemente para chegar a fin de mes; e non nos podemos conformar con propostas económicas e orzamentarias, que o que fan é non cambiar tampouco o noso tecido produtivo. Non podo determe moito na parte do meu tempo; xa o faremos en vindeiros debates. Acabamos de ver as reflexións que saca o Foro Económico galego,

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que fala da falta de capacidade da Xunta diante dos fondos europeos e diante de transformar o noso tecido produtivo; acabamos de ver tamén hai escasos meses —no verán— o Informe do Consello Económico e Social, que alertaba tamén dunha significativa ralentización, e, polo tanto, aí temos debilidades evidentes: vemos os datos de competitividade que perdemos en termos europeos e en termos estatais e no diferencial con Portugal; e vemos que non hai capacidade de resistencia das familias do noso país *(Aplausos.)* para combater esta crise de prezos porque a desigualdade xa leva acumulada desde hai moito tempo. Polo tanto, —entendemos— hai que actuar e hai que dar un xiro a este tipo de políticas.

Señor Corgos, xa llo temos dito outras veces: podían adiantarse, pero non o fixeron; podían tomar medidas canto antes, pero non o fixeron nin o queren facer; e podían tamén intentar escoitar e colaborar cos demais, pero iso vemos que tampouco queren facelo. Vemos que o resultado desta interpelación e da súa moción —supoño— será o resultado do trámite orzamentario, que é que o Goberno galego unilateralmente non quererá pactar nin unha soa proposta.

E mire, negamos a maior. No ámbito fiscal, o que teñen que facer vostedes é rectificar porque as medidas que tomaron durante os anos económicos de aumento da inflación foron para favorecer as grandes rendas. Primeiro, no ano 2022 —cando xa, efectivamente, a partir de mediados do ano 2021 comezara a intensificarse o problema da inflación—, vostedes o que fixeron foi aprobar un presunto plan de choque de medidas contra a inflación, que, basicamente, foi meter cuestións que xa había e non recuperar algunha que se demandaba, como a Tarxeta Básica, e non dotalas adecuadamente de orzamento. Iso xa o debatemos no seu momento, e non meteron ningunha medida fiscal nova porque —recórdolle— realmente o que fixeron no ámbito fiscal para o ano 2022 foi aplicar unha reforma do IRPF pola cal quen cobrase vinte mil euros ao ano tería un aforro de doce euros ao mes; quen cobrase o salario dun presidente de Iberdrola, por exemplo, iría ter un aforro de máis de cincocentos euros. Iso, naquela altura, era un escándalo, pero vostedes continuaron cun escándalo maior, con ese pelotazo fiscal para os ricos no ano orzamentario vixente —do que xa falamos antes—, isto é, privilexiar os sete mil máis ricos, en lugar de empregar eses recursos que a Comunidade Autónoma deixa de ingresar, eses trinta e pico millóns de euros por esa rebaixa ou eses preto de cincocentos millóns de euros que estima a Atriga, cada ano, co conxunto de beneficios fiscais, ás necesidades sociais máis urxentes.

E —insistimos— a Tarxeta Básica, por exemplo, é, ademais, unha demanda unitaria dentro do terceiro sector, polo tanto, é algo que vostedes non fan por puro sectarismo ideolóxico; igual que a promesa que xa facía o señor Feijóo na súa investidura, e que despois repetiu o señor Rueda, de compatibilizar a Risga co ingreso mínimo vital a través dunha reforma da Lei de inclusión social. Polo tanto, o que hai é falta de vontade, e nós entendemos que esta situación acumulada non pode sosterse, que hai que aprobar medidas noutro sentido, e que traeremos na moción.

Seguiremos insistindo: hai que recuperar esa Tarxeta Básica; hai que modificar a Lei de inclusión social; hai que complementar dunha forma diferente as axudas para a pobreza enerxética de forma que cheguen a máis persoas das que chega o Bono social do Estado; hai que aprobar tamén medidas diante da carestía das hipotecas. Desde logo, non lle compramos

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que como as hipotecas en Galiza son máis baixas, ¿por que será? Pois igual porque temos os salarios máis baixos, e, polo tanto, os créditos que dan as entidades bancarias son máis reducidos; hai que aplicar medidas para esas máis de cento setenta mil persoas con necesidades acuciantes; e hai tamén que impulsar unha reforma fiscal que sexa realmente redistributiva, que avance realmente no noso autogoberno e na xustiza social.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Peche da interpelación, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas.

Señoría, o cadro macroeconómico realízase para estimar unha diagnose socioeconómica da Comunidade Autónoma e deseñar as medidas que deben conter os orzamentos para contribuír á mellora desta situación. E certamente, este cadro macroeconómico é complicado, como o de todos os países da nosa contorna, pero é un marco mellor que o que tiñamos cando presentamos os orzamentos deste ano, e, por tanto, todas as medidas deseñadas nese orzamento manteñen plenamente a súa vixencia. E é máis, —como dicía antes—, estamos a executalas de xeito dilixente e a todo ritmo, e, —como dicía onte mesmo—, consultei a execución consolidada dos orzamentos e xa levamos executados máis de mil millóns de euros sobre o que executaramos o ano pasado a estas alturas.

O Goberno galego está dedicando, por tanto, máis recursos que nunca ás políticas sociais e a mitigar os efectos da alza prolongada de prezos, sobre todo para as persoas máis necesitadas, aínda que non coincidamos nalgunha das medidas particulares. Ademais deste esforzo, quero tamén lembrar que a Comunidade galega está a financiar dous de cada tres euros das medidas contra a inflación, postas en marcha polo Estado, porque afectan aos tributos cedidos ás comunidades autónomas. Non debemos esquecelo. Por tanto, señoría, agora que dedicamos máis recursos que nunca ás políticas sociais, non lle parecen suficientes. Darei un dato comparativo —como xa dixen—. Este ano os recursos de inclusión social suben un vinte e cinco por centro respecto ao vinte e dous por cento, ata os 148,5 millóns de euros. Na anterior crise, os recursos dedicados á inclusión social apenas chegaban aos setenta millóns de euros. O seu peso sobre o gasto non financeiro acada o 1,2 por cento, mentres que naquel ano acadaba apenas un 0,66 por cento. Todo isto crecendo a ritmo de PIB potencial e cunha taxa de desemprego do 9,6 por cento, cando, no segundo trimestre do ano 2009 era do 12,6 por cento, isto é, tres puntos máis. Antes parecíalles ben a metade de gasto e agora non lles parece ben o dobre.

Ademais, segundo os últimos datos da Enquisa de condicións de vida do INE, publicada a finais de abril deste ano, e que fan referencia ao ano 2022, reflíctese que Galicia acada o 23,6 por cento da taxa AROPE, a máis baixa dos últimos cinco anos; a taxa nacional acada o 26

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por cento. A taxa de pobreza económica na nosa comunidade autónoma reduciuse no último ano en 2,2 puntos, situándose no 18 por cento, é dicir, a taxa máis baixa dende o ano 2015, e 2,4 puntos inferior á media nacional, que é do 20,4 por cento. Son datos que demostran que as políticas do Goberno galego de loita contra a pobreza e a exclusión social van na boa dirección, e que son efectivas. Claro que todo se pode mellorar, e niso estamos, concretando as novas medidas dos orzamentos para o vindeiro ano 2024.

Neste intre, xa temos medidas como a escola infantil gratuíta, á cal dedicamos máis de cincuenta e cinco millóns de euros anuais, e cada familia aforra dous mil euros por curso; temos xudas escolares universitarias —como dixo hai uns intres o presidente—, o que supón que aforraremos ás familias máis de douscentos millóns de euros; temos a conxelación das peaxes das estradas autonómicas e as bonificacións ao transporte público por estrada; a ampliación do calendario de vacinación, introducindo na cobertura pública varias vacinas nos últimos dous anos, o que supón un aforro para as familias galegas de máis de mil trescentos euros, concretamente oitocentos euros en vacinas pediátricas e cincocentos en vacinas para adultos; e o Bono de alugueiro social para as familias con persoas con problemas para pagar o alugueiro, do que a Xunta asume o cento por cento do gasto; ou o Programa de avais, que intenta facilitar o acceso da xente moza, dos menores de trinta e seis anos, á vivenda, avalando a súa parte do financiamento que non cobre a hipoteca para a compra dunha vivenda.

Señorías —remato xa—, son todas estas medidas importantes que, sen dúbida, serán ampliadas e reforzadas cando aprobemos os orzamentos da Comunidade Autónoma para o vindeiro 2024.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de Dª Patricia Otero Rodríguez e de D. Eduardo Ojea Arias, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a incidencia das actuacións autonómicas nos atrasos das infraestruturas estatais en construción en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días; benvida, conselleira.

É moi habitual que vostede, ao longo dos últimos anos, dedicase todos os seus esforzos a criticar ou a poñer en cuestionamento decisións e actuacións do Goberno central, e, polo tanto, que perdese o tempo que debía dedicar a facer as actuacións que lle confire o seu cargo como conselleira de Infraestruturas e Mobilidade. Dedica todo ese tempo a criticar e a poñer en cuestionamento as decisións e as actuacións do Goberno central e olvídase de que vostede ten competencias en infraestruturas, de que vostede ten competencias en mo-

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bilidade e de que vostede ten tamén competencias en augas de Galicia. E estivémolo a ver ao longo de todos estes anos, cando vostede criticaba e dicía que non ían chegar esas bonificacións ás peaxes da AP-9, e aí están, dende o ano 2021; por certo, non contaron co apoio do Partido Popular para que se levaran a cabo adiante esas bonificacións. Vostede mesma tamén falaba nos xornais e dicía que o AVE non ía chegar a Galicia; o AVE chegou a Galicia baixo un mandato dun presidente socialista —de Pedro Sánchez—, e está aí dende o ano 2021. Vostede tamén chegou a criticar, incluso a mentir, porque dicía que eses trens de ancho métrico, que xa estaban construídos, foran un gasto do Goberno central, e vostede coma min sabe que eses erros foron detectados no momento do deseño e non o foron cando se estaban a fabricar.

Pero vostede, ¡claro!, dedica todo o seu tempo a isto e olvídase das súas responsabilidades. Por certo, quero recordarlle —pode falar tamén co presidente Rueda, que, ultimamente, como está pouquiño por Galicia, ao mellor non sabe— os problemas de mobilidade que teñen os galegos e as galegas. O presidente da Xunta criticaba a situación dos trens, e pode dicirlle señora conselleira cal é a situación dos autobuses, dese autobús, e, nomeadamente voulle falar da miña provincia porque o voceiro de infraestruturas do Partido Popular di que funciona perfectamente ese Plan de transportes da Xunta de Galicia na nosa provincia, e eu quero poñerlle un exemplo. Esa liña das 7 da mañá que sae de Monforte cara a Lugo, cando chega a Láncara xa non ten prazas, e as familias o que teñen que facer é turnarse para poder levar os seus nenos e as súas nenas á capital da provincia para que poidan cursar os seus estudos. Non hai prazas, señora conselleira, por moito que vostede diga. Dígalles a esas familias que teñen que facer moitos números para poder acercar os seus nenos e as súas nenas a Lugo porque non hai prazas cando ese autobús chega á Láncara.

E mire, vostede hoxe daba unha solución nos xornais, e dicía que os nenos e as nenas podían ir, en condicións de seguridade, de pé. Mire, vostede descoñece totalmente a realidade do noso territorio. ¿Vostede sabe canto tempo hai entre Láncara e Lugo? Hai máis de corenta quilómetros —máis de corenta quilómetros—, e vostede di que os nenos e as nenas de Láncara poden ir *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* poden ir, ¿poden ir de pé?; ¿poden ir de pé?; ¿e poden ir de pé incluso cando atravesan algunhas vías de alta capacidade nas cales se pode ir a noventa quilómetros por hora? Polo tanto, señora conselleira, dea vostede explicacións a esas familias.

E mire, imos falar dunha promesa tamén feita por un Goberno do Partido Popular xa hai máis de vinte anos. Hai máis de vinte anos que nunha nova campaña electoral, do por aquel entón presidente da Xunta de Galicia, dicía o señor Fraga que no ano 2010 sería unha realidade a autovía A-5, entre Lugo e Santiago, e que iso estaba contemplado no Plan director de infraestruturas de Galicia. Estou a falar de hai xa máis de vinte anos, e dicíase que esa infraestrutura sería unha realidade no ano 2010.

A historia da autovía A-54, Lugo-Santiago, que conectará o centro e o interior de Galicia está chea de atrasos. Son numerosos os reaxustes de obra, as suspensións de traballos, a modificación de trazados, a anulación de procedementos e de novas licitacións que sufriu esta infraestrutura, nomeadamente baixo os gobernos do Partido Popular e co silencio cómplice do Goberno Popular na Xunta de Galicia. Para non ir moito máis atrás na historia, quero

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

recordar que xa señora Ana Pastor paralizou, no seu momento, o tramo entre Palas de Reis e Guntín; atrasouno ata o ano 2015, cando xa tiña que ser unha realidade no ano 2010. O señor Feijóo, tamén no ano 2017, dicía que todos os treitos da A-54 estarían en servizo ou en obras ao longo do ano 2017.

Dende a chegada de Pedro Sánchez á presidencia do Goberno, as obras avanzaron a un bo ritmo a pesar dos imprevistos e a pesar de que as obras que deixou pendentes o Partido Popular, cando estaba no Goberno, implicaron máis atrasos, xa que o mal deseño inicial da mesma nalgún tramo, que non se axustaba á realidade nin tiña en conta o respecto arqueolóxico, obrigou a facer novas avaliacións medioambientais —¡claro!—, porque, como di o dito: «o que mal empeza, mal acaba». E o tramo máis complicado, máis peliagudo, que une os concellos de Melide e Arzúa, foi mal deseñado polo Goberno do Partido Popular, e obrigou o Goberno de Pedro Sánchez a facer novas avaliacións ambientais. Esta é a realidade de por que se atrasaron esas obras.

A pesar de que esta infraestrutura fose totalmente esquecida durante moitos anos polo Partido Popular de Galicia, en setembro do ano 2022 decidiu iniciar unha campaña terxiversando a realidade dos feitos, empregando o manido mantra de que «Sánchez marxina Galicia» e pedindo ao Goberno central que acelerase os prazos desta infraestrutura, presentando mocións, tamén nos concellos, para presionar o Executivo central. A nós parécenos ben que, dende logo, o Partido Popular e a Xunta de Galicia pidan ao Goberno central que axilice as obras, que faga as súas competencias, pero —¡claro!— hai que ser coherentes, e o mesmo que piden a outras administracións tamén deben facelo aquí, en Galicia.

De novo, o Partido Popular de Galicia, nun novo exemplo de cinismo político a que xa nos ten acostumados, na campaña das recentes eleccións xerais de xullo, preguntábase por que a A-54, Lugo-Santiago, non estaba rematada. A secretaria xeral do Partido Popular dicía, na recta final desa campaña, que isto era unha mostra do maltrato do sanchismo e un asañamento con Lugo. Nese mesmo acto, o cabeza de lista do Partido Popular ao Congreso dos Deputados pola provincia de Lugo —porque si; nestas últimas eleccións o que elixiamos eran os deputados e as deputadas, os senadores e as senadoras, que son eles os que despois elixen o presidente do Goberno. A ver se lles entra unha vez na cabeza ese artigo 99 da Constitución española—, o señor Conde, dicía que xa non había cabida para máis escusas para non rematar esta infraestrutura. Ben, o certo é que esas preguntas, que os populares parecían dirixir ao Partido Socialista, deberían ir dirixidas á Xunta de Galicia, e nomeadamente a vostede, señora conselleira, xa que, cando facían estas declaracións, o Goberno galego, debido ao seu desleixo de obrigas e á ineficacia administrativa, estaba a atrasar e a paralizar intencionadamente un permiso necesario para poder avanzar nas obras desta infraestrutura.

A finais de agosto coñeciamos que Augas de Galicia, como organismo que regula as cuncas fluviais, tiña unha solicitude de permiso dende o pasado mes de abril; este permiso foi solicitado no mes de abril. Este atraso saíu á luz pública a finais de agosto, pero xa coñeciamos que a Xunta tiña dende o mes de abril esta solicitude de permiso para autorizar unha obra imprevista —imprevista— nesta infraestrutura, e que era necesaria esa autorización da Xunta de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Repito, en abril a empresa encargada de facer as obras solicitaba o permiso e o proxecto para o retranqueamento do río Ladrón, que permitirá seguir avanzando nas obras dun viaduto no tramo Arzúa-Melide, da A-54. A Xunta de Galicia atrasou este permiso máis de catro meses e medio, e —casualidades da vida, como nos teñen tamén acostumados, señora conselleira— deron ese permiso aos poucos días de que este atraso saíse á luz pública. Ao día seguinte de que Augas de Galicia dese o permiso, o MITMA iniciou os traballos de desvío da canle do río para poder continuar coas cimentacións do viaduto. O proxecto presentado a Augas de Galicia pretendía facer estas obras durante os meses de xullo, agosto e setembro, por ser os meses con mellores perspectivas climatolóxicas para poder levar adiante estas obras, pero, debido ao desleixo de funcións da Xunta de Galicia, isto non poderá ser unha realidade, xa que a dita autorización non chegou ata o día 30 de agosto —repito—, autorización solicitada en abril do ano 2023.

Claro, non quero pensar, señora conselleira, que ese atraso con ese informe preceptivo e necesario para poder avanzar nas obras da autovía A-54 se debese a intereses electorais do Partido Popular, porque, cómpre recordar que en maio había eleccións municipais, precisamente en xullo —cando os cargos do Partido Popular formulaban esa pregunta de por que se estaban a atrasar as obras na A-54—, había eleccións xerais. Claro, e na Xunta de Galicia estaba agochadiño ese papel nos despachos de Augas de Galicia, e a conselleira, a verdade, é que estaba mirando cara a outro lado e deixando que os deputados do Partido Popular fixesen un pouco o ridículo. Polo tanto, non foi ata o momento en que se fixo público o atraso deste informe, non foi ata ese momento que a Xunta de Galicia, e a consellería que vostede preside e dirixe, se puxo a traballar.

Nós hoxe queremos saber cales foron os motivos —porque non queremos pensar que foron motivos electoralistas— polos que Augas de Galicia atrasou este permiso de retranqueamento; se non pensa a Xunta de Galicia que coa súa escasa celeridade vai provocar un atraso inxustificado neste tramo de obra. Recordemos, vostedes piden axilidade ao Goberno central e vostedes que poden dar axilidade a un trámite preceptivo escóndeno nun caixón.

E, ¿pensa a Xunta de Galicia que, neste caso, actuou coa celeridade que o propio Goberno reclama ao Goberno central no tocante a esta infraestrutura? Mire, a verdade é que esta última pregunta me recorda algo á intervención de onte do señor Feijóo. Ese imaxinario delito de deslealdade institucional —non se preocupe, señora conselleira...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...que a imos salvar nós, os socialistas, porque Feijóo non vai ser presidente— non vai ser unha realidade. Vostede, a verdade, tiña moitas cartas para ser a primeira imputada e investigada por este delito imaxinario de deslealdade institucional do señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Pola miña parte nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle, que fará a súa intervención sentada dende o escano, tendo en conta a súa lesión física.

Polo tanto, cando queira pode comezar.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Eu agradezo que sacase, e refrescase, á memoria eses episodios gloriosos deses trens que no caben nos túneles, pero en calquera caso —vendo a orde do día—, o certo é que me sorprendeu; pero tamén, escoitando a súa intervención —a interpelación—, considéroa absurda porque cómpre indicar que trasladar ese atraso inxustificado da A-54 á Xunta de Galicia é absurdo. Eu creo que se equivoca e se trabuca, e o atraso inxustificado é da ministra Raquel Sánchez e, polo tanto, do Goberno de España que preside Pedro Sánchez. O único atraso inxustificado da autovía Santiago-Lugo é do Goberno de Pedro Sánchez, que dixo que iamos ter a autovía para o Xacobeo —e iso que o Xacobeo foron dous anos— , e non está finalizada; a ver se está no ano 2025.

Agora resulta que é culpa da Xunta de Galicia unha autorización sobre un regato, que parece que atopan de súpeto, porque esperaron cinco anos para pedir unha autorización. ¿Como esperan cinco anos para pedir unha autorización, cando nos mapas e na cartografía, señoría, está o rego Ladrón de sempre: *(A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mostra un documento ao resto da Cámara.)* cartografía vinte e cinco mil, a básica, a de sempre; o río Ladrón aí está. *(A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mostra outro documento ao resto da Cámara.)* No visor de Augas de Galicia tamén está o río Ladrón, por se non o sabe —vostedes non deben ver as cartografías cando fan e deseñan as obras—; *(A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mostra un outro documento ao resto da Cámara.)* e tamén está no mapa do voo americano. Polo tanto, o río Ladrón leva aí toda a vida —séculos—, e vostedes tardan cinco anos en pedir unha autorización. Non se decatan de que hai un rego aí. Creo que o viaduto incluso se chama viaduto do rego Ladrón, e vostedes acúsannos, cando vostedes atrasan cinco anos a solicitude dunha autorización.

E aquí están os feitos: o prazo de execución desta infraestrutura é un feito irrefutable; hai un incumprimento sistemático do Goberno de España de Pedro Sánchez e da ministra Raquel Sánchez nesta autovía. Ía estar para o Xacobeo —dous anos de Xacobeo—, e non temos autovía. É incontestable tamén a falta de impulso do Goberno de Pedro Sánchez ás necesidades das infraestruturas aquí, en Galicia. E o certo é que vén aquí vostede enarborar, con vigor e ledicia —desmedida, diría—, esas obras da A-54, como se se tratase dun santo grial, coa capacidade para compensar esa montaña de agravios que ten o Goberno de España presidido por Pedro Sánchez coas infraestruturas de Galicia.

Eu creo sinceramente que esta iniciativa raia no ridículo, *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* de vir acusar...—¡que si, señoría!—...cinco anos; *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* tardan cinco anos en pedir unha autorización e culpan a Xunta de Galicia, cando tardan cinco anos en pedir unha autorización dun rego —volvo insistir— que leva aí toda a vida. Polo tanto, vir aquí xustificar e denunciar

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que o atraso que acumula esa autovía é culpa da Xunta de Galicia, por suposto que raia no ridículo. E é incongruente, ademais, cando a piden no mes de abril e requiren unha autorización —como digo— para unhas obras que empezaron no ano 2018, e tiveron cinco anos para pedir a autorización do que piden, que é desviar un rego.

Dende logo, pon por diante as siglas e non pon por diante a provincia de Lugo, que debería ser o seu deber, e está aquí a salvar a cara ao Goberno de Pedro Sánchez con iniciativas que deixan claro que lle importan moi pouco os problemas dos galegos; ao que vén aquí é defender as siglas e lavarlle a cara a Pedro Sánchez. Ademais, é unha iniciativa que se votou aquí no Parlamento de Galicia por unanimidade para avanzar nas infraestruturas de Galicia, tamén nas infraestruturas ferroviarias, e non se pode estar en misa e repicando. Eu non sei en que parte está vostede, se coa provincia de Lugo ou unicamente con Pedro Sánchez —si ou si—, xustificando o inxustificable. A A-54 sabemos todos que é moi importante. Cando estea rematada suporá un avance na seguridade viaria e na competitividade e, ademais, será a alternativa ás estradas nacionais —na que é necesario, dende logo, actuar—.

E volvamos á interpelación. Aquí vén vostede realizar unha acusación gratuíta, dicindo que é a Xunta de Galicia a que atrasa esta autovía, cando o Ministerio de Transportes tardou cinco anos —volvo dicir— en pedir unha autorización. E volvo insistir *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que o rego Ladrón leva aí toda a vida —séculos—, *(A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mostra un dos documentos, que amosou con anterioridade, ao resto da Cámara.)* e está nas cartografías. ¿Vostedes non sabían que está aí? ¿Non usan as cartografías e os mapas para executar as obras? Polo tanto, é un atraso inxustificado tardar cinco anos en pedir unha autorización. Fixemos a autorización en tempo récord, porque, señorías, vostedes tardaron cinco anos en pedila e nos catro meses en outorgala. Se quitamos a información pública —porque a información pública non é que a pedise vostede; a información pública xa a fixemos moito antes— deste procedemento, foron corenta e catro días; polo tanto, foi un tempo récord de Augas de Galicia para dar as autorizacións e foi un récord de atrasos do Goberno de España de Pedro Sánchez coas infraestruturas de Galicia, e, por suposto, coa A-54, en Galicia. Polo tanto, vostedes tardan cinco anos en pedila e nos catro meses en outorgala, e ¿que vén aquí acusar? ¡É que é o colmo dos colmos! ¿Como no vou dicir que é unha iniciativa ridícula pola súa parte? *(Aplausos.)* ¡Ridícula, señoría! *(Aplausos.)*

E, ademais, nun procedemento regrado, nun procedemento regrado no cal están pedindo desviar un rego, *(Murmurios.)* podían desviar o viaduto á rotonda, pero non. ¿Por que non desviaron a...? Colla o mapa da autovía e mire onde está a rotonda e onde está o viaduto. Se tanto problema era Augas de Galicia.... Cinco anos tardaron en pedir a autorización e catro meses e corenta e catro días soamente o prazo de Augas de Galicia. Polo tanto, damos a autorización en tempo récord e vostedes teñen récords de atrasos e récord en acusar gratuitamente o inxustificable, ademais, nun procedemento que está regrado; un procedemento que ten seis meses para outorgalo; polo tanto, houbo dilixencia total e —volvo insistir— é unha autorización en tempo récord, mentres que na A-54, por parte do Goberno de España, polo Goberno de Pedro Sánchez, houbo un récord de atrasos.

Eu non sei que pensa vostede sobre os trámites e as autorizacións de Costas —se podemos comparar—, porque entendo que o podemos comparar coas autorizacións de Costas para as

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

obras que estamos a facer no saneamento das rías. Dende logo, eu faría unha festa se a Dirección Xeral de Costas tardase catro meses en darnos a autorización —pero unha festa, ¿eh?, fariamos en Galicia—. *(Un señor deputado pronuncia palabras que non se perciben.)* E vén aquí denunciar que é cousa da Xunta de Galicia cando —volvo insistir— tardan cinco anos en pedir esa autorización dun rego que leva nos planos toda a vida, que leva séculos na cartografía e que leva aí toda a vida —parece que vostede non o sabe—. *(A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade volve coller os documentos que mostrou con anterioridade á Cámara.)* Aquí están, e déixolle as cartografías por se non o sabe; logo podemos avanzar e falar doutras cousas, xa que tamén falaba vostede das infraestruturas do Estado, que non avanzan, porque non avanzan nin a A-74, nin a A-76, nin a A-56. Non avanzan.

É un tempo perdido a reconstrución do viaduto da A-6. O Goberno de España acerta cando atende as nosas solicitudes porque a reconstrución simultánea dos viadutos era o lóxico e o sentido común, e, polo tanto, estabamos no correcto; estabamos no correcto cando denunciabamos xunto cos transportistas ese desvío que era inseguro e inútil, e así se demostrou que ese desvío non era eficaz. E o tempo deunos a razón tamén, neste caso, no viaduto da A-6, cunha seguridade viaria minguada e competitividade da nada; o tempo deunos a razón A ver que pasa co viaduto en sentido Madrid na A-6.

Se quere tamén falamos do ferrocarril. O certo é que a historia dos trens AVRIL é unha historia interminable de atraso sobre atraso, porque —insisto—, vostedes, o seu récord son os récord dos atrasos. Polo tanto, se queremos falar do ferrocarril —como vostede quixo falar do ferrocarril—, o certo é que non sabemos cando van chegar os trens AVRIL nin tampouco cando van ter a alta velocidade os veciños de Lugo e os veciños de Ferrol. En Lugo seguimos pendentes desas variantes. Lugo non vai ter nin velocidade alta nin alta velocidade porque —debería sabelo vostede— non vai superar os cento sesenta quilómetros por hora na velocidade máxima —sabe que a alta velocidade son os trescentos quilómetros por hora—.

Tampouco deron un euro para a liña de Vigo, polo Miño, na liña ferroviaria do corredor Atlántico Noroeste. ¿Que falar xa dese comisionado que está a perder o tempo?, e eu creo que é unha distracción política. Non temos un plan director.

Eu volvo insistir, paréceme ridícula esta pregunta cando tardaron cinco anos en pedir unha autorización, que dimos en tempo récord, e eu agardo que o próximo 4 de outubro nesa xuntanza co secretario do Estado nos aclare os prazos e exixiremos, dende logo, concreción e certezas para o remate desta autovía.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica da señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O que me quedou claro, señora conselleira, é que vostede non está á altura do cargo que representa; non está á altura porque abdica das responsabilidades que ten encomendadas e porque, á parte, dialecticamente tampouco está á altura para vir aquí a esta Cámara dicir «ridículo», «pitorreo», como lle dixo o outro día tamén a algunha compañeira. *(Aplausos.)*

Mire, señora conselleira, ridículo é o que está a acontecer agora mesmo noutra Cámara e non ten nada que ver cos deputados que estamos nesta bancada, *(A señora Otero Rodríguez sinala coa man esquerda en dirección á esquerda.)* senón que ten máis que ver cos deputados que están nesta parte do hemiciclo. *(A señora Otero Rodríguez sinala coa man dereita en dirección á dereita.)* Iso si que é ridículo.

Mire, señora conselleira, vostede mente; vostede mente *(Un señor deputado pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Claro!, non, non; é que aquí se permite á conselleira dicírllelo aos deputados, por tanto, imaxino que eu tamén poderei utilizar o mesmo termo. Non vin que o presidente do Parlamento lle chamase a atención á conselleira nin nesta ocasión nin tampouco na ocasión pasada.

Mire, señora conselleira, vostede mente porque di que hai cinco anos que se podía pedir esta autorización, por iso, vostede ría, cando eu lle dicía «ante unha obra ¡imprevista!»; ¿ou que me quere dicir?, ¿que o señor Feijóo cando dicía alí que todas as obras da A-54 xa estarían rematadas, no ano 2017, xa pedira tamén esa autorización? Bueno, o señor Feijóo non, pero o Goberno central, si. Mente, señora conselleira; non é verdade que o Goberno central, e a empresa que está a realizar eses traballos, tivese a oportunidade hai cinco anos de pedir esta autorización —repítolle— dunha obra imprevista. No momento en que se detectou a mesma solicitouse o permiso a Augas de Galicia en abril deste ano, señora conselleira. E vostede di que non me ten que pedir a min esa fase pública de información pública; eu, dende logo, non lle pedín iso. Eu o que lle dixen é que cando houbo unha denuncia pública —e non fase de exposición pública— foi cando vostedes se puxeron a traballar porque esta denuncia tivo lugar a finais de agosto deste ano, e vostedes, inmediatamente, dous días despois de que saíse á luz pública este atraso de Augas de Galicia, emitiron ese informe. Nin sequera esperaron ese prazo de seis meses que —como dixo vostede— contemplaba a lei; ou sexa —casualidades da vida—, vostedes méteno nun caixón, durante dous procesos electorais e con toda intencionalidade para botarlle a culpa dos atrasos na A-54 ao Goberno central, cando vostedes estaban a paralizar con ese trámite necesario e preceptivo, e despois sácano; sácano despois de pasadas as eleccións e despois de que haxa unha denuncia pública dicindo que hai ese atraso. Polo tanto, señora conselleira, é faltar bastante á verdade.

Vostede falaba de que se votara tamén por unanimidade nesta Cámara darlle impulso á A-54. Se quere recórdolle tamén cantas iniciativas votamos por unanimidade nesta Cámara, nas cales pediamos impulsos á Xunta de Galicia en infraestruturas que son da súa competencia. Se quere podemos falar da miña provincia: recórdolle aí a VAC da Costa Norte —non sei—; imaxino que con tantos anos que leva de parálise nin sequera se acordará da mesma. E, se quere, tamén podemos falar desa estrada do Courel, tamén totalmente abandonada, e tamén —casualidades da vida— no momento en que estabamos a formular unha pregunta neste Parlamento relativa aos atrasos e á falta de información sobre a estrada do Courel, foi

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostede a Lugo coa alcaldesa do Courel e fixo unha rolda de prensa; ¡claro!, xusto cando estabamos nós a preguntar sobre o atraso nesta infraestrutura. ¡Home!, casualidades da vida.

Mire, se quere podemos falar de moitísimos máis atrasos, xa que falaba vostede da miña provincia, pero podo falarlle tamén da Rolda Leste, aquela que saíra vai facer un ano, da que, cando presentaban os orzamentos nesta Cámara, xa diciamos que era un *bluf*; que era para darlle un impulso a unha candidata do Partido Popular que se presentaba alí no Concello de Lugo. E xa lle diciamos daquela, señor Balseiro, que non ían ser capaces de executar un só euro neste exercicio, e estamos chegando ao mes de outubro e xa vimos que no foi executado nin un céntimo na Rolda Leste ou no plan Paradai. Podemos falar de moitísimas e moitísimas infraestruturas. Vostede tamén sacaba agora a colación as obras do viaduto da A-6. Non se preocupe tanto das de competencia estatal e preocúpese un pouquiño máis das de competencia autonómica porque, se quere, podo falarlle tamén de pontes de menor envergadura, pero creo que teñen deberes por facer en Ponte Arnelas; ¿sóalle? *(Aplausos.)*

Polo tanto, cadaquén ao seu, señora conselleira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nós o que lle pedimos é máxima dilixencia, máxima celeridade, tamén lla pedimos ao Goberno central, pero a vostede pedímoslle que non volva paralizar intencionadamente ningún documento que sexa preceptivo para obras que son de competencia do Goberno central.

Despois, xa sabemos, teñen un leitmotiv moi fácil: «é que o Goberno central marxina Galicia», «é que Pedro Sánchez marxina as infraestruturas en Galicia». E, ¿vostedes que fan para poder axilizar estas infraestruturas cando teñen a posibilidade na man? Agochar ...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...informes, señora conselleira.

Polo tanto, o que lle pedimos é que isto non volva acontecer. Non é verdade que houbese posibilidade, dende hai cinco anos, de pedir esta autorización. Como lle dixen, é unha obra imprevista. Eu non son enxeñeira, pero o de «imprevista», «imprevista», todos entendemos o termo. Polo tanto, esperamos e agardamos a que o Goberno galego actúe coa máxima celeridade nas obras que son da súa competencia e tamén nos informes que son da súa competencia e que non impliquen atrasos do Goberno central.

Pola miña parte nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten a palabra novamente a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, o certo é que comparar Ponte Arnelas coa A-6 é como comparar o touciño coa velocidade; *(Murmurios.)* o certo é que, señoría, en materia de infraestruturas é comparar o touciño coa velocidade porque o que está a acontecer na A-6 dá para escribir moitos libros e pasará este ministerio á historia por deseñar trens que no caben polos túneles, por colapsar os viadutos e por facer desvíos que son inseguros; polo tanto, dende, logo é comparar churras con merinas, pero, en calquera caso, podemos falar de moitas cousas do Goberno de España: o socavón da vergoña na non autovía da Mariña; *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* a non autovía da Mariña, que debería executar o Goberno de España, o que temos un socavón. En vez dunha autovía, os veciños da Mariña teñen un socavón.

E, polo tanto, eu, señoría... *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rógolle que escoite a contestación da señora conselleira, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Eu non dixen nada de vostede. Eu falei desta iniciativa; lendo esta iniciativa, escoitando a iniciativa, creo que raia no ridículo, incluso me parece patética, *(Murmurios.)* pero creo que é un obxectivo cualificativo da iniciativa que indican. Volvo insistir, están denunciando un atraso da Xunta de Galicia por unha autorización dun rego, o Ladrón, sobre o cal tardaron cinco anos en pedir autorización; e os regos non son imprevistos, ¿eh?, ¡os regos levan aí toda a vida! E se vostedes ven un imprevisto, pois desvíen o viaduto, pero non desvían o viaduto. Imos botar a culpa á Xunta de Galicia. ¡Cinco anos!; ¿en cinco anos non puideron ver como desviar o viaduto? O rego Ladrón non é un imprevisto, señoría. Por iso é que me parece que raia no ridículo esta iniciativa, cando vostedes tardan cinco anos, e o Goberno de España tarda cinco anos, en pedir unha autorización, mentes que nós respondemos, en tempo récord, en catro meses —volvo dicirlle, que faga unha festa; facemos todos unha festa se a Dirección Xeral de Costas dá só unha autorización en catro meses—. Entón, ¿como definimos, entón, a Dirección Xeral de Costas cando nin en anos dá as autorizacións?

E vostede vén aquí con esta iniciativa —volvo insistir— que me parece ridícula; é ridículo acusar a Xunta de Galicia dun atraso que non é para nada noso. ¿Por que non pediron a autorización no ano 2022? ¡Pregunto!, ¿porque non a pediron no ano 2022?; ¿por que non a pediron no ano 2020? ¿no ano 2021? Cinco anos tardan vostedes en pedir unha autorización e logo tardamos corenta e catro días no trámite de expediente, se descontamos a información pública, e veñen vostedes aquí acusarnos de algo que, por suposto, me sorprende e, por suposto, penso que esta iniciativa o certo é que non está á altura do que temos que abordar aquí, porque, sinceramente, acusar Augas de Galicia non está a altura, dende logo.

O certo é que Galicia está discriminada; está discriminada polo Goberno de España. Vostede vén aquí lavar a cara ao goberno de España, e o certo é que a provincia de Lugo é a que máis está fóra dos investimentos do Goberno de España e do Goberno de Pedro Sánchez, e temos moitos exemplos: a propia autovía Lugo-Santiago, da cal estamos falando hoxe, tiña que estar rematada no Xacobeo —que foron dous anos—; tiña unha oportunidade de dous anos, e non está rematada. Lugo-Ourense está sen empezar. O socavón da Mariña leva oito meses, e segue habendo socavón. E logo veñen vostedes aquí darme lecciónes e comparar a A-6 con Ponte Arnelas.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Estamos falando de infraestruturas, señoría, e vendo que non acoden ás cartografías oficiais para comprobar certas cousas, ¿que quere que lle diga? En Lugo tampouco temos ningún novo centímetro de autovías; a A-76 tampouco; a deficiencia das estradas e da conservación das estradas, dende logo, é de competencia estatal. É moi preocupante. O que pasa na A-6 xa o comentei. Eu pídolle que se preocupe pola liña ferroviaria Ourense-Monforte-Lugo, que pida as variantes, porque —volvo insistir—, a obras que se están a realizar... que o túnel de Oural pode ser moi espectacular, pero fan un túnel paralelo sen cambiar o trazado; sobre un túnel paralelo existente fan un túnel novo porque non cabe a catenaria e non se van modificar as velocidades; a velocidade non vai superar os cento sesenta quilómetros por hora na liña ferroviaria. Iso non é alta velocidade nin velocidade alta. Non o podemos comparar nin co Eixe Atlantico.

Polo tanto, parece que non lles importa o que está a facer o Goberno de España con esas carencias en materia de infraestruturas. Eu pídolle que sexa coherente, e, dende logo, esta escusa é insólita.

Pola miña parte, nada máis.

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Continuamos coas interpelacións; neste caso coa que está no punto 5.3, de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e de don Gonzalo Caballero Miguez, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten dez minutos para formular a interpelación.

Ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Bo día, señores e señoras deputadas.

Bo día, señor conselleiro.

Estamos a piques de iniciar o trámite parlamentario para aprobar eses orzamentos de Galicia para o exercicio do ano 2024; de feito, se non hai novidades, entendemos que, a finais do mes de outubro, entrará neste Parlamento o proxecto de lei para ser debatido. Gustaríanos que vostede, como conselleiro con competencia nesta materia, nos adiantase cal vai ser a política fiscal da Xunta de Galicia para o ano 2024.

Os presidentes da Xunta de Galicia, primeiro Feijóo e agora Rueda, teñen anunciado, dende o ano 2016, unha serie de rebaixas fiscais que se incrementaron cada ano, sumándose así a

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha política fiscal adoptada por outras comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular e facendo seguidismo deses anuncios, desa lideresa do seu partido, da señora Ayuso, que chegaba a eliminar todos os impostos xestionados pola Autonomía, e que despraza a maior parte da carga tributaria na participación dos ingresos estatais, renunciando a aplicar políticas máis progresivas, segundo as que paguen máis aqueles que máis gañen, ben a través do incremento nos tramos do IRPF, ben a través do incremento do imposto sobre o patrimonio ou de sucesións.

Hai uns días, o presidente Rueda anunciaba que o seu obxectivo de cara aos orzamentos para 2024 era consolidar estas rebaixas fiscais, e, se se podía, facer máis. Señor conselleiro, eu quérolles recordar —a vostede e a todo o Goberno galego— o sucedido no Reino Unido coas políticas anunciadas por esa primeira ministra Liz Truss —que ninguén recorda, pero que durou corenta e cinco días en Downing Street—, isto é, polo anuncio de baixadas de impostos xeneralizadas, coas que ninguén estivo de acordo e polas cales a economía do Reino Unido estivo a piques de que caese en picado. Parece que vostedes non aprenden de que esa é unha política errada, e non deberían seguir nesa senda. Ademais, tamén recordamos perfectamente como ante este anuncio da señora Liz Truss, a señora Ayuso aplaudíao —a lideresa do seu partido; a que impón cales son as medidas e cales son as políticas que se deben desenvolver naquelas comunidades autónomas que son gobernadas polo Partido Popular—; e tamén recordamos o presidente Feijóo e o presidente Rueda dicindo que onde mellor están os cartos é no peto da cidadanía.

Pois ben, señor conselleiro, aos socialistas preocúpanos esta cuestión; por iso hoxe interpelámolo e pedímoslle claridade para ver o que están a facer de cara á aprobación deses orzamentos para o 2024. Dende que vostedes gobernan, nesta Xunta de Galicia temos unha política fiscal regresiva que favorece os que máis teñen, o cal supón unha perda de ingresos nas arcas autonómicas para poder facer unha redistribución da riqueza, para poder mellorar os servizos públicos, axudar os fogares que máis o precisan, fundamentalmente nuns momentos de crecemento de prezos e cando vostede sabe perfectamente que Galicia é unha das comunidades que sofre uns incrementos no índice de prezos ao consumo máis elevados que na media do Estado.

Voulle recordar, señor conselleiro, o contido do artigo 31.1 da Constitución española, que establece que todos contribuiremos para o sostemento dos gastos públicos, de acordo coa nosa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto, inspirado nos principios de igualdade e de progresividade. Pois ben, os impostos son un fondo común ao que cada persoa tributaria obrigada achega recursos en función das súas posibilidades para poder atender as necesidades colectivas, nomeadamente o custo dos bens e dos servizos públicos, para satisfacer esas necesidades que cada persoa por si mesma non sería capaz de cubrir.

Ser garante da Constitución non é levar pulseiriñas, envolverse en bandeiras e en himnos; ser garante da Constitución é dar cumprimento aos seus mandatos, promover as condicións para que a liberdade e a igualdade sexan reais e efectivas, protexer economicamente as familias, promover as condicións máis favorables para o progreso social e económico, facer unha asignación equitativa dos recursos públicos e planificar a actividade económica para atender as necesidades colectivas e estimular o crecemento da renda e a súa máis xusta dis-

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tribución. Os socialistas temos claro que o sistema impositivo é fundamental para conquerir esa redistribución da riqueza e para acadar esa sociedade máis igualitaria, máis xusta, cuns servizos públicos de calidade ao alcance de todos e de todas e que favorezan as persoas máis vulnerables, impedindo a súa exclusión social. Queremos un Estado de benestar baseado nunha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade e que reverta esa precariedade, ese desmantelamento que levamos sufrindo nestes catorce anos de Feijóo e de Rueda. Os socialistas tamén queremos unha educación pública, universal, gratuíta e de calidade, revertendo tamén a precariedade deses catorce anos de Feijóo e de Rueda. Queremos que vostedes volvan activar esa medida posta en marcha polo Goberno de Touriño, eliminada polo señor Feijóo nada máis chegar ao Goberno da Xunta de Galicia, como é algo tan xusto como a gratuidade universal dos libros de texto e do material escolar para axudar as familias a sobrelevar o comezo escolar. E os socialistas tamén queremos uns servizos sociais públicos, universais e de calidade, que impacten na situación de vulnerabilidade que están a padecer moitas familias na nosa comunidade, e que erradiquen a pobreza, atendendo a ese terceiro piar do Estado de benestar, que nunca estivo nas prioridades da Xunta de Galicia nin con Núñez Feijóo nin agora con Rueda.

Xa que logo, señor conselleiro, o sistema impositivo ten que gravar quen máis ten. Temos que dotarnos dun sistema progresivo; non se pode tratar impositivamente igual quen é diferente para poder conquerir ese Estado de benestar e ese progreso que o noso país necesita. As administracións teñen que garantir a igualdade de dereitos e tamén a igualdade de acceso a eses dereitos. Moitos dos beneficios fiscais, que este Goberno do Partido Popular anuncia a bombo e prato, consisten en pequenos regalos a contribuíntes escollidos, e que apenas teñen un impacto na maioría da poboación. A Xunta mantén ese márketing fiscal anunciando rebaixas fiscais que pouco inciden na maioría da poboación, sendo as medidas con maior calado de impacto orzamentario esas rebaixas do ano pasado nun vinte e cinco por cento na cota do imposto sobre o patrimonio e, para este ano 2023, noutro vinte e cinco por cento, e, polo tanto, acadando un cincuenta por cento de rebaixa na cota do imposto sobre patrimonio aquelas persoas que máis teñen na nosa comunidade; é dicir, un agasallo que, en 2023, supuxo uns catro mil quiñentos euros de media aos sete mil setecentos galegos e galegas que máis teñen na nosa comunidade, e deixando de percibir —tal como vostedes plantexaban na Lei de orzamentos— case trinta e cinco millóns de euros, aos que a Xunta de Galicia renuncia recibir só neste exercicio.

E os socialistas cremos que quen gaña máis debe participar e contribuír un pouco máis para que todos esteamos mellor; deben contribuír algo máis para fortalecer ese Estado de benestar. No ano 2022, a rebaixa no IRPF supuxo para a media dos ingresos deste país, é dicir, para uns vinte e mil euros ao ano, unha rebaixa dun euro ao mes —ou se quere doce euros ao ano—, fronte aos catrocentos euros que tiveron de rebaixa as rendas de máis de sesenta mil euros, e no 2023 é unha media duns catrocentos euros. A min gustaríame saber, señor conselleiro, se vostede considera que con eses doce euros que lles baixaron ás familias menos podentes, ou incluso eses catrocentos euros dos que falan durante este exercicio, son suficientes para poder atender e reverter esas eivas que sofren na súa propia persoa, eses problemas que lles está ocasionando esa falta de profesionais na sanidade, esa mala atención que temos na sanidade, ou para poder iniciar o curso escolar con ese material escolar que cada vez é máis caro, ou os libros de texto que necesitan os nenos e as nenas, para poder ir en igualdade de condicións ás escolas nas cales estean escolarizados.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, señor conselleiro, vostede sabe perfectamente que a Axencia Estatal de Administración Tributaria acaba de publicar a estatística dos declarantes do imposto sobre o patrimonio, baseada nas declaracións deste imposto correspondente ao exercicio fiscal de 2021; un imposto que está regulado nunha lei do ano 1991 e que establece como obxectivo a busca da eficacia da utilización dos grandes patrimonios, contribuíndo á redistribución da riqueza de xeito complementario ao IRPF.

Á vista destes estatísticas, o que nos din é que en Galicia en 2021, sumabamos trescentas dezasete persoas máis ricas que no ano anterior, e que o seu patrimonio se disparaba en sete mil seiscentos millóns de euros. E, mentres, a Xunta de Galicia segue a bonificar eses máis ricos...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...esas persoas máis podentes —remato xa, señora presidenta — con ese cincuenta por cento na cota íntegra do imposto sobre o patrimonio.

A verdade é que seguirei máis adiante, porque vostedes mentres lles rebaixan aos máis ricos, non teñen vergoña en quitarlles aos máis pobres.

(*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Señora presidenta.

Señoría.

Grazas pola súa pregunta. Pregúntame vostede pola política fiscal que vén desenvolvendo o Goberno galego, referíndose polo miúdo ao levado a cabo dende o ano 2016; das medidas fiscais do orzamento para 2024 falaremos no debate dos orzamentos, se me permite a licenza.

O primeiro que me gustaría salientar é que o Goberno galego ten un modelo consolidado máis alá de 2016, durante máis dunha década, cunha axenda propia que reforzamos en cada orzamento. É un modelo que ten dúas características principais: a primeira, é evitar a suba dos impostos e baixalos en todo o que podamos sen afectar en ningún caso o Estado do benestar; e a segunda, é priorizar as rendas medias e baixas, as familias e os mozos, ademais de dinamizar a economía promovendo a creación de riqueza e de emprego. Trátase dun modelo coñecido sobre o cal debatemos anualmente no trámite orzamentario. Tamén entendo que a súa señoría non estea de acordo cos piares deste modelo, sobre todo co primeiro obxectivo, isto é, o de non subir impostos, posto que en cada debate orzamentario a posición do Grupo

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Socialista é subirlles os impostos aos galegos ano tras ano; o mesmo que está a facer no Goberno central o señor Sánchez. A posición do Goberno de Galicia é a contraria; por iso levamos aplicando dende o ano 2009 esta política de alivio e de competitividade fiscal.

Señoría, feita esta introdución, analicemos agora as características e os beneficios deste modelo fiscal. Estou de acordo con facer un balance dende o ano 2016, que foi realmente o primeiro ano no cal puidemos tomar as medidas máis ambiciosas en materia fiscal, logo da gran crise financeira dos anos anteriores, e no que responsablemente non levamos a cabo ningún beneficio fiscal xeneralizado.

A primeira consecuencia de todas estas decisións que leva tomando este Goberno galego, e que —insisto— formulamos en cada orzamento, é que hoxe podemos afirmar que Galicia está consolidada como unha das comunidades autónomas co mellor tratamento fiscal para as rendas medias e baixas. E non o dicimos nós, senón que o reflicten os datos, como agora veremos. E isto lográmolo, en boa medida, porque temos unha folla de ruta clara, na que tan só nos debemos aos intereses dos galegos e das galegas. Permítame lembrarlle, de xeito breve, as principais medidas fiscais aprobadas: en materia de IRPF, este Goberno aprobou catro rebaixas no tramo autonómico nos últimos nove anos, cun obxectivo prioritario, isto é, favorecer de xeito especial as rendas medias e baixas. O resultado é que Galicia é hoxe a segunda comunidade autónoma cun mellor tratamento fiscal para as rendas, nos tres primeiros tramos autonómicos menores de trinta e cinco mil euros. Deste xeito, os contribuíntes galegos puideron aforrar de media, na campaña da renda realizada esta primavera, correspondente ao pasado exercicio, catrocentos sesenta e seis euros en relación co que pagaban no ano 2009. Evidentemente, esta contía é un alivio fiscal, e pode que non sexa dabondo para facer fronte a todas as súas necesidades, pero axuda.

En materia de sucesións, Galicia está entre as comunidades autónomas cun mellor tratamento fiscal neste imposto para os familiares directos; de feito, o 99,9 por cento deste tipo de herdanzas non tributan, e esta porcentaxe pode traducirse en que máis de setecentos oitenta e cinco mil beneficiarios galegos empregaron esta bonificación fiscal dende o ano 2016. Nas sucesións entre irmáns, dobramos o importe exento de tributar, de oito mil a dezaseis mil euros para que seis de cada dez herdanzas deste tipo non teñan que pagar nin un só euro, e tamén máis de doce mil novecentos galegos e galegas xa se beneficiaron desta medida.

E no imposto de transmisións patrimoniais, o ano pasado aprobamos unha rebaixa do dez por cento, na cal o tipo xeral pasou do nove por cento ao dez por cento. O obxectivo era reducir a tributación das familias que adquiren unha vivenda e favorecer a dinamización do mercado inmobiliario e a rehabilitación que leva implícita a adquisición de moitas vivendas de segunda man. Pero neste imposto, hai que ter en conta que contamos con tipos reducidos para colectivos que mesmo chegan a non ter que pagar nada: o tipo reducido do sete por cento para a compra de vivenda habitual, cun límite de patrimonio; o tipo reducido do cinco por cento, cando a compra se realiza en zonas pouco poboadas; o tipo reducido do tres por cento para menores de trinta e seis anos, familias numerosas, persoas con discapacidade e vítimas de violencia de xénero; e a eliminación deste imposto —cero— cando os colectivos, que acabo de sinalar, compran unha vivenda habitual en zonas pouco poboadas. Todo isto son beneficios fiscais.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, Galicia foi pioneira en España en implantar o Programa de impostos cero no rural, co obxectivo de evitar o pagamento de impostos a todos aqueles que aposten por vivir no rural e do rural, isto é, impostos de competencia da comunidade autónoma. Na actualidade ninguén tributa en Galicia por calquera compravenda de solo rústico; por calquera transmisión, sexa total ou parcial, de explotacións agrarias; e por calquera agrupación de fincas rústicas. Dende o ano 2016 beneficiáronse cento sesenta e un mil galegos. *(Aplausos.)*

Señoría, son medidas importantes que —como acabo de expoñerlle con datos— se traducen en beneficios concretos para as persoas. Pero, ademais, no Goberno galego somos plenamente conscientes de que na actual conxuntura, diante da alta inflación, tiñamos que tomar novas decisións, e é o que fixemos nos orzamentos en vigor —por certo, co voto en contra do seu grupo—. Neste 2023, quixemos que as familias fosen o centro das políticas de loita contra a inflación mediante, novamente, baixadas de impostos. O noso obxectivo era, por un lado, mitigar os efectos da inflación da renda dispoñible das familias e, polo outro, reforzar o impulso e a reactivación económica, dentro das nosas posibilidades e sen afectar sempre a prestación dos servizos públicos fundamentais obxecto da nosa competencia. Así adoptamos unha serie de medidas para reducir a imposición persoal sobre a renda das persoas físicas, deflactando, con carácter retroactivo —como sabe—, dende o 1 de xaneiro do 2022, os tres primeiros tramos do IRPF, e minorando o tramo máis baixo e aumentando os mínimos persoal e familiar; isto está a beneficiar, con máis intensidade, as rendas máis modestas, e supuxo acumulativamente a rebaixa da tarifa do ano 2022, un aforro para os galegos de cento vinte e oito millóns de euros. Como dicía, o seu grupo votou en contra de todas estas medidas de alivio fiscal.

Ademais —reitero—, o carácter retroactivo destas medidas permitiu que, na pasada campaña da renda, de media cada contribuínte galego pagase catrocentos setenta e seis euros menos de IRPF que cando gobernaban vostedes. Por outra banda, tamén no IRPF, fixamos para 2023, no marco das medidas fiscais de apoio á familia, unha nova dedución de douscentos cincuenta euros para os contribuíntes con dous fillos, que se equiparará, así, á das familias numerosas. Galicia será a primeira comunidade autónoma en aprobar unha medida deste tipo para as familias con dous fillos, que se aplicará na declaración da renda que se presente o vindeiro ano. Ao tempo, duplicamos a actual dedución aplicable para as familias numerosas, para que a dedución das familias con tres fillos fose de cincocentos euros, cun aumento doutros douscentos cincuenta euros por cada fillo a maiores. O seu grupo —¡como non!— tamén votou en contra desta medida.

E, ademais das baixadas de impostos, tamén quixemos actuar sobre as taxas administrativas e sobre os prezos públicos, conxelando as taxas administrativas e baixando as taxas e os prezos públicos en materias tan relevantes para as familias, como as gardarías e o acceso á universidade. *(Aplausos.)* Así, Galicia, dende o curso pasado, converteuse na primeira comunidade autónoma con gardarías de cero a tres anos totalmente gratuítas. Isto supuxo un aforro medio anual por familia duns dous mil euros. Señorías, isto é beneficio real para as familias. Outro exemplo é que levamos conxelando as taxas universitarias doce anos, cun aforro anual por alumno de mil cincocentos cincuenta euros durante os catro anos dun grao; unha medida igualmente de alivio para as familias.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señoría, este é o noso modelo fiscal: usamos a capacidade que nos atribúe o marco financeiro e fiscal da Constitución española e a LOFCA para afondar cada ano nun sistema fiscal competitivo que beneficie a cidadanía e as empresas da nosa comunidade autónoma, porque, señoría, este Goberno —reitero— toma as súas decisións tan só pensando no interese dos galegos e das galegas e co fin de acertar nas máis axeitadas. E, por suposto, temos sempre en conta calquera recomendación que nos achegue, ao respecto, o Consello de Contas, como a referente aos beneficios fiscais. Debemos ter en conta, que o beneficio social procurado vén implícito en cada beneficio fiscal, como pode ser a adquisición de vivenda por determinados colectivos a protexer, en determinadas zonas pouco poboadas ou rurais, ou por ser operacións que procuran a dinamización económica; como digo, o beneficio social procurado vén implícito nese beneficio fiscal. E por iso tamén debemos ter en conta que os beneficios fiscais non só teñen sempre unha importancia cuantitativa en relación ao que dixo anteriormente, senón que poden ter un compoñente cualitativo que pode considerar este Goberno e que é conveniente manter.

En calquera caso, obviamente, a nosa intención é sempre seguir a mellorar orzamento a orzamento.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten novamente a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro, na nosa interpelación o punto número 2 pon literalmente: *(A señora Rodríguez Rumbo le o punto 2 da interpelación.)* «Con vistas á elaboración dos orzamentos para o 2024, ¿o Goberno galego vai seguir nesta senda de política fiscal regresiva?» Non saín para nada do que estaba aquí escrito; sinto que non estea vostede na razón.

E mire, señor conselleiro, gustaríanos saber, xa que vostede fixo mención ao Consello de Contas, ¿por que vostedes nunca aceptan esa recomendación que lles pon ano tras ano e na cal lles pide que establezan obxectivos e indicadores de cumprimento para cada un dos incentivos fiscais aplicados? É o mesmo que lles vimos pedindo nós, os socialistas, ano tras ano, e vostedes néganse; polo tanto, non sabemos que teñen que ocultar.

Tamén lle preguntamos que tipo de familias favoreceron con cada un deses beneficios fiscais, e se realmente se traduciron en beneficios para a cidadanía galega; exactamente cales foron e en que datos obxectivos fundamentan a súa resposta, así como os beneficios que vostedes adoptan. Polo tanto, responda, faga o que lle di non soamente este Grupo Parlamentario Socialista, senón o que lle di, reiteradamente, o propio Consello de Contas en todos os informes de fiscalización.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, señor conselleiro, vou iniciar igual que remataba antes: vostedes o que fan é anunciar baixadas de impostos sen complexos para os máis ricos, mentres retiran, por exemplo, a Tarxeta Básica para as familias que máis a necesitan; esa tarxeta que era para alimentos, para produtos farmacéuticos, para produtos de hixiene e de primeira necesidade. Un recurso que, unido ao paraugas social do Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez, evitou que cento vinte e sete mil persoas na nosa comunidade, en Galicia, estiveran en risco de pobreza no ano 2021. E isto non o dicimos nós; dío o Informe sobre o estado da pobreza que elabora a Rede europea contra a pobreza e a exclusión social en Galicia. Ademais, este mesmo informe dinos que, no ano 2021, había en Galicia seiscentas setenta e oito mil persoas residentes en Galicia que estaban en risco de pobreza e exclusión social; estamos a falar, nada máis e nada menos, que do 25,2 por cento da poboación total galega. E os últimos datos publicados polo IGE, correspondentes á EPA do segundo trimestre de 2023, dinnos que corenta e sete mil setecentos fogares están con todos os seus membros en paro ou que vinte e cinco mil douscentos fogares non teñen ningún ingreso, e para iso tamén son os impostos, señor conselleiro.

Mire, vostede falaba de que o Goberno do Estado sobe os impostos, pois si, sóbelles os impostos a eses máis ricos, aprobando esa Lei para o establecemento de gravames temporais enerxético e de entidades de créditos e establecementos financeiros de crédito e pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas, que, como se demostrou, incrementaron, ano tras ano, os seus beneficios fiscais. E a estes, aos que máis teñen, resulta que o Goberno do Estado si que lles incrementa os impostos. ¿E sabe que fai o Partido Popular, isto é, o Partido Popular de Galicia? Pois nada máis e nada menos que recorrer contra esta lei no Tribunal Constitucional. E, ¿este recurso que vostedes fan ao Tribunal Constitucional é para reforzar as axudas aos máis vulnerables; para reforzar as axudas ás empresas ou as persoas autónomas que peor o están pasando; para reforzar as axudas á xuventude; para reforzar eses servizos básicos dos cales lle falaba antes —sanidade, educación, ou políticas sociais—; para subvencionar, ou pagar, ou axudar as familias nese inicio do curso escolar; para repoñer esa Tarxeta Básica; para políticas de vivenda...? Non señor, conselleiro. Vostedes opóñense para favorecer, novamente, os seus amigos e as súas amigas, os que máis teñen, os máis ricos a que vostedes veñen beneficiando ano tras ano —¡ano tras ano!

En fin, señor conselleiro, existen dous modelos claramente diferenciados: quen defende as persoas de ben —eses que vostedes chaman de ben—, os ricos, os máis podentes, e os que defendemos toda a cidadanía, fundamentalmente aquelas persoas máis vulnerables e as clases medias e traballadoras, que se defenden coas políticas implementadas polo Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez. Ese «sanchismo» que foi a Bruxelas para conseguir fondos europeos, máis de cento sesenta mil millóns de euros, que vostedes boicotearon; ese «sanchismo» que aprobou normas para os ERTE, para que ninguén perdese o seu posto de traballo, que rebaixou o IVE da electricidade ou do gas, a suspensión do imposto á xeración, a redución do imposto especial da electricidade, a extensión do Bono social eléctrico, o incremento do Bono social térmico, a prohibición dos cortes de subministracións, a negociación dese Mecanismo ibérico —que vostedes chamaban «o timo ibérico»— e que supuxo unha rebaixa do dezasete por cento da factura eléctrica, e a respecto do que vostedes tamén votaron en contra.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señora presidenta.

Ou esa baixada do IVE a determinados alimentos, a limitación do prezo da bombona de butano, a limitación dos alugueiros, a suspensión dos desafiuzamentos, a bonificación dos carburantes, a gratuidade nos bonos de transporte, as axudas de douscentos euros para as rendas máis baixas, ou ese ingreso mínimo vital que xa cobran máis de setenta e catro mil quiñentas persoas en Galicia, o reforzo aos servizos de atención primaria, o incremento do salario mínimo interprofesional...,

A señora PRESINDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...ou o incremento das pensións.

Para iso lle sobe o Goberno do Estado aos máis ricos, para favorecer todos, e fundamentalmente os máis pobres, e vostedes amparan unha e outra vez os que máis teñen neste país, perdoándolle unha parte importante deses recursos que poderían ir en beneficio de toda a cidadanía galega.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Ten novamente a palabra, por cinco minutos, o señor conselleiro, o señor Corgos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señoría.

Grazas polas súas aportacións e polo seu ton construtivo, pero penso que neste debate fiscal sobra un pouco de demagoxia e falta un pouco de honestidade e de dato obxectivo.

Falar de figuras tributarias, que son a excepción e non son a regra, que son moi minoritarias e non achegan capacidade recadatoria para financiar os servizos públicos fundamentais do sistema tributario español e galego, non se pode extrapolar a toda a política fiscal; así, como exemplo do seu incremento e acervo fiscal, segundo os datos da OCDE, entre o ano 2019 e o ano 2021, o Goberno de España subiu a súa presión fiscal —e non existían eses impostos extraordinarios minoritarios dos que falou contra os ricos— un 10,7 por cento. A media da OCDE subiu os impostos e a presión fiscal para eses cidadáns tan só un 2,1 por cento. Iso si que reflicte a quen se lle está exixindo que paguen os impostos, que son, coma sempre, as sufridas clases medias, señoría, por parte do Goberno central.

O Goberno galego ten moi clara a súa folla de ruta en materia de política fiscal, por varias razóns: somos previsibles e temos un modelo fiscal consolidado, cunhas medidas que están

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a funcionar e que permiten unha Galicia competitiva dende un punto de vista fiscal; un modelo permite aliviar a carga fiscal das familias, facéndoo compatible co reforzo dos servizos públicos, como se acredita en cada orzamento, e mes a mes comprobamos como a cifra de beneficiarios medra, nun Goberno galego no que queremos que Galicia siga sendo unha das comunidades autónomas con menor tributación para rendas medias e baixas e que sigamos a ser un territorio competitivo en materia fiscal, porque estamos nun territorio fiscal descentralizado e competimos coas outras comunidades autónomas e mesmo con algún país veciño que non conta coas mesmas figuras fiscais.

E, como xa sinalou o economista Charles Tiebout hai case un século, a xente vota cos pés —os que poden votar cos pés, que son os que vostede chama ricos—. E, por tanto, o sistema fiscal debe ser contributivo e competitivo para evitar esta fuxida de patrimonios.

Estamos convencidos de que este modelo é bo para Galicia e é bo para os galegos e para as galegas e por iso queremos ter unha das tarifas autonómicas de IRPF máis baixas de España nos tres primeiros tramos da renda. Queremos que os familiares directos non teñan que pagar impostos cando perden un dos seus e queremos que os impostos non sexan unha barreira para vivir ou traballar no rural. Queremos que a carga fiscal non incremente as dificultades para adquirir unha vivenda, especialmente no caso dos mozos, das familias numerosas, das persoas con discapacidade e das vítimas de violencia de xénero; velaí os beneficiarios das medidas fiscais.

E precisamente porque estamos nunha conxuntura de prezos elevados engadimos a estas rebaixas fiscais medidas tan importantes como que Galicia siga a ser un referente en medidas de conciliación coas garderías gratis e que sexamos unha comunidade cun acceso igualitario á educación superior, coas taxas conxeladas dende hai máis dunha década.

E, señoría, queremos seguir por este camiño, mantendo e tentando mellorar todas as medidas xa postas en marcha, co fin de consolidar unha fiscalidade favorable aos galegos e ás galegas. Pero é moi difícil tomar novas medidas cando no día de hoxe, a piques de rematar o mes de setembro, seguimos sen ter ningunha información do Goberno central acerca dos ingresos que son competencia recadatoria do mesmo para elaborar os nosos orzamentos. Perda coidado, que, aínda así, seguimos a traballar para aprobar no tempo e na forma os orzamentos e realizaremos as nosas propias estimacións se non contamos con esta información, ¡faltaría máis!

O que si lle podo avanzar é que si que temos decidido xa que para os orzamentos do ano 2024 consolidaremos todas estas rebaixas fiscais en vigor que lle acabo de relatar, porque entendemos que son efectivas e útiles para os colectivos aos que van destinadas e para mellorar a súa situación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día. Hai unha alteración nas preguntas, na orde das preguntas, e imos dar paso á que está recollida na orde do día no apartado 7.2.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Alteración da orde do día

Pregunta de Dª Rosana Pérez Fernández e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras contaminantes da mina de San Fins, en Lousame

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta, á que lle dará resposta a señora conselleira, ten a palabra, por tempo de tres minutos, dona Rosana Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Bo día, señora conselleira.

As denuncias da situación das instalacións mineiras de San Fins e do perigo ambiental, económico e social que representan para toda a ría de Muros e Noia cóntanse por ducias nos últimos anos, tamén as iniciativas parlamentarias solicitando medidas ao Goberno galego para cumprir e facer cumprir a lei, para actuar diante das constantes irregularidades que se veñen producindo. Ademais, demandas xudiciais, apertura de dilixencias penais contra ex altos cargos da Xunta e contra a empresa mineira e os seus administradores, actuacións da Fiscalía contra actuais altos funcionarios. En definitiva, unha interminábel maraña xudicial que se podería ter evitado se o Goberno galego tivese actuado dende o principio na defensa escrupulosa da lei e dos intereses dos seus administrados.

Neste mes de agosto coñecemos os resultados das análises levadas a cabo por Augas de Galiza augas abaixo das balsas da mina, que amosan niveis de cadmio 78 veces por enriba dos máximos permitidos, 48 veces por riba de cobre e 8 veces superiores en cinc. Unha contaminación que a Xunta recoñece por primeira vez, mais que se leva denunciando dende o ano 2015 e diante da que permaneceu cos ollos pechados e inoperante en todo este tempo.

En agosto tamén soubemos que a mina ten novos donos, unha empresa recentemente creada cun capital de 3.600 euros e co mesmo domicilio —¡casualidade!— no que residen os administradores da empresa anterior, que o que buscou precisamente coa venda foi desfacerse de calquera responsabilidade.

A mina foi pasando de man en man e no día de hoxe temos unha empresa con 3.600 euros de capital e un Goberno que agora recoñece unhas verteduras contra as que nunca antes actuou e que mesmo vén de autorizar a vertedura de 4 millóns de metros cúbicos de augas residuais industriais con altas concentracións de metais pesados que van parar á ría de Muros e Noia.

Señora conselleira, quereriamos saber: ¿que van facer para que non se sigan producindo vertidos contaminantes da mina de San Fins? ¿Van tomar medidas para salvagardar a riqueza produtiva e a saúde das persoas da comarca de Muros e Noia? ¿Ou van seguir protexendo única e exclusivamente os intereses da empresa?

Grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, e por tempo tamén de tres minutos, ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Señoría, semella que, vendo e escoitando o seu discurso, eu creo que está a sufrir o BNG unha crise de identidade con contradicións internas, porque, por un lado, indícame que debemos cumprir a lei e critícame por cumprir a lei; porque é o que están facendo vostedes: soprar e sorber, que non se pode facer ao mesmo tempo. Entón, critícame por cumprir a lei e indícame que cumpramos a lei.

E por suposto que en Augas de Galicia cumprimos polo libro a lexislación e cumprimos a lei. E, nese sentido, voulle aclarar uns conceptos básicos de que estamos a cumprir a lei e vostede, polo tanto, pide unha cousa contraria que ao mesmo tempo non se pode cumprir.

En primeiro lugar, Augas de Galicia está obrigada a tramitar todas as solicitudes. Tramítanse todas as solicitudes por un procedemento regrado; con ese procedemento regrado, se se cumpren os requisitos, outórgase; se non se cumpren os requisitos, non se outorga. O exemplo témolo por exemplo cando non se cumpren os requisitos (Varilongo), pois denegamos esa autorización, porque o contrario sería prevaricar, señoría. Nós cumprimos a lei. Pedirme que non tramite unha autorización que estamos obrigados a tramitar cun procedemento en base á lexislación sería prevaricar; entón, non me pida, por suposto, prevaricar.

En segundo lugar —para seguir aclarando—, o que autorizamos é unha depuradora; a depuradora serve para depurar; polo tanto, *(Murmurios.)* ...é unha depuradora; polo tanto, non mesturemos nin remexamos. O concepto é que se autorizou unha depuradora e non o desenvolvemento dunha actividade mineira; polo tanto, autorizamos unha depuradora.

Tamén permítame aclararlle unha cuestión importante. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ante a denuncia presentada, denegou a adopción de medidas cautelares de suspensión desta autorización da depuradora —non sei se o sabía—. E, polo tanto, enténdese, de xeito transparente, que seguimos estritamente a normativa. Polo tanto, non me pida que cumpra a lei e que a incumpra. Nós cumprimos a lei porque é o noso procedemento a seguir estritamente.

Demos un prazo de catro meses máis dous para executar esa depuradora e en canto rematou o prazo, ao día seguinte, 11 de agosto, realizouse a inspección *in situ* para ver as condicións; o 24 de agosto recibimos as analíticas; e, nese sentido, de forma inmediata abriuse un expediente sancionador por infracción grave, que pode ser ata 300.000 euros, e, nese sentido, podería supoñer tamén a revogación da autorización, e a revogación farase efectiva se na inspección que se realice o vindeiro mes de outubro se constatan incumprimentos. Porque, señoría, incumprimos a lei polo libro.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten dous minutos para a réplica a señora Rosana Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, nós o que lle pedimos é que cumpran a lei, porque incumprila xa a incumpren vostedes sen que llelo pida ninguén. *(Aplausos.)* Incúmprena de oficio, é o único que fan, incumprir a lei de oficio.

Mire, vostedes —por non retrotraerme— acaban de conceder no mes de febreiro unha autorización de verteduras —no mes de febreiro e estamos no mes de setembro— pola que a propia Fiscalía xa abriu dilixencias precisamente contra altos cargos de Augas de Galiza, a comezar pola súa propia directora.

Polo tanto, nós non lle pedimos que incumpran a lei, nós o que lles pedimos é que a cumpran. Levamos catorce anos, nós, o Bloque Nacionalista Galego, as confrarías da ría de Muros e Noia e distintos colectivos sociais pedíndolles que cumpran a lei.

Porque, mire, no ano 2008 requiríuselle á empresa —no ano 2008, un Goberno distinto ao do Partido Popular— dende a Xunta de Galiza unha serie de documentación á empresa, entre ela —entre esa documentación— un estudo do impacto ambiental e en 2009, cando vostedes chegaron, admitiron o resto dos documentos e obviaron e eludiron a lei precisamente que había que cumprir presentando ese estudo de impacto ambiental. Seguimos esperando, catorce anos despois, e seguimos sen estudo de impacto ambiental.

A Xunta de Galiza, señora conselleira, é a Administración precisamente da que partiu... *(Murmurios.)* —se non estaba vostede hai catorce anos, pregunte, mire o expediente, lea o expediente; claro, nós lémolo e mirámolo— a iniciativa de non reclamarlle á empresa o estudo de impacto ambiental ao que obriga a lei. A Administración que leva catorce anos sendo cómplice de que as sucesivas concesionarias esquivasen as súas responsabilidades sobre a recuperación ambiental da contorna e sobre o gravísimo problema, entre outros, que supoñen as balsas de residuos contaminados.

No día de hoxe, señora conselleira, hai verteduras que superan os niveis de metais pesados...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...—remato— e vostedes aínda non paralizaron as verteduras. Queremos saber se as van paralizar, se van exixir responsabilidades e avais á empresa ou van seguir de oficio incumprindo a lei.

Grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, critícanos a Augas de Galicia por cumprir a lei. Vostede é o que está a facer, criticarnos por cumprir a lei en Augas de Galicia, porque Augas de Galicia e á maior interesada, dende logo, e é a Administración máis implicada en mellorar a calidade das augas e en velar polo bo estado das augas e a máxima garante da calidade das augas. Polo tanto, volvo insistir en que vostede nos está criticando por cumprir a lei en materia hidráulica e critica Augas de Galicia por cumprir a lei.

E nós levamos tempo traballando, cos profesionais de Augas de Galicia, e os técnicos saben mellor que ninguén o coñecemento para sanear, para depurar, para velar pola calidade das augas, e tamén nesa ría. E, polo tanto, tamén pedimos respecto e prudencia sobre as causas xudiciais e atenderemos todas as solicitudes que se nos trasladen, pero o procedemento estámolo a seguir escrupulosamente seguindo a lei.

Señoría, entendo que vostede é deputada pero non é xuíza, *(Murmurios.)* e, polo tanto, sendo deputada, eu entendo que está criticándonos por cumprir a lei e por tramitar un procedemento para utilizar unha depuradora. E, polo tanto, seguiremos traballando cumprindo a lei.

Vólvolle dicir que as autorizacións de depuradoras non son nin aleatorias nin son capricho; os procedementos administrativos non son aleatorios e tampouco son capricho. E, polo tanto, de forma rigorosa, cumprindo a lei, tramitaremos todas as solicitudes e cumprindo as nosas obrigas, e, por suposto, seguindo ao pé da letra a lexislación.

Polo tanto —repítollo de novo—, hai unha lei que regula este tipo de autorizacións e a Xunta está a seguila a raxatabla, e vostede estame criticando por cumprir a lei. Ese é o resumo: estame criticando por cumprir un procedemento que está no procedemento administrativo, e o procedemento seguido axústase escrupulosamente e facemos un traballo de seguimento e control de xeito continuo, tamén en San Fins. E por suposto que Augas de Galicia iniciou o correspondente expediente sancionador, que pode acabar, de incumprirse as condicións establecidas, non só en multas, senón revocando autorización de vertedura desa depuradora.

En outubro realizaremos unha nova inspección na mina de San Fins para garantir que se cumpran os condicionantes, unha depuradora con dezaoito requisitos, e, polo tanto, en outubro comprobaremos novamente cunha inspección se se cumpre esta autorización desta depuradora cos dezaoito requisitos para garantir que as augas residuais industriais se devolvan ao medio en garantías de calidade. Porque —insisto— Augas de Galicia cumpre a lei. Vostede estame criticando por cumprir a lei.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Avanzamos na orde do día, neste caso a pregunta 7.3.

Pregunta de Dª María Leticia Gallego Sanromán e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao cumprimento pola empresa concesionaria de autobuses da liña Vigo-Baiona dos horarios estipulados

A señora PRESIDENTA (Candia López): E para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Leticia Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, señora conselleira.

Imos seguir falando do mal funcionamento do autobús interurbano. A ruta de autobús Vigo-Baiona transporta viaxeiros e viaxeiras de pé en determinados vehículos da liña. Esta decisión por parte da súa Administración non ten precedentes, permitindo que determinados autobuses transporten un máximo de trinta pasaxeiros no percorrido desta liña. Segundo a súa consellería, esta medida garante que non afecte a seguridade das persoas usuarias, xa que os autobuses con viaxeiros e viaxeiras de pé non poden circular a máis de oitenta quilómetros por hora en autoestrada e a máis de cincuenta en vías interurbanas. A súa consellería informa tamén que toda a frota dispón dun seguro para os viaxeiros que cubriría os danos ocasionados en caso de accidente por caída durante a viaxe ou por outros motivos.

Señora conselleira, ¿de verdade que vostede pensa que as persoas van seguras porque realmente haxa un seguro? ¿De verdade que o pensa? Estaría ben, señora conselleira, que nos dixera cales son as medidas individuais de seguridade que teñen esas persoas que viaxan nesta liña.

Porque mire, a moitas usuarias e usuarios desta liña que van de pé nestes vehículos estes vehículos non lles dá seguridade ir de pé, non teñen suficientes elementos de suxeición para ir con estabilidade, ademais de ser unha distancia moi longa para ir de pé ás persoas maiores e non tan maiores, porque é máis de trinta minutos.

A solución, señora conselleira, tería que ser reforzar esa liña de autobuses, sobre todo nas horas punta, e non a solución de ir de pé, como acaban de facer vostedes. ¿Pensa de verdade que ir de pé eses trinta minutos é seguro, máis de trinta minutos é seguro? ¿Si? ¿De verdade que o pensa?

Mire, no ano 2021, no ano 2022 e neste ano, este grupo parlamentario trouxo en diferentes ocasións a este Parlamento reforzar a liña de autobuses Vigo-Baiona, pero vostedes nada, non escoitan. Estaría ben de vez en cando escoitar, e non escoitar este grupo parlamentario, senón escoitar eses usuarios e usuarias, porque hai moitos viaxeiros e viaxeiras que quedan

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na parada de autobús porque eses autobuses van cheos e despois non vén ningún outro autobús á mesma hora.

Co cal, por favor, reforce dunha vez as liñas de autobuses.

E tamén, por favor, a ver se empezan a cumprir os horarios os autobuses, porque os atrasos son que non se pode imaxinar; non son cinco minutos, nin dez; hai ata case unha hora de atraso nos autobuses. Empecen a cumprir os horarios, porque os rapaces e rapazas chegan tarde aos institutos, tamén os traballadores e as traballadoras non chegan aos seus traballos.

Entón, por todo o que acabo de contarlle, díganos se vai cumprir os horarios dos autobuses.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para darlle resposta, por tempo de tres minutos, ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

Pois eu, señoría, dígolle que, en xeral, a percepción da calidade do transporte público por estrada que estamos a realizar dende a Xunta de Galicia é bastante boa, ao contrario do que di vostede. O que máis valoran os usuarios —aí está na memoria anual coas enquisas feitas— é xustamente o que critica vostede. Valoran os usuarios, con moi boa nota, a seguridade e o confort. Na comarca de Vigo, o índice de satisfacción incrementou dous puntos se o comparamos co ano anterior, e aí está a memoria, que pode consultala.

Di o refrán que coa vara que mides serás medido. Aplíquense o conto para falar de seguridade dende logo en transporte público autonómico. Dicindo isto, non apostan pola mobilidade sostible. Pero os resultados están aí, e os resultados que está a experimentar a liña de transporte, por moito que repita as críticas, non están a condicionar os hábitos dos usuarios e non son certas.

Os propios pregos dos contratos da liña Vigo-Baiona xa establecen que os servizos de transporte interurbano pódense realizar con dous tipos de autocares: autocares interurbanos clase III e autocares interurbanos clase II, nos que poden ir de pé. E así o establece o Regulamento de circulación, señoría, e tamén o establece a propia ficha dos autocares que expide o Ministerio de Industria.

Non dispoñer deste tipo de vehículo sería un incumprimento, pero, señoría, no día de hoxe non se deu ningún incumprimento, porque son legais os autocares clase III e os autocares

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

clase II. Porque o camiño marca a normativa, non a súa opinión persoal. E, polo tanto, os autobuses que levan viaxeiros de pé son seguros e é legal. Polo tanto, estamos cumprindo a normativa.

Pero o certo é que é unha liña peculiar, son vinte e tres quilómetros, trinta e sete paradas, polo tanto cada cinco minutos hai unha parada, ou sexa, máis que un urbano. Polo tanto, mire o peculiar que é esta liña, onde practicamente ningún usuario fai o percorrido de inicio a fin, é unha liña con moito movemento, de subidas e baixadas.

En calquera caso, coincido con vostede en que para as persoas de idade avanzada pois pode non resultar cómodo e tamén para as mulleres embarazadas e por iso teñen prioridade de uso.

Do mesmo xeito que critica isto, estaría criticando os Vitrasa, supoño, porque vai xente tamén de pé.

É legal e seguro en certos percorridos singulares —e dixo vostede as condicións— ir de pé nos autobuses. Polo tanto, estamos cumprindo a normativa. O camiño é realizar o transporte público de calidade cumprindo a normativa.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para a réplica ten novamente a palabra dona Leticia Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Señora conselleira, nótase que non utiliza vostede o transporte público, nótase bastante. Eu voulle dicir un segredo: eu si o utilizo, e concretamente utilizo esta liña, e di vostede que é seguro. Invítoa a vir comigo nunha viaxe Vigo-Baiona —pago eu, non se preocupe—, *(Aplausos.)* invítoa a vir Vigo-Baiona para que vexa o que pasa. E di que é seguro. Non é seguro. Hai unha baixada, que podo dicirlle concretamente que é a baixada a Panxón, que teño que dicir que hai que amarrarse, e ben, porque, se non, dás cos fociños contra o condutor. *(Murmurios.)* É así, é así. E, claro, de verdade, veña e compróbeo vostede mesma.

E di que a xente non fai o traxecto enteiro; pois si, a maioría da xente fai o traxecto enteiro, e sobre todo Baiona-Nigrán a Vigo, que van traballar e estudar a Vigo. De verdade, é que creo que está un pouquiño lonxe da realidade. Eu invítoa a vir.

Di vostede que é legal; si, é legal en traxectos curtos, pero xa lle digo que aquí é máis de media hora, máis de media hora tes que estar de pé; pois non sei se realmente é unha boa solución, sinceramente. De verdade, ir de pé —repítolle— non é a solución; a solución é reforzar as liñas, reforzar as liñas con máis autobuses en horas punta, non creo que sexa tan difícil.

E di vostede que a satisfacción dos usuarios e das usuarias... É que non hai máis que ir no autobús e ver como se queixa todo o mundo. É que é tan sinxelo como iso. Por iso —dígolle—, faga a proba de ir no autobús a ver se se queixa a xente ou non se queixa, que parece ser que o estou inventando eu aquí —parece ser—.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E despois tamén, por favor, cumpran os horarios, que é incrible, que non se cumpren os horarios nin por casualidade.

E despois só unha cousa, por favor: o transporte adaptado, que hai unha persoa, concretamente en Nigrán, que horas e horas está esperando o transporte adaptado, ademais de chamar. ¡Por favor! Eu pídolle, rógolle que, por favor, dunha vez por todas, teñan un transporte adaptado de verdade.

Grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidenta.

O certo é que é unha mágoa que nunca vexa nada positivo. A nós impórtanos sobre todo a opinión dos usuarios, e sobre a opinión dos usuarios aí están os datos e as valoracións: en oito meses vinte e dúas millóns de viaxes, un 18 por cento máis que o ano pasado. A liña Lugo-Ourense-Vigo incrementou un 62 por cento. E aí está, polo tanto, esa constante evolución positiva e alza de viaxeiros, que é o que nos importa, a valoración dos usuarios —fundamentalmente—, e é polo que seguimos traballando de xeito continuo para ofrecer e dar mellor resposta aos usuarios.

Dubido que se poida dicir o mesmo de Renfe e dos servizos de tren. *(Murmurios.)* Pero os servizos complementarios de autobuses afecta moito, como son os servizos de tren, porque estamos a falar dun transporte colectivo e complementario e temos detectadas esas derivas de usuarios... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): ...do tren pola falta de prazas, pola falta de frecuencias, pola falta de material rodante adecuado que recorren ao autobús.

A nós impórtanos seguir facendo esforzos e seguimos facendo esforzos, tivemos unha xuntanza no día de onte coas federacións de transporte e pedímoslles reforzos, prazas e previsión e poder estender esa reserva telemática para as prazas, para contar e ter unha anticipación aos usuarios que queiran utilizar esa liña de transporte, esa reserva telemática que poida ser utilizada coa TMG e coa tarxeta Xente Nova.

O pasado día 15 puxemos douscentos autobuses máis de reforzo, nun só día. Para vostede ao mellor é moi fácil, pero é un esforzo realmente importante. Batemos récord de viaxeiros e

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tamén récord de reforzos con douscentos autobuses máis, porque para nós é unha prioridade o transporte público; xa o demostramos coa pandemia.

No día de hoxe son outros os servizos de transporte público que non están recuperados, previos á pandemia. Nós moito antes de que finalizara a pandemia recuperamos todos os servizos. É a Lei de mobilidade que se está tramitando en Madrid, que agora se parou, a que suprime os servizos *(Murmurios.)* —si, si— de transporte público e non ofertan servizos axeitados.

O autobús da Xunta é a mellor alternativa e é a alternativa pola que se decantan os usuarios en Galicia. Seguiremos traballando coas federacións para optimizar aínda máis estes servizos. Pero eu insístolle, señoría: xa reforzamos esta liña no verán. Nos meses de xullo e agosto setenta e nove servizos de luns a xoves —repítolle: setenta e nove servizos de luns a xoves—, oitenta e un os venres, sesenta os sábados, cincuenta e un os domingos. Polo tanto, unha ampla oferta nesta liña de transportes Baiona-A Ramallosa-Mallón-Nigrán-Coruxo-Vigo-estación intermodal, unha liña que é peculiar.

E traballaremos arreo para ofrecer un transporte público de calidade e utilidade, sen escatimar esforzos. E por iso pedímoslle o mesmo ao Goberno de España en materia de transporte público.

Pola miña parte, nada máis.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día. Seguimos coas preguntas; neste caso, coa 7.4, de don José Manuel Balseiro Orol.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e seis deputados/as máis, sobre a información actualizada de que dispón a Xunta de Galicia respecto dos prazos para o funcionamento dos trens AVRIL en Galicia

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a pregunta e por tempo de tres minutos, ten a palabra o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señora conselleira, lamentablemente, temos que volver falar dun incumprimento do Goberno central en materia ferroviaria. É evidente que, na España de Sánchez, Galicia sae sempre perdendo. Sánchez segue incumprindo, un tras outro, os seus compromisos coa nosa comunidade, e pola falta de vontade dese Goberno, a alta velocidade na nosa comunidade segue incompleta. Perdemos a conta sobre os moitos prazos —diferentes— que o Ministerio

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Transportes ofreceu sobre a chegada dos trens AVRIL. Non foron capaces de cumprir ningún deles. Botemos unha ollada á hemeroteca. Dixeron que os trens AVRIL estarían listos no ano 2022: *(O señor Balseiro Orol mostra e le un documento que contén unha fotografía.) «La Ministra de Transportes prevé que los trenes AVRIL estén en funcionamento en Galicia durante el año 2022».* —Como hai varias, imos ocupar varios escanos.— *(O señor Balseiro Orol coloca o documento amosado no escano que ten ao seu carón.)* Seguimos. Señora conselleira, esta data foise atrasando para finais do ano 2022. *(O señor Balseiro Orol colle outro documento e dálle lectura.): «Transportes dice ahora que los trens AVRIL que recortan los tiempos de viaje a Madrid no llegarán hasta el verano. La secretaria de Estado, Isabel Pardo de Vera, habla incluso de principios de otoño para su puesta en marcha y su puesta en servicio»* —imos poñelo por esta parte, señora presidenta—. *(O señor Balseiro Orol coloca o documento no escano que ten ao outro lado.)*

Continuamos. Atropelados pola realidade e polo calendario, este verán ofrecen unha nova data *, en este caso, jueves, 18 de mayo de 2023: (O señor Balseiro Orol le outro documento.) «La ministra de Transportes fija en octubre o noviembre la llegada de los trenes AVRIL».* —Begoña, pona por aí, se fas o favor.— *(O señor Balseiro Orol coloca o documento noutro escano.) (Risos.)* E, para, finalmente, saber recentemente que non chegan os trens tampouco desta forma porque os maquinistas non están formados, o 18 de setembro do ano 2023 di: «*El retraso en la formación de maquinistas cuestiona la llegada de los trenes AVRIL hasta el 2024». (O señor Balseiro Orol coloca o documento no seu escano.)*

Señora conselleira, como comprenderá, este comportamento, cando menos, é pouco serio; como dirían na Mariña de Lugo, «deixa moito que desexar». Os galegos teremos que seguir agardando para poder desfrutar do AVE que tanto tempo leva comprometido, pero que non se acaba de facer realidade. Señora conselleira, a pregunta xa a ten vostede. Despois de todo isto que temos aquí, de todos estes incumprimentos do Goberno de Pedro Sánchez —vese que quere ser presidente a partir de que perdeu as eleccións; é deses que perden as eleccións e parece coma se as gañase—, isto é o que temos na nosa comunidade autónoma, e estas son as mentiras...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...que o Goberno de Pedro Sánchez di e non cumpre.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Acepto que me gustaría darlle unha boa nova, pero o certo é que non temos información oficial nin de cando chegarán os trens AVRIL nin de cantos trens AVRIL van chegar a Galicia, e non cabe dúbida de que dispoñer desa información é realmente moi relevante para Galicia, porque estamos condicionados polos diferentes anchos de vía na nosa comunidade, e a única maneira de asegurar que chegue a alta velocidade ao resto das cidades galegas é contando con eses trens AVRIL, que permiten que chegue a alta velocidade a Santiago, á Coruña e ao resto das cidades galegas.

Por iso, a prioridade número un en materia de infraestruturas é a demanda disto ao Goberno de España de Pedro Sánchez; por iso, na vindeira xuntanza co secretario de Estado o próximo 4 de outubro faremos esa demanda e un asunto capital: que concrete, que nos fixe datas e certezas sobre a chegada dos trens AVRIL. Vimos moitas datas —xa o dicía vostede— incumpridas sistematicamente; polo tanto, son incumprimentos sistemáticos por parte do Goberno de España. Talgo trasladou e asegurou que as primeiras unidades estarían dispoñibles no mes de setembro, pero parece que todo apunta a que hai que agardar, porque o certo é que vemos que non hai a formación de maquinistas que tiñamos que ter para que poidan circular eses trens AVRIL.

Tampouco a ministra concretou como vai realizar esa repartición dos trens AVRIL. Máis territorios necesitan este tipo de trens e aquí hai unha demanda unánime no Parlamento de Galicia deses trens AVRIL, de sete unidades deses trens AVRIL. O certo é que é desalentadora esa información da falta de maquinistas, que vai atrasar unha vez máis a entrada dos servizos dos trens AVRIL. Estamos a falar de atrasos sobre atrasos, de datas sistematicamente incumpridas. O Goberno garda silencio, nin confirma nin desmente; polo tanto, as peores previsións seguro que van ser as certas. Pasamos de ter os trens AVRIL que ían estar operativos no ano 2021, logo no 2022, logo no verán do 2023 — novembro do 2023— e agora todo apunta a que a ver se é no 2024.

Polo tanto, é unha falta de palabra do Goberno de España con Galicia. Non queremos ser máis, pero tampouco queremos ser menos que os demais. E pedimos vontade ao Goberno de España, non soamente cos trens AVRIL, senón que queremos que chegue a alta velocidade a Lugo e que chegue tamén a alta velocidade a Ferrol. Queremos modernizar a decimonónica liña de Ferrol, que non ten nin un euro investido. Tamén queremos modernizar e completar as variantes na liña ferroviaria Lugo-Ourense, porque a velocidade máxima vai ser 150/160 quilómetros/hora, e queremos 300.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Pola miña parte, nada máis.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señora conselleira, a verdade é que nada nos sorprende. Xa estamos afeitos a ler cada poucos meses as noticias que anuncian un novo atraso na chegada dos trens AVRIL a Galicia. Sánchez parece convencido de bloquear, unha e outra vez, a extensión da alta velocidade ferroviaria e de non permitir que pase máis alá de Ourense. E a pregunta é: ¿a que espera o Goberno de España para dar certezas á nosa Comunidade Autónoma, a Galicia? Porque non é só que descoñezamos un calendario crible sobre a chegada dese material rodante de ancho variable ás nosas vías, é que non sabemos tampouco, señora conselleira, cal será o número de trens e frecuencias cos que imos contar para conectarnos con Madrid. E esperemos que se algunha vez chegan estes trens, que estes collan polos túneles (*Murmurios.*) —non vaia ser que os trens non vaian coller polos túneles—.

Pero esta non é unha situación que afecte de modo exclusivo os trens AVRIL. O mal funcionamento dos servizos ferroviarios na nosa comunidade vén sendo desde hai xa bastante tempo obxecto dun malestar profundo e continuo de moitos usuarios, especialmente daqueles que empregan o tren a diario; colapso para desprazarse ao seu traballo ou ao centro de estudos. E o Goberno de España e Renfe non poden seguir impasibles ante esta realidade: malas estradas, peores trens e as obras están paralizadas. Na España de Sánchez, Galicia sempre perde.

Alégrome moito, señora conselleira, de que falase vostede da miña provincia, de que falase vostede da provincia de Lugo, porque alí os do PSOE din que vai chegar o AVE. Iso si, eliminaron as variantes de Canabal e Rubián e eliminaron as variantes que tiñan proxectadas os gobernos do Partido Popular. Non sei por onde pensan que vai pasar o AVE, se vai pasar polo aire, porque pola liña que deixaron...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: ...á cidade de Lugo o AVE non chega.

Nada máis, señor presidente.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois, como dicía, Galicia precisa dispoñer de sete trens AVRIL e precisa que se cumpran os tempos de viaxe que se comprometeron, sen que teñamos que facer transbordo, para que teñamos esas frecuencias axeitadas; seis frecuencias diarias para dar resposta ás necesidades en Galicia. E isto será o que traslademos —unha vez máis— na próxima xuntanza, o próximo 4 de outubro, ao secretario de Estado: un calendario certo, un calendario concreto para eses sete trens AVRIL que necesitamos para ter uns servizos axeitados e frecuencias axeitadas, conectando Galicia con Madrid.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero o certo é que o AVE non chegou, pero si que, dende a Xunta de Galicia fixemos os estudos técnicos argumentados e detallados porque sabemos que son unha necesidade eses trens AVRIL e sabemos que son unha necesidade as frecuencias porque necesitamos máis prazas de tren; por iso será un asunto a tratar co secretario do Estado, porque os trens AVRIL teñen dobre de asentos que os trens Alvia ou que o resto de trens. Por iso precisamos eses trens, porque incrementarían un sesenta e cinco por cento o número de prazas dispoñibles.

Tamén podemos falar dos servizos ferroviarios; é importante ter trens, pero tamén os propios servizos. Hai unha demanda que se dispara, experimentou un incremento importante nos servizos de tren, tamén un incremento importante nos servizos de autobús de competencia autonómica; en concreto, a liña Lugo-Ourense-Vigo incrementou en número de usuarios en autobús un sesenta e dous por cento. O venres 15 rexistramos o récord de viaxeiros en autobús. Nesa xornada houbo máis de 157.000 viaxeiros nos autobuses. Por iso, dende a Xunta de Galicia reforzamos con douscentos autobuses máis —nun único día— e pedímoslles ás concesionarias que sigan reforzando e que sigan con anticipación e previsión para atender as necesidades.

É unha evidencia que a xestión de Renfe do Goberno de España non é a mellor posible. Hai máis demanda de transporte público de tren e temos menos prazas, menos frecuencias e menos persoal. Estase a realizar un transvasamento de viaxeiros do tren ao autobús como consecuencia deses atrasos, desas avarías e desa falta de anticipación e planificación por parte de Renfe.

A Renfe enviámoslle unha carta, un escrito, para que adoptase medidas, e non tivemos resposta. Polo tanto, será tamén un dos asuntos a abordar o próximo 4 de outubro co secretario de Estado: os trens AVRIL, a falta de servizos e frecuencias ferroviarias, por suposto, a chegada da alta velocidade a Lugo, que non está planificada, e tamén a chegada da alta velocidade a Ferrol.

Pola miña parte, nada máis.

(*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de Dª Teresa Egerique Mosquera e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estudo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no que se constata que non rebaixar o IVE dos produtos do mar está a impactar negativamente no seu consumo

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días, conselleiro.

Como ben sabe, no sector pesqueiro non se entendeu a decisión do Goberno de coalición entre Sánchez e Podemos de excluír os produtos do mar do catálogo de alimentos que viron

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rebaixado o imposto do valor engadido, o IVE. En xaneiro de 2023 entrou en vigor unha medida que tiña por obxecto conter o impacto da inflación no peto dos fogares e que supuxo que determinados produtos como o pan ou o aceite visen rebaixado o seu IVE do dez ao cinco por cento, ou a supresión deste tributo nalgúns alimentos esenciais, segundo o Goberno, entre os que non incluíron os peixes, os mariscos e as conservas. ¿Por que o fixeron? ¿Cal é a razón? Nós non sabemos se para eles —que aínda non o explicaron— consumir peixes é algún luxo.

Desde o primeiro momento, advertimos de que esta decisión do Goberno de Pedro Sánchez tería un impacto moi negativo no consumo dos produtos do mar, e estabamos no certo, porque a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia vén de corroborar este feito despois dun estudo, e con datos: o peixe é a terceira categoría de alimentos máis afectada pola caída no consumo. Nada máis entrar en vigor a medida do Goberno cae un 9,1 por cento, fronte á caída global desta cesta de alimentación, que foi dun 1,8 por cento; é dicir, máis de sete puntos por riba no momento desa baixada.

E temos que ter en conta algo que no Goberno de España non teñen en conta, e é que consumir produtos do mar é moi beneficioso para a saúde. Polo tanto, é unha obriga das administracións fomentar o seu consumo a través de campañas, a través de diferentes degustacións, malia que a outros non lles guste ou non o comprendan. E tamén, ademais, para destacar a importancia do sector primario. Eses datos que dixen antes, señor conselleiro, son de xaneiro —vostede, seguramente, terá uns datos máis actualizados— porque aínda seguiu baixando.

Pero por se isto non fose suficiente, o estudo da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia acredita que, como consecuencia do incremento dos prezos dos alimentos, está a ter lugar un cambio tamén nos hábitos de compra, e, polo tanto, o que son as peixerías tradicionais e o comercio local vese afectado e desprazado polas grandes superficies e hipermercados; é dicir, un caos pola negativa do Goberno de non baixar o IVE do peixe. Polo tanto, é unha medida que afecta —como digo— os consumidores e os seus petos, as familias, a súa alimentación, pero tamén afecta os traballadores do sector, os traballadores da hostalería ou o comercio, que ven reducidas as vendas e, polo tanto, tamén teñen un descenso nos ingresos. Os galegos precisamos que se reduza ou elimine o IVE do peixe, como o fixeron noutros países, sen ir moi lonxe, o noso veciño Portugal.

Fágolle a pregunta, señor conselleiro: ¿que valoración fai o Goberno galego en relación co estudo da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia no que se constata que a non baixada do IVE dos produtos do mar está a impactar negativamente no seu consumo?

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta do conselleiro do Mar, don Alfonso Villares.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor presidente, señora Egerique, señorías, moi boas tardes.

En decembro de 2022, o Consello de Ministros aprobou o real decreto lei que contemplaba unha serie de medidas urxentes dirixidas a conter esa elevada inflación. Entre outras, figuraba a rebaixa do IVE de determinados produtos considerados alimentos básicos e de primeira necesidade, pero entre eles non se incluían os produtos do mar. Inexplicablemente, peixes, mariscos e conservas, a pesar de ser produtos altamente saudables e imprescindibles para unha dieta completa, estaban a ser excluídos nas políticas do Goberno central. O Goberno central non tivo en conta o impacto que neste sector está provocando o incremento de prezos na cesta da compra, que se traduce, ademais, nunha progresiva diminución do consumo destes alimentos por parte de moitísimas familias.

E así, ademais, o demostran os datos do último Informe do consumo de alimentación en España do ano 2022, publicado polo propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en xullo deste ano. O volume de peixe consumido nos fogares españois foi —en 2022— o máis baixo da serie histórica. Dende o ano 2008 reduciuse un 32,8 por cento e só neste último ano o descenso foi dun doce por cento. O descenso máis acusado rexistrouno o marisco, cun corenta e cinco por cento menos, e o peixe fresco, cun trinta e oito por cento menos.

O consumo de marisco cocido tamén se reduciu nun quince por cento, mentres que o de conservas é o único que aumentou nos últimos quince anos, un seis por cento. En 2022, o consumo de peixe en España foi de case vinte quilos por persoa e ano, fronte aos cerca de vinte e tres quilos no ano 2021. A menor inxestión corresponde aos nenos, con só tres quilos anuais, e aos mozos; dous colectivos nos que o seu consumo, ademais, debería ser prioritario. Este é un dato moi preocupante. Só as clases alta e media-alta superaron o medio, 29,2 quilos por persoa/ano, mentres que os consumidores que pertencen ás clases baixa, media-baixa e baixa rexistraron un consumo inferior. Precisamente, o principal causante deste acusado descenso é o prezo, que aumentou un 7,4 por cento de media no último ano, ata os dez euros/quilo.

O gasto per cápita en produtos pesqueiros foi de 191,58 euros anuais por fogar o ano pasado. Segundo os datos da AECOC (Asociación de fabricantes e distribuidores) e da PWC (PricewaterhouseCoopers), a aplicación dun IVE do cero por cento ao peixe xeraría un aforro de trescentos oitenta e seis millóns de euros ás familias nos seis primeiros meses do ano. É importante recordar que os produtos pesqueiros son a proteína animal que rexistra unha menor pegada de carbono e hídrica, ademais dun expoñente ideal para a alimentación saudable. Países como Irlanda, Malta ou Reino Unido decidiron gravar con IVE do cero por cento estes produtos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois.

(Aplausos.)

Réplica, señora Egerique.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, son moitos os agravios ao sector pesqueiro por parte do Goberno de Sánchez: cando hai que tomar decisións importantes que afecten o sector do mar, Sánchez non existe, non está; para o PERTE do sector da transformación do peixe, Sánchez non está; para comprender a realidade das confrarías de pescadores, Sánchez non está; para apoiar os investigadores e o traballo do Instituto Español de Oceanografía, Sánchez non está; para desenvolver campañas de promoción de produtos do mar, Sánchez non está; e, por suposto —que é o tema que nos trae hoxe aquí—, para baixar o IVE do peixe, Sánchez non está. *(Aplausos.)*

Non está, señor conselleiro, non está; tampouco estivo onte no debate de investidura. Sánchez non está. En contraposición, a Consellería do Mar e o Goberno galego están sempre, *(Murmurios.)* si que están; están a pé de porto cos traballadores do mar e están no día a día das familias galegas. Por tanto, vostede sabe coma min que é importantísimo isto para axudar as clases medias. Porque o Goberno de PSOE e Podemos non está axudando as familias, non está axudando os consumidores, non está axudando tampouco o sector do mar. Polo tanto, vostede sabe coma min —como dixen— e como a maioría dos galegos que é necesario e urxente esa baixada do IVE do peixe, como tamén o da carne, pero hoxe tráenos aquí o tema do IVE do peixe e dos produtos do mar.

Sigan vostedes apoiando, señor conselleiro, dende a Xunta, o sector, os consumidores. Non se poñan do lado incorrecto, do de Sánchez, dos que non están, do medioambientalismo radical, do sector antipesqueiro, do sector antisector primario, do grupo do partido político antisector primario, que é o Partido Socialista e que é Podemos e todos os seus socios. Nós seguiremos con iniciativas, con peticións e traballando día a día para que, por fin, esa baixada do IVE dos produtos do mar sexa unha realidade. E como vostede está en contacto permanente coas peixeiras, co sector da industria e con todo o sector do mar, señor conselleiro: ¿que opinión lle merece ao sector esta medida?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Si, ben, quería comentar antes que algúns países da Unión Europea decidiron gravar cun IVE cero estes produtos, incluso Portugal, que desde marzo tamén aplica o IVE cero a sete produtos pesqueiros de alto consumo, e outros países que teñen o IVE moito máis baixo. Ademais, hai que incidir nun aspecto, e é en que desde logo que desde o Goberno galego solicitamos xa en reiteradas ocasións ao Goberno de España que rectificase esta decisión de excluír os produtos do mar da rebaixa do IVE, para que se lles aplique o mesmo tratamento fiscal que a outros alimentos básicos e de primeira necesidade, como unha medida de apoio para as familias con rendas baixas ou en situación de vulnerabilidade e para fomentar o seu consumo, un consumo que falamos que é un consumo saudable, e como iniciativa de apoio tamén ao conxunto do sector pesqueiro e marisqueiro.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A verdade é que é certo que a totalidade do sector do mar leva solicitando tamén, desde xa hai anos, a baixada do IVE, e tampouco foi escoitado polo Goberno central. Esa é unha realidade, como realidade tamén foi que o Goberno central fixo caso omiso á petición de todo o sector pesqueiro en bloque, de todo o sector, e falo da confraría de pescadores, de acuicultores, de transformadores e de comercializadores. Solicitábanlle a principios de ano unha xuntanza para coñecer cal era o motivo que impedía que o Goberno central rebaixase o IVE destes produtos pesqueiros, e o peor de todo é que o sector aínda está esperando unha resposta. Pasaron xa nove meses. Desde logo que é moi pouco respecto o que o Goberno central está a mostrar pola nosa xente, pola xente do mar.

O Goberno do Estado tivo unha segunda oportunidade de facer esta rebaixa do IVE en xuño, pero tampouco o fixo. Fixo unha prórroga deste real decreto e non volveu incluír os produtos do mar. Desde logo que a exclusión destes produtos pesqueiros como alimento básico está restando proteínas de alta calidade nutricional na dieta de amplas capas de poboación, sobre todo das máis desfavorecidas —como xa mencionei antes—, das familias de rendas baixas —que iso realmente é o máis penoso e o máis lamentable de todo— e dos máis novos, os nenos e os mozos, que realmente terían que ter esta proteína na súa dieta para un crecemento como ten que ser, un crecemento saudable.

Cremos que esta petición, a de poder baixar o IVE nestes momentos, é unha petición que está avalada pola Comisión Europea, por todas as institucións, nun momento no que, ademais, está ao fío incluso do que se falou hoxe neste Parlamento, que se falou de medidas para baixar a inflación, que nun principio está acusando todo o país e, como non, tamén a nosa comunidade. Desde logo, o Goberno central non está a facer absolutamente nada para baixar o IVE do peixe e para baixar esta inflación tan demandada por todos, por este Parlamento e tamén, sobre todo, por todo o sector.

Nós imos seguir traballando man á man coa nosa xente do mar. Para nós é moi importante que a súa forma de vida siga sendo unha forma de vida que teña moitísimo futuro. Para iso é para o que traballamos, pero necesitamos que as administracións nos axuden. Desde logo, neste caso, a Administración central está obviando a petición de todo o sector e de todo este Parlamento.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de Dª María Begoña Freire Vázquez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para controlar as poboacións de xabaril en zonas urbanas e periurbanas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Bo día, señora vicepresidenta.

A extensión do xabaril é unha realidade en Galicia na meirande parte de España e tamén en Europa. A expansión das zonas boscosas e un clima cada vez máis suave son algunhas das causas que axudan á súa proliferación. A Xunta de Galicia —consciente do problema— leva anos redobrando esforzos e adoptando medidas para controlar a poboación do xabaril, adoptando, prevendo e paliando os danos que ocasiona esta especie silvestre non só na agricultura, na gandería e na circulación viaria; medidas de control a través un contacto fluído cos tecores galegos para valorar a idoneidade de realizar accións de caza controladas; axilización administrativa para a autorización de batidas e poder actuar con rapidez; medidas preventivas para evitar danos recorrentes e repetitivos; medidas paliativas para axudar a minorar os danos producidos por esta especie; e tamén medidas excepcionais para atender e dar resposta a situacións determinadas.

Os avisos ao 112 por danos causados polo xabaril triplicáronse nos seis últimos anos ata chegar aos máis de catro mil rexistrados na última campaña. A Xunta de Galicia acaba de pór en marcha a declaración de emerxencia cinexética; unha acción temporal para atender unha maior incidencia ou afección desta especie en determinadas zonas. Tamén dende hai algúns anos asistimos a unha maior presenza destes animais, que se achegan máis preto das zonas onde habita a xente na procura de alimento e seguridade. Esta maior presenza obedece a un cambio de hábitos destes animais, que aproveitan unha contorna propicia que lles permite trasladarse facilmente, variando así os seus movementos e achegándose a zonas máis poboadas onde tamén atopan alimento fácil e refuxio, ademais de seguridade, xa que os cazadores non poden actuar.

A dificultade está en que nestas zonas máis poboadas e contornas urbanas loxicamente non resultan válidas as medidas que veñen establecidas para as zonas cinexéticas e nelas resulta preciso buscar outro tipo de accións, ao tratarse de zonas de seguridade, e tamén traballar con previsión para que os xabarís non poidan achegarse e introducirse nestes ámbitos. Polo tanto, tamén preocupa a introdución do xabaril en zonas urbanas e periurbanas onde —como dixemos— non era habitual a súa presenza e que acaban xerando problemas de seguridade cidadá ou mesmo de saúde pública.

A pregunta que hoxe queremos formularlle vai en relación con estas situacións ás que vimos asistindo nos últimos meses, as da introdución do xabaril en zonas máis poboadas, e con que medidas —dentro das súas competencias— está a adoptar o Goberno galego en relación coas poboacións de xabaril nestas zonas urbanas e periurbanas.

De momento, máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Freire, é certo que a presenza do xabaril fóra do seu hábitat natural nos preocupa; preocúpanos nas zonas urbanas, periurbanas, pero tamén nos segue a preocupar, e moito, no eido rural. O que pretendemos é buscar un equilibrio, e para iso hai que tomar decisións e determinacións e, ademais, ser claros e ser contundentes. A Xunta, por esta razón, constituíu un grupo de traballo onde están dende sindicatos, ámbito técnico, Fegamp e as distintas administracións. Teñen presenza todos os sectores. E a partir de aí o que decidimos é convocar ordes de axuda; unhas ordes que dende o ano 2016 ata o ano 2023 supuxeron un esforzo de dez millóns de euros por parte da Xunta de Galicia.

Unha das múltiples medidas, por suposto, adicionais, é a declaración de emerxencia cinexética. Eu sei que hai xente á que non lle gusta, pero o que está claro é que a Xunta de Galicia ten que priorizar a saúde das persoas, a saúde tamén dos viandantes, pero tamén dos condutores e, ¿como non?, frear esa peste porcina que poida que chegue se non tomamos medidas. Polo tanto, esta é unha medida excepcional, provisional e complementaria á caza, que está totalmente regulada, e o que busca é axilizar a aplicación de medidas de control destas especies. Esta declaración esténdese a un total de 37 comarcas, 248 concellos e a máis do 80 por cento do territorio galego.

¿De que xeito e como se fai? Pois en función dos avisos por danos, pero tamén dos accidentes das superficies afectadas e do censo agrario porcino. Nestas zonas, entre outras cuestións, o que se permite é abater ou capturar exemplares adultos ou non adultos, femias ou machos, e amplíanse as xornadas de caza.

Hai un dato que eu quero poñer en valor, e ademais agradecerlles aos tecores, ás distintas sociedades de caza, que é que nos once días que levamos de emerxencia cinexética se solicitaron 131 batidas. E tamén outro dato que quero poñer en valor é que na tempada 2021-2022 se capturaron un total de 18.397 xabarís; é dicir, que se está facendo un grande esforzo no territorio.

Pero non só serve isto, e, entón, hai que poñer outras medidas enriba da mesa, e esas medidas son, por exemplo, nas zonas urbanas ou periurbanas, en colaboración cos concellos —porque non pode ser doutro xeito—, as gaiolas trampa. Sitúanse en lugares que son estratéxicos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, vicepresidenta.

(A señora vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Vázquez Mejuto, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Grazas. Ten outro turno despois.

(Aplausos.)

Réplica da señora Freire.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Grazas, señora vicepresidenta, pola súa resposta.

Está claro que no caso concreto das zonas urbanas e periurbanas a Xunta de Galicia non ten competencias e que pon en marcha un sistema de colaboración coas entidades locais. Pese a esa falta de competencia, o Goberno galego puxo enriba da mesa un procedemento de colaboración cos concellos dirixido a aportar solucións á introdución e captura dos xabarís nas zonas máis poboadas.

Dende este Grupo Parlamentario Popular temos que lamentar algunhas afirmacións feitas nos medios de comunicación por parte dalgúns rexedores municipais ao respecto de a quen lle correspondía a competencia para este tipo de actuacións no ámbito urbano; afirmacións feitas a sabendas da existencia dese procedemento de colaboración que ofrece a Xunta de Galicia e a sabendas de que o mantemento no territorio urbano corresponde ás entidades locais, como corresponde —que saiba e que coñeza— ao máximo responsable dun concello. Refírome ao caso concreto da cidade da Coruña —que coñezo ben—, en que se tentou alimentar a desinformación á cidadanía, perdendo un tempo precioso e substancial, para atallar a problemática do impacto de varias especies en distintos barrios da cidade, que lle corresponde ao Concello.

Esperamos que os concellos non desaproveiten esta oportunidade que puxo en marcha o Goberno galego, que soliciten a apertura deste procedemento de colaboración que o Goberno galego pon á disposición dos concellos para atallar esa problemática e, en definitiva, que se sumen na colaboración debida entre administracións e tamén na requirida lealdade institucional.

Máis nada.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Peche da pregunta. Señora vicepresidenta.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Freire, en primeiro lugar, o que quero lembrar é que os concellos son os únicos responsables do mantemento das súas áreas urbanas e periurbanas, tal e como establece a lei, a Lei reguladora das bases de réxime local —e eles sábeno ou polo menos deberían de sabelo—. Polo tanto, deben implicarse activamente nas medidas informativas, pero tamén nas medidas preventivas. E cando reiteradamente hai xabarís nunha zona é porque xeralmente xa naceron nesa zona; iso quere dicir que hai encames e que hai que detectar eses encames.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No caso da Coruña foi tan sinxelo como que nunha soa mañá se desprazaron os axentes sabendo onde estaba ese encame. Polo tanto, o que pedimos é esa colaboración.

Esas medidas son efectivas á hora de evitar que estes animais se acheguen ás zonas máis poboadas. Ademais, recordámosllo reiteradamente á Fegamp. En todo caso, a pesar destas competencias, dende a Xunta colaboramos cos municipios, como non podía ser doutro xeito, e por iso quero animar os concellos a que así o fagan e a que, polo tanto, se instalen esas gaiolas trampa.

Démoslle información suficiente a comezos do verán ao Concello da Coruña, e seguimos en conversas. Pero temos que dicir que xa podo avanzar que se solicitaron este tipo de procedementos en concellos como Arteixo e tamén en Sada. Seguimos en conversas con Cariño e con Ferrol, e agardamos que, ao final, A Coruña opte por instalar estas gaiolas. O procedemento a seguir é ben sinxelo: unha vez recibida a solicitude, actívase o operativo para instalar as gaiolas nos lugares indicados, previamente falado e consultado co Concello —se non, a Xunta non podería facelo—, e o municipio debe ocuparse tamén da xestión das posibles capturas que se realicen mediante este método.

Pola súa banda, dende a Xunta de Galicia asumimos con fondos propios a adquisición, o transporte, a colocación e a vixilancia destas gaiolas, incluído o seu mantemento e o cebo para atraer os animais. Creo que non é tan complicado entendelo e creo que é de recibo recoñecer que, unha vez máis, estamos ao carón dos concellos e han de ser eles os que tamén tomen medidas para que, ao final, freemos a problemática sen dicir que a competencia é dun ou doutro; as competencias están clarísimas na lei.

Polo tanto, o que temos é que reducir as condicións de refuxio nestas zonas. Debemos de darlle prioridade á roza de matogueira nos terreos máis próximos ás cidades, porque aí moran, aí paren e, polo tanto, xa forman parte da sociedade; non é que os teñan que empadroar, é que forman parte da sociedade porque deixaron que as femias estivesen aí; non hai outra maneira. *(Murmurios.)* Eu poñía o exemplo de que os xabarís non van de compras dende Curtis ata A Coruña; están vivindo na Coruña, e algo temos que facer para frealo. *(Murmurios.)* Pero se digo iso da Coruña, tamén o podería dicir de Ourense, e en Lugo activamos no seu día controis, como podía ser con arqueiros.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Polo tanto, todos debemos de implicarnos.

Moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o tempo.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitísimas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de Dª Noelia Otero Lago e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para favorecer a emancipación da mocidade galega

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra dona Noelia Otero, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

E moi boa tarde xa, conselleira.

O encarecemento e a suba dos prezos é unha problemática que non só lle afecta, indubidablemente, a sociedade galega, pero si atopamos un feito ou un elemento diferencial entre como estas sucesivas crises nos collen: ¿cal é o punto de partida e cal é a resposta que dan as distintas administracións? Hai un exemplo moi claro: cando falamos de educación, evidentemente, sabemos que este inicio de curso escolar no conxunto do Estado se caracterizou por un aumento histórico no prezo dos libros e dos materiais, ao igual que acontece co resto de produtos. ¿Cal é a diferenza? Pois que as familias doutras comunidades autónomas —a maioría onde está recollida esa universalidade dos libros de texto— non teñen que asumir ese endebedamento que si que teñen que asumir as familias galegas; aí hai diferenzas. Cando falamos de que aumentan os prezos dos alugueiros, que soben tamén as hipotecas e que sobe o prezo das subministracións, é unha problemática xeral, pero ¿en que punto de partida colle á mocidade galega ou colle á sociedade galega se falamos, señora conselleira, de vivenda? Cun parque público —como se vén advertindo dende hai anos— absolutamente mermado, á cola do Estado, cun 0,3 por cento, cando a media de vivenda pública por habitante no noso conxunto do Estado —dicimos— é de 0,9 por cento; cun orzamento mermado; con orzamentos que nos programas de acceso á vivenda —tal e como temos lamentado antes destas crises— xa non se executaban; e cun rexistro único de demandantes de vivenda que antes destas crises xa amosaba un colapso con esas máis de dezaseis mil persoas demandando unha vivenda asequible que non atopan, nunha década, solución.

Durante toda esta lexislatura —como sabe— tamén relacionamos os problemas da emancipación da mocidade galega con outro problema que é especialmente crítico na nosa comunidade e que as proxeccións do Instituto Nacional de Estatística están a dicir que non son esperanzadoras para os vindeiros anos; é dicir, relacionamos esa mocidade que non se pode emancipar, que ten unha problemática especialmente grave entre os 30 e os 34 anos —non poden emprender un proxecto de vida independente e, polo tanto, podemos entender que, ademais, afecta isto o seu benestar—, con calquera proxecto posible de ampliar a unha familia. Polo tanto, é un problema que —como vostede ten recoñecido— é amplo e sobre o que hai que actuar.

O caso é que, tendo en conta todos cal é a radiografía, cando nós pedimos que se implemente nesta lexislatura un plan específico ou estratexia galega de emancipación cunhas liñas, cuns recursos e tamén cuns obxectivos para, progresivamente, no calendario, ir rebaixando esa idade de emancipación; cando pedimos que complementen as axudas dese Bono de alugueiro

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que recoñecía vostede que quedou insuficiente ante a demanda e a necesidade que hai en Galicia; e cando pedimos que complementen, que fagan o propio; dinnos que non aproban o que pedimos porque xa teñen unha folla de ruta. A pregunta hoxe é, a poucos meses de que conclúa esta lexislatura: ¿que recursos e que teñen feito para rebaixar esa idade de emancipación?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Otero, en moitas ocasións dixémolo: o Goberno galego está preocupado pola emancipación dos máis novos, pero para iso sacamos liñas, e son liñas totalmente transversais. Fronte a titulares propios do Goberno central, propios do PSOE en vésperas dunhas eleccións, onde resulta que había moitísimas vivendas por parte da Sareb e onde ían quitar eses avais para xoves —que, por certo, copiaron do Goberno galego; nós temos 100 solicitudes, xa demos 25, e do Goberno central non sabemos absolutamente nada—, fronte a eses titulares, nós somos reais cando facemos os anuncios.

E eu teño que dicirlle: os menores de 36 anos son prioritarios na emancipación, teñen prioridade no acceso á vivenda de promoción pública. Iso si, ¡ollo!, tal e como redactaron vostedes a Lei de vivenda, resulta que eses xoves prioridade non teñen ningunha, porque quen ten prioridade son os ocupas. Menos mal que o Constitucional acaba de admitir a trámite os recursos feitos por distintas comunidades autónomas e tamén feito polo Partido Popular —no noso caso, fomos a unha bilateral—. Polo tanto, debemos empezar por aí; hai que empezar con que quitan unha Lei de vivenda que é inconstitucional e que, ao final, o que está é freando o desarrollo da vivenda, e eses xoves vano pagar.

Dito isto, teño que dicirlles que neste momento o compromiso é tan firme que estamos mobilizando un total de 45 millóns de euros. No eido da rehabilitación, os menores de 36 anos teñen prioridade para acceder ás vivendas recuperadas nos cascos históricos. E aí hai que dicir que en moitas cidades estiveron paradas —¡menos mal que agora cambiaron certos gobernos!—, por exemplo no caso de Ferrol, onde para todo o que estaba atascado xa nos están dando as licenzas pertinentes. Pero hai un dato fundamental —que o din as enquisas oficiais—, que é que no tramo de 30 a 34 anos as taxas de emancipación en Galicia son hoxe mellores que hai quince anos. E eu dígolle: no cuarto trimestre, ano 2022, a taxa é dun 70,7 por cento fronte ao 61,5 por cento do ano 2008. Ademais, o Consello da Xuventude pon de manifesto que o 70,7 por cento dos mozos destas idades están emancipados, o que supón sete puntos máis que no ano 2008. Iso non quere dicir que esteamos satisfeitos, en absoluto, pero si que estamos facendo políticas para que os nosos xoves teñan acceso a unha vivenda.

Galicia foi a comunidade na que mellor evolucionou a taxa de emancipación entre os anos 2008 e 2022. De feito, neste período a emancipación baixou en todas as comunidades autónomas, pero Galicia foi a que menor diminución rexistrou...,

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...5,1 puntos fronte aos 10 da media española.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira. Ten outro turno despois.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Réplica. Señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Señora conselleira, ¿sabe cal é a cifra verdadeiramente preocupante que non queren ver? Galicia ten cada ano que pasa menos mozos e mozas desa franxa de idade. Xa representan por primeira vez menos do vinte por cento; e isto é moi serio. Pechamos o pasado ano coa porcentaxe máis baixa dos últimos anos e, insisto, a previsión do Instituto Nacional de Estatística non é positiva.

Sen entrar no fondo da cuestión, que airee o medo ás ocupacións, cando o propio Consello Xeral do Poder Xudicial nos seus datos oficiais —ese que teñen secuestrado dende hai cinco anos, ¡tan constitucionalistas que son!— lles está a dicir que o problema en Galicia é absolutamente residual, en vez de falar do verdadeiro problema da vivenda, retrátaa a vostede nesta iniciativa, na que lle preguntamos que é o que están a facer para mellorar esta situación do acceso á vivenda dos mozos e das mozas galegas, que, mesmo tendo traballo estable, non se poden emancipar.

Sen entrar —como digo— no fondo da cuestión, que se lembren da mocidade cando falan de vivenda nos anuncios para habilitar locais comerciais como vivendas, cando poñen o foco en avalar nos bancos hipotecas máis que en promover axudas ao alugueiro, que é a opción demandada —sabe vostede— por máis do oitenta por cento dos casos, cando non priorizan sequera executar os fondos transferidos, moi tranquilizador non é. No ano 2021, dos oitocentos mil euros procedentes do Estado específicos para mozos de menos de 35 anos deixaron trescentos mil euros sen executar. E así, ano tras ano.

A hipocrisía: de criticar o Bono de alugueiro mozo por parte do Goberno do Estado, vostede pasou a anuncialo a bombo e prato e a pedir que se aumentasen os fondos e a convocatoria porque había moita necesidade e moita demanda en Galicia. ¿En que quedamos, señora conselleira? En propaganda falaz. O Plan de vivenda 2015-2022 marcaba como obxectivo oitocentas setenta novas vivendas de promoción pública; construíron corenta en seis anos e agora veñen anunciar —¡atención!— mil oitocentas vivendas novas para 2026; mil oitocentas, cando o ano pasado fixeron oito e no 2021, ningunha. Non dá nin tempo nin hai orzamento; o que hai é pouca vergoña.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señora vicepresidenta.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señora Otero, Lei de vivenda. O que tiñan que regular non o regularon: tiñan que regular os pisos turísticos, decidiron non facelo; tiñan que regular a Sareb, decidiron non facelo. O único que regularon vostedes é que un ocupa pasa por diante de calquera xove que queira unha vivenda pública. *(Aplausos.)* ¡Iso foi o que fixeron! Pero comunidades autónomas como Madrid ou como Andalucía e comunidades autónomas varias, incluídos nós, pedimos a Bilateral, e o Constitucional acaba de dicir que hai visos de que é inconstitucional. Iso por un lado.

Por outro lado, dígolles: deixen de facer dano a Galicia. Fan dano a Galicia porque recorren vostedes, dende o Goberno central —ao que alenta o grupo dende aquí, o PSdeG—, a todo tipo de actos. Neste caso, fíxense, afecta tamén vivendas en servidume, porque non queren que se regule. É máis, imaxinen vostedes un mozo que vive nunha vivenda feita en 1990, e deciden vostedes que se un funcionario, o de Costas, non viu ningunha irregularidade, agora, ao mozo que está vivindo nesa vivenda, que era do seu pai ou do seu avó, pódenlle tirar a vivenda. Iso foi o que acaban de recorrer vostedes. Acábanllo de recorrer a Galicia.

Por outro lado, quero dicirlle que na emancipación é certo que inflúen moitas outras variables; miren como está a economía, miren o que están facendo vostedes dende Madrid. Nós temos unha imaxe completa, e avanzámola a través do Observatorio da Vivenda; aí si que non hai ideoloxía, aí están os galegos e as galegas representando. E, ao final, o que facemos é avalar eses xoves que queren mercar unha vivenda. O Goberno central copia, pero resulta que despois non fai.

Por outro lado, tamén quero dicirlle que nos últimos dous anos máis de cinco mil seiscentos mozos se beneficiaron das políticas de vivenda da Xunta de Galicia; unhas medidas para as que —vólvolle repetir— destinamos corenta e cinco millóns de euros. E cando vostede di que deixamos trescentos mil euros sen executar, ¿non sabe que son bianuais?, ¿que non se empezan en xaneiro e rematan en decembro? ¡É que ata aí podiamos chegar!

Por outro lado, hai que dicir —e é fundamental— que moito lle gusta ao PSOE facer demagoxia coa vivenda; pero hai que actuar, non só se poden dar titulares. Ao final, esas vivendas marabillosas da Sareb, ¿en que se converteron? En que hai dúas en Vigo —¡tan só dúas en Vigo!— porque estaban todas esas vivendas fóra de ordenación ou simplemente xa non tiñan nin portas nin ventás, e iso non é o que quere o Goberno galego...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA E CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...para os nosos xoves.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora vicepresidenta.

Pregunta de Dª Ana Pontón Mondelo e dezaoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que prevé pór en marcha a Xunta de Galicia para garantir a actividade e o emprego na empresa Celsa Atlantic Laracha, ante o proceso de reestruturación do grupo do que forma parte

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Bos días, señora Lorenzana.

Como aínda non tiven ocasión de facelo publicamente, en primeiro lugar, quero desexarlle sorte e, sobre todo, acerto nas súas novas responsabilidades á fronte da Consellería de Industria. É certo que non van ser moitos meses nos que vai ter que desempeñar as súas funcións pola proximidade do cambio galego, pero, en todo caso, sorte e acerto.

A pregunta de hoxe é ben clara e ben concreta, é dicir: ¿que pasos vai adoptar o Goberno galego, despois da Sentenza do Xulgado do Mercantil número 2 de Barcelona sobre o proceso de reestruturación da mercantil Celsa para garantir a continuidade da actividade e o mantemento de emprego na planta de Celsa Atlantic, na Laracha? Estamos a falar —e vostede seguro que o sabe— dunha factoría siderúrxica radicada en Lendo, no concello da Laracha, pertencente a ese grupo Celsa.

Ese conglomerado empresarial, Celsa, atópase inmerso nun proceso de reestructuración derivado da débeda contraída cun grupo de acredores, entre os que se atopan fondos como pode ser o Deutsche Bank, Anchorage, Capital Group, Attesor Capital ou Kutxabank. A sentenza do mercantil de data 4 de setembro deulles a razón aos acredores no xeito de facer esa reestruturación. É dicir, unha quita e o refinanciamento da débeda, que ademais suporá que ese grupo de acredores se fagan co cen por cento do capital da empresa, co que os fondos investidores pasarán a ter o control do grupo e das unidades produtivas.

Queda pendente dilucidar tan só se o Consello de Ministros debe emitir a autorización final sobre esa reestructuración ao poder considerarse a operación unha OPA sobre a empresa de interese estratéxico. Pero, en calquera caso, o que está en xogo realmente é o mantemento da actividade produtiva e o mantemento do emprego nas fábricas do grupo e, loxicamente, tamén na planta de Celsa Atlantic, na Laracha; unha fábrica na que traballan ao redor de duascentas persoas, entre empregos directos e indirectos, cun peso específico, ademais, no volume de tráfico de mercadorías que opera no porto da Coruña, e que xoga, ademais, un papel moi importante no polo de xeración de emprego e de dinamismo económico, co que se constitúe o eixo industrial formado polos polígonos industriais de Carballo, da Laracha e de Arteixo en conexión co porto exterior.

Outros gobernos autonómicos que contan con plantas do grupo no seu territorio xa moveron ficha dun xeito claro e contundente. Atendendo á importancia da factoría e ao peso que ten desde o punto de vista do emprego a nivel da comarca e no dinamismo do porto da Coruña, é imprescindible e urxente que a Consellería de Industria, coordinada coa parte social e cos

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

concellos directamente afectados, asuma un papel protagonista claro e contundente na defensa da actividade produtiva e do emprego na planta de Celsa Atlantic, na Laracha.

Sabemos que xa houbo unha xuntanza co director xeral de Industria e tamén sabemos que pouco se concretou nesa primeira xuntanza. Polo tanto, o que queremos saber agora é que pasos concretos se van dar dende a Consellería, neste caso de Industria, para garantir o mantemento desa unidade produtiva e sobre todo dos empregos, que son tan importantes na nosa comarca.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Economía, Industria e Innovación, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Bo día. E bo día, señor Pérez.

Efectivamente, comezo o relatorio polo que vostede di. Houbo unha xuntanza inicial, e moitas cousas máis das que lle vou dar conta agora, dende que o comité de empresa, a principios de setembro, lle trasladou esta situación á Consellería. Basicamente, nesa xuntanza, que se produciu o 18 de setembro, solicítase que se fale co experto en reestruturación que ten designado o xulgado, que é Lexaudit; que nos interesásemos polo plan industrial que se presentou hai anos; e que se chame ao Ministerio para coñecer que está facendo —o Ministerio— respecto desa actuación que ten que levarse a cabo no Consello de Ministros. Todo isto fíxose xa.

Paso a dar conta —e está informado o Comité de empresa—. O 20 de setembro fíxose unha reunión con Lexaudit. Nesa reunión trasládase, en primeiro lugar, por suposto, a preocupación do comité de empresa, e trasládase —porque aínda non se fixera, e vaise facer agora— que ten que ter relación directa co comité de empresa. Ademais de que, por suposto, nós intermediemos, é necesario que en todo momento o comité de empresa teña coñecemento de como vai evolucionando ese plan imposto polo xulgado, pero é un plan, efectivamente, de refinanciamento da compañía.

Por outra banda, recoméndannos que falemos directamente co despacho de avogados que representa a maioría dos acredores. O 21 de setembro o secretario xeral de Industria mantén unha reunión igualmente co despacho de avogados. Aquí, tanto Lexaudit como o despacho de avogados, aseguran que van cumprir estritamente a sentenza, que, como sabe, fala literalmente de mantemento da actividade da totalidade dos empregos. Eu creo que é relevante que, en todo caso, o teñan claro. Así mesmo, mantivemos unha reunión coa persoa que está

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

designada para desenvolver o plan, que é o asesor financeiro dos acredores de Celsa, a cal lle traslada exactamente o mesmo á Consellería. Como lle digo, o 22 de setembro, o secretario traslada todo isto; polo tanto, o comité de empresa está totalmente informado.

Eu directamente envieilles dúas cartas aos dous ministerios, ao Ministerio de Traballo e ao Ministerio de Industria, sinalando o interese que ten a Comunidade Autónoma en que, cando se produza esa autorización por parte do Consello de Ministros, deben existir unhas cláusulas claras en canto ao desenvolvemento do plan industrial —que no seu momento trasladamos—, solicitando financiamento a través dun PERTE —que nunca chegou—, e ten que ter tamén un condicionante claro: autorización respecto do mantemento do emprego. Chamei directamente ao secretario de Estado —o secretario de Estado de Traballo, a Joaquín—, que coñece o interese por parte da Consellería para que isto se traslade ao Consello de Ministros por parte da vicepresidenta Yolanda Díaz. E falei tamén coa Secretaría de Estado de Comercio, porque hai un comité de investimentos estranxeiros —que depende da Secretaría de Estado de Comercio e que ten que autorizar a operación precisamente por existir ese investimento estranxeiro— para trasladarlle o interese da comunidade en que na operación queden moi especificadas esas condicións.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Máis aló de manifestacións, daquela, entendo que o que vostede me está dicindo é que vostede coincide en que con esta operación de reestruturación o que está en xogo é o mantemento da unidade produtiva e o mantemento do emprego en Celsa Atlantic; quero entendelo. Porque creo que os dous sabemos perfectamente cal é o *modus operandi* destes fondos investidores, e os accionistas tamén o saben, porque: (*O señor Pérez López le un documento.*) «Os accionistas de Celsa defenden que os fondos acredores do grupo buscan o espolio da empresa e apuntan que o plan de reestruturación que propoñen xera graves incertidumes que poden provocar o colapso da compañía en moi pouco prazo». Isto xa é de xullo do ano 2023.

Loxicamente, ¿que buscan, daquela, estes fondos investidores? Probablemente, e na maior parte de operacións similares a esta, un concurso e a posterior venda especulativa das unidades produtivas por separado para obter unha plusvalía maior nesa venda. Iso é o habitual, e creo que vostedes sábeno. Polo medio, peches de plantas e reestruturación dos cadros de persoal. Aquí xa chove no mollado, e iso que estamos a falar, ademais, dunha planta —hai que dicilo, que é a de Lendo— que o ano pasado obtivo uns beneficios históricos, o que demostra a súa viabilidade.

Os traballadores tamén coñecen o perigo que corren os seus postos de traballo e temen que Celsa, na Laracha, acabe como Alu Ibérica se cae «*en manos de los fondos*». Tamén aparece na prensa: «O comité de empresa da planta coruñesa descoñece se o plan industrial dos fondos contempla a posibilidade de manter os postos de traballo, como garante o presentado pola familia Rubiralta».

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vostede sabe —e acaba de dicilo— que o camiño a seguir para o mantemento do emprego e da actividade da planta de Laracha pasa, en primeiro lugar, por ese plan industrial presentado ante a Consellería de Industria e que xa hai meses foi rexistrado, optando aos PERTE; ese plan industrial para montar unha acería que permita pechar o círculo produtivo na Laracha. E, en segundo lugar —que parece que se esquece—, é buscar un socio industrial que teña a capacidade para levar a cabo ese proxecto. O Goberno vasco xa deu eses dous pasos xa hai máis de quince días e nós aínda imos por atrás. «*La consejera de Desarrollo Económico, Arantxa Tapia, ha trasladado al ministro de Industria...*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PÉREZ LÓPEZ*: ...la necesidad de garantizar la actividad del grupo*». E isto xa hai quince días.

Insisto, ¿que pasos concretos van dar para manter o emprego...?

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor López. Xa rematou o seu tempo.

Peche da pregunta, conselleira de Economía, Industria e Innovación.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Gustaríame saber cal é a diferenza entre o que lle trasladou a *consejera* vasca ao ministro de Industria e o que lle acabo de dicir, que lles trasladei ao ministro de Industria, á ministra de Traballo, ao secretario de Estado de Traballo e ao secretario de Estado de Comercio.

Vostedes saben perfectamente que hai un labor fundamental superrelevante por parte do Estado nesta cuestión, e sábeno tanto que lle teñen formulada unha pregunta ao Congreso dos Deputados precisamente preguntando: «*¿Dará el Consejo de Ministros la autorización?; ¿como garantizarán el Ministerio de Industria y el SEPE la continuidad de la actividad industrial en el centro de trabajo?; ¿asume el Gobierno el compromiso de que esta operación no suponga la reducción del número de trabajadores?; ¿asegurará el Gobierno la adopción de un proyecto para la empresa?*».

Todo esto se lo preguntarán ustedes... (*Murmurios.*) Yo estoy respondiendo aquí y, de momento, a ustedes; en el Congreso de los Diputados, nadie les ha respondido. (*Aplausos.*) Eu estou aquí hoxe respondéndolles e dicíndolles todas as actuacións que levou a cabo esta consellería ata o momento.

Mire, o único que sabemos do Goberno do Estado —creo que non do Goberno do Estado, senón do Partido Sumar— é que, na súa condición de lideresa do partido Sumar, a señora Yolanda Díaz, deu unha rolda de prensa manifestando como estaba de preocupada por estes traballadores e como apoiaba a actividade industrial. ¡Na súa condición de partido político, non como a ministra de Traballo! (*Murmurios.*) É unha das razóns polas que eu chamo secretario de Estado

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e dígolle: eu estou vendo que a vicepresidenta non está falando en condición de vicepresidenta nin membro do Goberno. Polo tanto, o que pido é que cando vaia ao Consello de Ministros este tema se apoie o emprego e se solicite formalmente por parte do Ministerio de Traballo, tanto aquí como nesa comisión que lle digo. Depende da Secretaría de Estado de Comercio.

Polo tanto, o que pido é transparencia ao Goberno do Estado; que informe as comunidades autónomas. Porque as comunidades autónomas estamos chamando todas porque en ningún momento se nos informa por parte de ningún dos dous ministerios. Por esa razón a conselleira vasca chamou. Por esa razón estou chamando eu. ¡E non sabemos nada do Estado!

Plan industrial. O que se está plantexando agora por parte do Xulgado do Mercantil é un plan de reestruturación financeira. Porque o que sucedeu precisamente é que a débeda era superior ao activo, por iso os fondos quedaron coa compañía; co cal é só o primeiro antes de empezar a traballar nun plan industrial. O Plan industrial é o da microacería, que está presentado desde hai xa máis dun ano por parte da Comunidade Autónoma e nada sabemos por parte do Estado.

Créame que imos seguir traballando. Nós si estamos traballando. Pero querería saber que é o que está facendo o Estado. En calquera caso, está convocada unha comisión o día 10 de outubro con todas as partes que lle acabo de dicir, tamén co alcalde da Laracha, onde se vai seguir traballando. E vaise seguir facendo un continuado seguimento do que está sucedendo, informando o comité de empresa, traballando con todas as partes que están agora mesmo encargadas da execución e da representación dos acredores dentro do fondo e tamén, por suposto, do Concello onde está sita agora mesmo a empresa. Pero reitero, por favor: pidan en Madrid, insistan no Congreso dos Deputados en que os dous ministerios teñen que facerse cargo desta situación.

Máis nada. Grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de dona María del Carmen Aira Díaz, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pregunta de Dª María del Carmen Aira Díaz, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os resultados das medidas de seguimento e control que está a tomar a Xunta de Galicia para lle facer fronte ao problema da avespa velutina

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor presidente.

Hai dez anos que a vespa velutina chegou a este país e comezou a depredar as abellas autóctonas, poñendo en risco a polinización para posteriormente pasar a atacar as persoas. A Xunta puxo en funcionamento mecanismos que ata o de agora non deron resultados abondos para diminuír a ameaza, xa que esta especie sufriu un incremento.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Este verán a situación agravouse. A Xunta chegou a ter miles de niños sen retirar unha vez notificados, o que demostra a incompetencia do sistema autorizado onde se implican tantos actores e subrogacións que se volve ineficiente. Causa situacións graves nas cidades cando non se cumpre cos prazos de retirada, afectando centos de familias nas zonas urbanas. Nas zonas rurais son un auténtico problema para as persoas. Vimos que hai pouco morreu un apicultor no concello de Melón, en Ourense. Pero non é o primeiro. Outras persoas foron atacadas cando limpaban as súas fincas, como un home en Trazo, que acabou hospitalizado en Compostela, e outras varias ao longo destes anos.

Cuestións como a do cambio climático —que vostedes non están a combater adecuadamente— favorecen a adaptación de especies invasoras, que proliferan polo país ás súas anchas. Acaba de entrar unha nova vespa por Valencia, a vespa Mandarina, que é moito maior e máis letal. Dígoo por avisar.

Dá a impresión de que a vespa velutina pode ser unha oportunidade ou un ensaio para estarmos preparados para a loita contra esta e futuras invasións. Porén, o Goberno da Xunta, despois de que esta vespa aparecese en 2013 no país, segue sen estar a combatela seriamente unha década despois, fiando todo á retirada de niños, cando non deixaría de ser un pequeno paliativo no caso de que funcionase. E vemos que non funciona, por falta de coordinación e de medios.

Débese defender a nosa fauna autóctona polinizadora, beneficiosa para as colleitas e motor da economía. Pero moito máis importante é preservar a vida e a saúde das persoas. E a Xunta non se está a facer cargo de ningunha das dúas cousas. Hai moito convenio cos concellos, contratación de Seaga —aínda que ten persoal en precario—, intervén o 012 nas emerxencias, nas cidades actúan os bombeiros, ás veces fai a retirada Seaga —outras veces non— e ás veces persoal do propio Concello... De modo que así estamos, coas vespas campando ás súas anchas e dende a Consellería con parálise, mentres deixan o liderado desta loita á poboación, que é a que dá o aviso ou practica o trampeo. Pero isto é de todo insuficiente. Son a Xunta e a Consellería as responsables —e neste caso a de Vicepresidencia— do control desta praga, de protexer a nosa fauna autóctona, pero moito máis de velar pola cidadanía. Por iso teñen que facer unha revisión profunda e integral, que leve a diminuír a poboación da vespa asiática dun xeito consistente e continuado. Comezando por unha loita activa e seguindo pola revisión dos mecanismos subseguintes aos avisos: modificación de protocolos e coordinación cos concellos, dotándoos de recursos humanos e materiais suficientes.

¿Que valoración fan do que levan feito? ¿Que resultados se obteñen? Entendemos que son responsables e que teñen que actuar como tales.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moi bo día, señorías.

Eu, á marxe deses datos —algún terxiversado— e outros que demostran que non se ten coñecemento, si creo que é importante vir ao Parlamento dar conta do que se está facendo nesta prevención e loita contra a velutina.

Veño falar dun traballo que se fai de maneira coordinada, señoría, coa coordinación da Xunta, que non cesou durante as vinte e catro horas do día e os sete días da semana. A dedicación é plena, os medios materiais foron moitos, cada vez maiores, e os equipos traballaron arreo. Todo iso para dar unha resposta o máis axeitada posible ao problema da vespa velutina. Sei que vostedes son amigos do «canto máis peor», e por iso relata a súa intervención desa maneira. E intentarán empregar calquera cousa, e non arrimarán o ombro. Pero nós imos ao serio.

O Programa de vixilancia e control contra a vespa velutina púxose en marcha no 2014 —como dixo vostede—, hai dez anos. Pero foi a partir do ano 2020, señoría, cando a Xunta de Galicia impulsou a coordinación conxunta, un plan para a retirada de niños en todo o territorio galego de acordo coa Fegamp. Porque isto é unha competencia que tiñamos todos e na que todos tiñamos que colaborar; a Xunta de Galicia, pero tamén os concellos. Vostede di que non funciona, que non está ben, pero os datos din o contrario: no día de hoxe hai trescentos once concellos adheridos a este plan, é dicir todos os de Galicia salvo dous. ¡Trescentos once! Non debe de funcionar tan mal cando todos os concellos queren adherirse a este plan.

¿Que pasou este ano? Pois é certo que as condicións climáticas axeitadas para a expansión deste insecto fixeron que a súa poboación se multiplicase. E, polo tanto, tamén os avisos que se fan á Xunta de Galicia, ao 012, que é o teléfono ao que hai que chamar. Fíxese, o ano pasado houbo vinte e sete mil avisos; este ano recibíronse corenta e tres mil, é dicir, un cincuenta e seis por cento máis de avisos. Dentro destes avisos hai que clasificalos, porque efectivamente hai seis mil que van aos servizos de emerxencia, que se derivan do 012 ao 112 porque teñen un especial risco; por iso se derivan ao 112. Son niños que están situados no interior de vivendas habitadas ou en lugares de concorrencia pública. Eses derívanse ao 112 e, do 112, aos parques de bombeiros que existen nos diferentes concellos. O resto de avisos, os trinta e seis mil quiñentos, foron xestionados por Seaga e teñen distintos tipos de resolución tamén eses avisos: hai dous mil, dos trinta e seis mil quiñentos, que eran duplicados, polo tanto hai dous mil que xa quedan fóra; hai dous mil quiñentos que correspondían a niños inactivos, polo tanto tampouco se actúa neses casos; e hai seis mil setecentos en que non procede a actuación. ¿Por que? Pois porque non pode visualizar onde está o niño o persoal de campo cando está alí, porque corresponde a outras especies, porque os cidadáns ás veces non son capaces de identificar se é unha velutina...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...ou é outra cousa...

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor presidente.

Señor Calvo, agradézolle que na primeira interacción que temos nesta Cámara me chame ignorante. (*Risos*.) Vexo que está satisfeito cos resultados a pesar das consecuencias que teñen. Eu voulle contar outro conto, por se lle interesa sabelo.

O Goberno galego está sendo insensible aos danos causados pola velutina e á alarma social provocada polo seu incremento masivo. Estanse dando cada vez máis ataques ás persoas e isto fai que a poboación pase momentos graves de estrés, que vexo que a vostede non lle importan demasiado, cando as súas notificacións non son atendidas por moitos días, máis dun mes. Incluso, como aconteceu na Ronda de Fingoi en Lugo, cun niño pendurado dun edificio nesa zona residencial, no propio centro da cidade de Lugo, no Círculo das Artes, ao lado dun colexio; en Vilar de Barrio con catorce niños sen retirar a un tempo e notificados; no Camiño de Santiago, ao lado de casas habitadas por persoas alérxicas... Estes son feitos que saíron na prensa toda esta tempada. Preocupación e alarma, precisamente, porque se ven en perigo de morte, eles e as súas fillas e fillos. De feito, familias enteiras acaban índose das súas vivendas pola desprotección que sofren.

Vén un outono cálido. Isto vai durar ao longo deste outono e é probable que o ano que vén prolifere máis o asunto. Deben prepararse —entendo eu—, para abordar esta situación de xeito inmediato e de cara ao futuro.

Pedimos, pois, que a consellería lidere unha loita integral contra esta especie invasora. E, no que nos ocupa hoxe, que son as retiradas de niños, pedimos que se revise e modifique o antes posible a coordinación entre tantos actores, que ao final se descoordinan e, en moitas ocasións, pasan a pelota duns a outros. Pedimos que se lles faciliten os medios, tanto materiais como humanos, para efectivizar a retira de xeito seguro. Porque non pode ser que Seaga resolva un aviso dicindo que o aviso foi pechado por ser inaccesible ou inalcanzable cos medios dispoñibles, rematando cun «grazas pola súa colaboración». Hai que sinalar que o niño, neste caso, estaba na cornixa dun edificio diante da ventá dun sexto piso.

Este verán, once mil notificacións en xullo; catorce mil en agosto. A maioría delas non se resolveron no tempo adecuado. Xustifican sobradamente que pidamos que tomen medidas urxentes e que o fagan xa.

(*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor vicepresidente.

O señor VIDEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Señoría, non a chamei, nin moito menos, ignorante. Se o interpretou así pídolle desculpas. Dixen que estaba a dicir cousas que non eran certas.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero fíxese, este ano nós retiramos un corenta por cento de niños máis. É dicir, seis mil niños máis no que vai de ano, con respecto ao ano pasado. Son datos. Probablemente a vostede isto non lle interese. Traballamos para que durante este verán a loita contra a vespa velutina non parase un só día. Somos conscientes de que as condicións climatolóxicas fixeron que aumentase, efectivamente, ese cincuenta e seis por cento. Por iso aumentamos os equipos destinados á retirada de niños. Aumentámolos tanto nos equipos como nos medios materiais.

E —fíxese— puxemos en marcha outras ferramentas. Por exemplo, a partir do ano 2021, a aplicación contra a velutina permite, entre outra cousas, a xeolocalización exacta dos niños. Iso permítenos ter moita máis información e saber que equipo foi alí e cando foi. Incluso está conectado cun servizo SMS e envíaselle unha mensaxe á persoa que fixo esa alerta. Do mesmo xeito, para seguir avanzando puxemos en marcha unha ferramenta *chatbot* para que a cidadanía poida comunicar a presenza dun niño por esta vía, como forma alternativa ao teléfono 012. Esta canle de comunicación ten forma de chat similar aos doutras aplicacións coñecidas por todos e atópase operativo as vinte e catro horas do día, os trescentos sesenta e cinco días do ano.

Pero a innovación nese investimento vai moito máis aló. Contamos con servizos novos este ano 2023, como ese axente virtual para a xestión dos servizos. Un robot de voz que se atopa á disposición da cidadanía as vinte e catro horas do día. Unha ferramenta que colabora na resolución dos casos, señoría. Realiza ata duascentas comunicacións simultáneas. Todo iso sumado á ampliación do horario do teléfono 012. Eu sinto que vostede queira buscar confrontación con este asunto; que non recoñezan que este ano se traballou máis que nunca. É certo que hai un cincuenta e seis por cento máis de avisos e hai máis velutina que nunca. Nese intento e nese traballo seguimos.

Non é verdade que non exista coordinación. Eu dicíalle como funciona o teléfono 012. En función da localización e da perigosidade —loxicamente, está todo tabulado— derívase a chamada ao servizo de Seaga ou ben derívase aos servizos de emerxencia, ao 112. Se está nunha cidade ou está nunha situación moi alta, ten que ir ao 112. Son os servizos de bombeiros, da cidade ou do consorcio, quen teñen que levar a cabo esa actuación, loxicamente. Esa é a forma de traballar do noso servizo.

Voulle dicir unha cousa. Si que houbo máis velutina que nunca. É certo, deses 36.554 avisos que vostede dicía ou que lle dixen eu, houbo este ano duascentas tres queixas. É certo. Duascentas tres queixas supoñen o 0,56 por cento do total de avisos. E nós agradecemos a todas as persoas que fixeron unha queixa, porque cando temos a queixa, sabemos que é o que temos que seguir mellorando este ano e o ano que vén.

Nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non hai máis asuntos. Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás dúas e dezasete minutos da tarde.

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-5rwRseu6E-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/